

ACTA NÚM. 21 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2016.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:35 horas** do día **15 de decembro de 2016**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste a concelleira, Dona María Milagros Castro Sánchez.

O R D E D O D Í A:

- 1. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 2. Proposta de aprobación da constitución da Comisión Técnica para o estudo da modificación da xestión do servizo da ORA e guindastre.**
- 3. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a recuperación en 2017 do bono de teatro galego e portugués e a posta en marcha do bono museos de Santiago.**
- 4. Proposición do grupo municipal Socialista, relativa á elaboración dun plan director da zona arqueolóxica de Santiago de Compostela.**
- 5. Proposición do grupo municipal do BNG, para a creación de novas instalacións de skateboard e de patinaxe, ademais do acondicionamento das existentes.**
- 6. Dar conta de decreto da alcaldía de delegación de competencias no concelleiro, D. Xan Xesús Duro Fernández.**
- 7. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.**
- 8. Solicitude do BNG de comparecencia do concelleiro Don Xan Duro Fernández.**
- 9. Rogos e preguntas.**
- 10. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.**

O Sr. Alcalde, toma a palabra e en primeiro lugar di que non figura na orde do día a aprobación de actas de sesións anteriores, por problemas de sobrecarga de traballo do departamento de secretaría.

Antes de seguir coa orde do día, o señor Alcalde di que desculpou a súa ausencia a este pleno a concelleira Dona Milagros Castro Sánchez, e que explicara o portavoz do seu grupo os motivos.

Don Francisco Reyes Santiás, quere desculpar a ausencia da súa compañeira de grupo Dona Milagros Castro Sánchez, por un problema de saúde que non lle permite asistir, e di que todos/as esperan unha pronta recuperación, e así mesmo, aclara que nos puntos nos que ía intervir a súa compañeira de grupo eles leran as intervencións que deixou preparadas.

1. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non comparece a tomar posesión do cargo de concelleiro, Don Antón Barba Pereira.

2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA PARA O ESTUDO DA MODIFICACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DA ORA E GUINDASTRE.

En relación co asunto do epígrafe, a proposta da Alcaldía de data 14 de novembro de 2016, ten o seguinte contido:

“PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN PARA INICIAR O PROCEDEMENTO DE ASUNCIÓN DIRECTA DA XESTIÓN DO SERVIZO DE ORA E GUINDASTRE A TRAVÉS DA SOCIEDADE MERCANTIL MUNICIPAL TUSSA

ANTECEDENTES

1.A Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG ditou sentenza o 24.09.2015, no recurso nº 171/2012 procedente do Xulgado desa xurisdición nº 2 de Santiago, que anula o acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello do 16.01.2012 polo que lie adxudicaba á sociedade mercantil "Setex Aparki, SA" -en diante, Setex- o contrato de xestión mediante concesión dos denominados servizos públicos de ORA e do guindastre, por incumprir a cláusula 10.7 do prego de prescricións técnicas -tocante á disposición dunhas instalacións para depósito de automóbiles cunha superficie mínima de 3.000 m2 no radio de 1 km do núcleo urbano de Santiago.

2.Á vista desa sentenza firme, a Xunta de Goberno Local, na sesión do 30.10.2015, consonte os informes da asesoría xurídica municipal, da xefa do servizo de contratación

e da intervención municipal, decidiu executala, declarar a nulidade da adxudicación do contrato, dispoñer que se realizasen as operacións tendentes á súa liquidación e -para evitar graves prexuízos aos intereses públicos- ordenar a continuidade dos efectos do contrato por un período inicial de tres meses, prazo no que a Corporación adoptaría a decisión acaída sobre a xestión dos servizos. A continuidade dos efectos do contrato prorrogouse posteriormente ata o 30 de xaneiro de 2017.

Ese acordo do 30.10.2015 expoñía que o contrato xa estaba executado con suxeición á oferta de Setex en máis dun 50%, que os estudos económicos e técnicos preparatorios da licitación foron elaborados en 2010 e 2011 e as ofertas dos licitadores en 2011 para un período concreto -de 5 anos- que estaba a piques de concluír. Tamén sinalaba que, consonte o artigo 35 da LCSP, a nulidade do contrato leva á súa liquidación coa conseguinte obrigaón para os contratantes de restituírense as cousas que recibisen en virtude del e, se isto non fose posible, coa devolución do seu valor, sen prexuízo de que a parte que fose culpable da nulidade debe indemnizarlle á outra os danos e perdas que esta sufrise. Con relación a isto, a resolución municipal considera que a Corporación é a parte prexudicada e, finalmente, entende que a liquidación do contrato esixe unha auditoría da xestión.

3.O Consello de Administración da empresa pública municipal TUSSA, na reunión do 11.01.2016, propúxolle á xunta xeral da entidade a modificación dos seus estatutos coa finalidade de ampliar o obxecto social aos servizos da ORA e guindastre, proposta que aprobou a citada xunta na sesión do 21.01.2016.

4.No mes de maio de 2016, incorporáronse ao expediente un informe que elaborou a empresa Faura-Casas sobre "Análise dos custos efectivos, da situación económico-financeira e das estimacións futuras do contrato de xestión dos servizos de ORA e guindastre", encargado por TUSSA, e outro "sobre cuestións de persoal derivadas da posible remunicipalización dos servizos de guindastre e ORA" elaborado polo director da área de persoal.

Á vista deles, a Xunta de Goberno Local, na sesión do 20.05.2016, solicitoulle a TUSSA que se pronunciase sobre a viabilidade da encomenda de xestión directa dos anteditos servizos, sen prexuízo da concreción posterior das condicións económicas e xurídicas do encargo e do que, en definitiva, resolvese o Pleno da Corporación.

En xuntanzas de traballo posteriores xurdiron dúbidas sobre outras cuestións que suscitaba a liquidación do contrato, polo que o director da Asesoría xurídica municipal elaborou outro informe o 30.08.2016 sobre a reversión das instalacións da concesión ao Concello e o seu alcance; e sobre a relevancia que a nulidade e conseguinte liquidación do contrato con Setex poida ter sobre esa reversión.

5.O director-xerente de TUSSA emitiu o seu informe sobre a viabilidade da xestión directa do servizo con data 5.09.2016, documento aprobado polo Consello de

Administración da entidade o 8.09.2016 e do que tivo coñecemento a Xunta de Goberno na sesión do 7.10.2016. E o 11.10.2016, a empresa consultora "Faura-Casas. Auditors-Consultors" remitiu o informe económico sobre a liquidación do contrato con Setex.

6.Os artigos 97 do Texto refundido de réxime local (Rdlex. 781/1986, do 18 de abril) e 309 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispoñen que o exercicio de actividades económicas por parte das entidades locais requirirá un expediente previo no que se xustifique a conveniencia e oportunidade da iniciativa pública e que para adoptar esa iniciativa será necesario: a) o acordo inicial da Corporación, trala designación dunha comisión de estudo composta por membros dela e por persoal técnico; b) a redacción por esa comisión dunha memoria referente aos aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros da actividade de que se trate e na que se determinará a forma de xestión entre as previstas pola lei, así como os casos nos que deberá cesar a actividade; c) a toma en consideración por parte do Pleno da antedita memoria e a súa exposición ao público por un período mínimo de trinta días, durante o que se poderán presentar suxestións ou alegacións; e d) a aprobación final da iniciativa polo Pleno da Corporación.

Pola súa parte, o artigo 85.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, establece que os servizos públicos locais haberán de xestionarse da forma máis sustentable e eficiente entre as que enumera, e que cando se pretenda a xestión directa a través dunha entidade pública empresarial ou dunha sociedade mercantil municipal cuxo capital sexa de titularidade pública deberá quedar acreditado.

"... mediante memoria xustificativa elaborada para o efecto que resultan máis sustentables e eficientes que as formas dispostas nas letras a) e b) -xestión pola propia entidade ou organismo autónomo-, para o que se deberán ter en conta os criterios de rendibilidade económica e recuperación do investimento. Ademais, deberá constar no expediente a memoria xustificativa do asesoramento recibido que se elevará ao Pleno para a súa aprobación onde se incluírán os informes sobre o custo do servizo, así como o apoio técnico recibido, que deberán ser publicitados. Para estes efectos, recabarase informe do interventor local quen valorará a sustentabilidade financeira das propostas plantexadas, de conformidade co previsto no artigo 4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira."

PROPOSTA:

Polo exposto, de conformidade coas normas xurídicas anteditas e eos artigo 4 e 24 da LCSP (Rdl 3/2011, do 14 de novembro), propóñolle ao Pleno da Corporación que adopte o acordo eos seguintes puntos:

1.Iniciar o procedemento de asunción directa da xestión do servizo de ORA e guindastre a través empresa pública municipal TUSSA.

2. Constituir a comisión técnica á que se refiren os artigos 97 do TRRL e 309 da LALG para que elabore a memoria prevista nesas disposicións; e nomear como componentes dela aos membros do consello de administración da empresa pública municipal TUSSA: MARTIÑO NORIEGA SÁNCHEZ, FRANCISCO JAVIER CASTIÑEIRA IZQUERDO, INMACULADA VIÑA CARREGAL, JORGE DUARTE VÁZQUEZ, XAN DURO FERNÁNDEZ, MARÍA ÁNGELES ANTÓN VILASÁNCHEZ, CLAUDIO MONTIEL CARRACEDO, GONZALO MUIÑOS SÁNCHEZ, RUBÉN CELA DÍAZ e JOSÉ RAMÓN MOSQUERA FERREIRO.

A Comisión queda facultada para recabar o asesoramento especializado que xulgue necesario coa finalidade de cumprir o encargo legal.”

Constan no expediente informes da interventora xeral do concello de data 16 de novembro do corrente ano, máis dous informes do secretario xeral do pleno de datas de 1 e 12 de decembro tamén deste ano.

A composición da Comisión técnica que figura na proposta da alcaldía, foi modificada á vista do debate suscitado na sesión da comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos.

O Sr. Alcalde, di en relación a este punto que lle vai dar a palabra ao concelleiro responsable da área para que faga defensa do mesmo.

Don Jorge Duarte Vázquez, di que hoxe traen a pleno a aprobación do inicio do procedemento de asunción directa da xestión do servizo de ORA e guindastre, e tamén a constitución da comisión técnica que elabore a memoria, que estude e xustifique aqueles aspectos de tipo social, xurídicos, técnicos ou financeiros que avalíen o procedemento.

Di que vai facer un breve repaso polos antecedentes.

A Sala do contencioso administrativo do TSXG ditou sentenza o 24 de setembro de 2015, anulando o acordo da XGL do ano 2012, polo que se lle adxudicaba a sociedade mercantil Setex Aparki, SL, o contrato da xestión mediante concesión dos servizos públicos de ORA e guindastre.

A vista desta sentenza a Xunta de Goberno na sesión do 30 de outubro de 2015, tendo en conta os informes de asesoría xurídica municipal, tamén do servizo de contratación e de intervención, decidiu executar esta sentenza, declarar a nulidade de adxudicación do contrato e dispoñer que se realizasen todas as operacións tendentes a súa liquidación.

Para evitar graves prexuízos nos intereses públicos, tamén se decidiu prorrogar os efectos do contrato, prorrogándose a continuidade deste contrato ata o 30 de xaneiro de 2017.

Este acordo do 30 de outubro de 2015, expoñía que o contrato xa estaba executado con suxeición á oferta de Setex en máis dun 50%, e que polo tanto, resolvía levar a liquidación coa conseguinte obriga para a empresa de restituíren as cousas que recibiran en virtude do contrato.

Polo tanto, habería que facer unha liquidación desa xestión, para poder declarar a nulidade.

Para asumir esta xestión dende o concello seguíronse os pasos que consideraban que aportaban maior seguridade xurídica ao proceso.

O Consello de Administración da empresa pública municipal TUSSA para abrir a porta a esta posibilidade de xestión directa, na reunión do 11 de xaneiro de 2016, propúxolle á xunta xeral de entidade, a modificación dos seus estatutos coa finalidade de ampliar o obxecto social dos servizos de ora e guindastre, e que foi aprobada na xunta do 21 de xaneiro de 2016, e polo tanto, quedaba a partir desa data esa posibilidade aberta por parte de TUSSA.

No mes de maio de 2016, incorporáronse ao expediente un informe xurídico elaborado pola empresa Faura-Casas no cal se analizaban os custos efectivos, a situación económico financeira e as estimacións futuras do contrato de xestión dos servizos de ORA e guindastre, e ademais, outro informe sobre “cuestións de persoal derivadas da posible remunicipalización dos servizos de guindastre e ORA elaborado polo director da área de persoal.

A vista destes informes, a Xunta de Goberno Local na sesión do 20 de maio de 2016, solicitoulle a TUSSA que se pronunciase sobre a viabilidade da encomenda de xestión directa dos devanditos servizos, sen prexuízo da concreción posterior das condicións económicas e xurídicas do encargo, que será resolto a través das decisións que tome o pleno.

Foi elaborado outro informe da asesoría xurídica municipal, sobre a reversión das instalacións da concesión ao concello e o seu alcance e tamén sobre a relevancia que a nulidade e conseguinte liquidación do contrato con SETEX podería ter sobre a reversión.

Á vista do informe de TUSSA sobre a viabilidade da xestión directa do servizo aprobado polo Consello de Administración, e tras a súa aprobación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local tamén o aprobou o 7 de outubro de 2016.

Con esta aprobación, decidiuse por parte do grupo de goberno, iniciar o procedemento para a xestión directa que se trae ao pleno.

Este procedemento conta cos informes do servizo de intervención e secretaría, e en función dos mesmos, e en concreto tendo en conta o artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Réxime Local e o 309 da Lei 5/97, de administración local de Galicia, que dispoñen que o exercicio de actividades económicas por parte das entidades locais, requirirá un expediente previo no que se xustifique a conveniencia e oportunidade de iniciativa pública e que para adoptar esa iniciativa será necesario:

a)Acordo inicial da corporación, tras a designación dunha comisión de estudo composta por membros da corporación e por persoal técnico.

Esta comisión fará a redacción dunha memoria referente aos aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros.

E trala toma en consideración por parte do pleno da devandita memoria e a súa exposición ao público por un período mínimo de trinta días, poderase proceder a aprobación final definitiva da iniciativa de asunción directa por parte do Pleno da Corporación do servizo de Ora e guindastre.

Segue a dicir que o acordo que hoxe traen, polo tanto, consta de dous puntos, puntos que foron consensuados e modificados ao abeiro das intervencións dos diferentes grupos políticos na comisión informativa que tivo lugar o día 12 de decembro.

O primeiro punto, será iniciar o procedemento da asunción directa da xestión do servizo de ORA e guindastre.

E o segundo punto, sería constituír a comisión técnica á que se refiren os artigos 97 do TRRL e 309 da LALG, a fin de que se elabore a memoria prevista nas citadas disposicións, e que quedará integrada polos seguintes membros:

O Alcalde- presidente do Concello de Santiago de Compostela.

O concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade.

O concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia.

Dous concelleiros designados polo grupo municipal do Partido Popular.

Un concelleiro designado polo grupo municipal do Partido Socialista.

Un concelleiro designado polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión contará coa participación e asesoramento especializado, como mínimo cos seguintes técnicos:

O xerente da empresa municipal TUSSA.

Un representante do Servizo de Persoal.

Un representante do Servizo de Contratación-Servizos Comunitarios.

Un representante do Servizo de Policía Local-Tráfico.

Un representante do Servizo de Intervención.

Un representante do Servizo de Asesoría Xurídica.

Di que ao goberno municipal lles gustaría agradecer o traballo do concelleiro, Xan Duro na primeira fase, do persoal e xerencia de TUSSA e tamén os servizos e o traballo de intervención e secretaría para poder levar adiante con todas as garantías xurídicas este proceso de asunción directa por parte do Concello.

Segue a dicir o señor Duarte que o grupo de goberno, ten moi claro que a explotación directa, ten que reverter en beneficio de todos os cidadáns deste concello. Permitíralles unha política común de xestión dos espazos públicos, permitíralles esa xestión directa ter unha adaptabilidade ás necesidades, unha maior flexibilidade en canto a tarifas, cuestións referidas aos residentes, e sobre de todo, poder aplicar políticas de integración para favorecer as políticas de mobilidade, integrando transporte urbano, aparcamentos municipais e aparcamentos en superficie.

Todo isto, di, tendo en conta que se debe de poñer este servizo a prol dos/as cidadáns do Concello de Santiago de Compostela.

Esta xestión directa permitíralles adaptar o servizo de aparcamento e ter en conta aos cidadáns da cidade, para poder ter certas tarifas bonificadas, acordos para gratuidade en períodos de tempo, asimilación ou mellora das súas tarifas para poder facilitar o aparcamento.

Cre, o grupo de goberno, que a xestión directa é a mellor das xestións posibles, a máis eficiente e a que máis estará a prol dos cidadáns, e polo tanto, tal e como dicían no seu programa electoral, hoxe con toda seguridade xurídica, iniciase este procedemento para asumir o servizo de ORA e guindastre.

Don Rubén Cela Díaz, toma a palabra en nome do grupo municipal do BNG.

Di que o educaron dicíndolle que é de ben nacido ser agradecido, e están ben sempre os agradecementos ao conxunto do persoal municipal polo traballo que realizan, pero cre

que ese capítulo, sobre de todo terá que ser cando se finalice correctamente este proceso de asunción directa por parte do concello do servizo de ORA e guindastre.

Di, que di isto, porque cre que é por onde hai que comezar, porque cre que hai algo de mal entendido a respecto, de que o que se somete a votación e a consideración deste pleno, non é remunicipalización de nada, senón que é a aprobación dunha comisión técnica, que é o inicio dun proceso de asunción directa, dun servizo que actualmente está externalizado, cre, que este é un matiz que non considera menor.

Nese sentido, con respecto ao que se vai debater e votar, e o que agardan dende o BNG, que se aprobe neste pleno, e por iso o seu grupo plantexou dúas cousas na comisión informativa previa a esta sesión.

Por unha banda, e xa facía referencia a isto o señor Duarte, entendían que a proposta que facía o grupo de goberno a respecto da comisión, e a composición desa comisión técnica, non era a máis axeitada, porque era unha composición fundamentalmente política.

Política no sentido de que na proposta inicial de dez membros desa comisión, sete membros eran nomeados en función da nosa responsabilidade política e só tres membros dende unha perspectiva técnica, nese sentido, o BNG facía unha proposta ao igual que o resto dos grupos da oposición, a respecto de poder incrementar esa presenza técnica, sobre todo, no que tiña que ver na área de persoal, polo que todo isto vai ter que ver no futuro coa plantilla da actual concesionaria e de cómo iso vai repercutir directa ou indirectamente na plantilla municipal, do departamento de contratación, ou do departamento de tráfico. Iso asumíuse, como xa comentou o señor Duarte, incorporouse e cre, polo tanto, que hoxe o que se vai someter a consideración é unha comisión técnica, con maior solvencia para o proceso que se vai comezar, que a que estaba proposta inicialmente.

A segunda consideración que facía o seu grupo, o BNG, que xa adiantaban que non ían facer cabalo de batalla da mesma, e que non ía condicionar a posición do seu voto, pero si que querían explicitala, e que volven a reiterar hoxe, e que ten que ver co primeiro ao que facía referencia o señor concelleiro en forma de antecedentes.

O BNG desliga, por suposto, totalmente o que é o proceso dunha sentenza xudicial, que ven a dicir que a actual adxudicataria non pode seguir prestando ese servizo, porque a parcela para o aparcadoiro dos coches retirados polo guindastre municipal, pois non cumple os requisitos en metros cadrados que se establecían nos pregos de contratación, esa sentenza co proceso de asunción directa do servizo.

Di isto, porque certamente, en termos políticos é indiscutible a vinculación que ten, hai un grupo de goberno que se atopa cunha sentenza e di como vai resolver o tema, e quere asumir a xestión directa, e polo tanto non toma decisións, porque a decisión que toma é a xestión directa, pero dende logo, desde o punto de vista do seu grupo son procesos independentes.

Entrando no fondo do asunto, di que el o que quixera deixar hoxe meridianamente claro son dúas cousas, a primeira que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, está absolutamente a favor da xestión directa do servizo da ORA e do guindastre.

Isto esta dito por activa e por pasiva, e tamén, o teñen reiterado en forma de voto, tanto votando a favor no Consello de Administración de TUSSA cando se plantexou a modificación dos seus estatutos, para poder facer unha ampliación do obxecto social, para que non houbese ningún problema no caso de que esa empresa asumise esta xestión.

Así mesmo, téñeno demostrado tamén no Consello de Administración de TUSSA avaliando os informes técnico-económicos, para que se puideran seguir dando pasos nesa dirección, e agardan poder seguir facéndoo no futuro.

Dende o Bloque Nacionalista Galego tamén dixeron por activa e por pasiva, que dende o seu punto de vista, tamén están de acordo que a formulación, aínda que iso non sexa o obxecto do debate hoxe, pero adiantándose a debates do futuro, que a formulación para facer esa xestión directa, parécelles correcta acertada e acaída que sexa a través da empresa municipal TUSSA.

O que eles cren, é que isto pódese facer, que se debe facer, pero cren que se debe facer ben.

Nese sentido, consideran que polo tipo de servizo, polo número de traballadores/as que están implicados/as, polas repercusións que as decisións que hoxe se tomen poidan acarrear mañá a este concello, todos os pasos que se dean, se teñen que dar coas máximas garantías xurídicas, coas máximas garantías económicas, e tamén coas máximas garantías dende unha perspectiva laboral.

El cre que, nese sentido, é importante subliñar dous aspectos que están recollidos no informe da intervención municipal, no que considera, que xa se adiantan algúns dos principais deberes que terá que ter esta comisión técnica.

O primeiro deles ten que ver con que a propia normativa fala de que no caso da asunción directa dalgún servizo externalizado, a asunción inicialmente debería recaer na propia administración, neste caso o concello, e que no caso de se faga a través dalgún

mecanismo interposto unha empresa pública ou algún outro tipo de organismo, dende logo, ten que estar plenamente xustificado en base a razóns de eficacia, eficiencia, etc.

Di que polo tanto, o primeiro que terá que facer esa comisión técnica e no caso de que se queira, eles así o entenden, que se asuma este servizo a través de TUSSA, que o mellor xeito para facelo é a través de TUSSA e non directamente do Concello.

E o segundo que plantexa, o informe de intervención, é algo que xa foi plantexado tamén no seo do propio Consello de Administración de TUSSA, e é que ten que quedar fidedignamente a viabilidade económica da asunción directa deste servizo.

O señor Cela, persoalmente, di que xa o teñen discutido en máis ocasións, non lle cabe a menor dúbida por moitas razóns que xa foron expostas, pero hai que poñelo o negro sobre o branco e a través de documentos, e nese sentido, por parte de intervención, faise referencia a cuestións que se teñen reiterado xa no tempo a nivel de documentos que certifiquen isto, dende o plan de tesourería asociado, dende o punto de equilibrio, ou o balanço provisional da sociedade durante o prazo de amortización do investimento asociado, o plan de explotación, etc.

Polo tanto, esas dúas cuestións e sumadas a unha terceira que para el é unha das grandes preocupacións, que é as repercusións dende unha perspectiva legal da asunción desa plantilla, en concreto por parte de intervención, considérase necesario xustificar xuridicamente a posibilidade de incrementar a plantilla, para asunción deste servizo nos termos expostos na Lei 48/2015 de 29 de outubro, así como a xustificación da existencia de sucesión de empresa nos termos expostos na xurisprudencia existente, a efectos da existencia da obrigatoriedade de subrogación da plantilla.

Polo tanto, di o concelleiro, que o Bloque Nacionalista Galego está a favor de que o Concello de Santiago xestione directamente o servizo de ORA e guindastre, pero cren que todos os pasos que hai que dar a partir de hoxe coa creación desta Comisión técnica, téñense que dar con absoluta garantía de que se están a dar todos os pasos en firme e correctamente, e nese sentido, cre que nos propios informes da intervención municipal e no futuro por parte da secretaría, o que se ten que facer é ben os deberes para vir a este pleno e aprobar definitivamente esa asunción directa do servizo, e dende o punto de vista do seu grupo, agardan que sexa o primeiro e non o último dos que se poidan facer ao longo deste mandato.

Intervén a continuación **Don Francisco Reyes Santiás**, en nome do grupo municipal do PSdeG-PSOE.

En primeiro lugar, di que o primeiro que hai que facer é aclarar o que se está agora a debater, e polo tanto, a votar nuns minutos, pois segundo a orde do día, o que presenta o

gobierno é a proposta de aprobación de constitución da Comisión técnica para o estudo da modificación da xestión do servizo da ORA e guindastre, e dicir, non di o mesmo que di a nota de prensa do goberno que está colgada na páxina web do Concello, que hoxe se inicia o proceso de municipalización e que hoxe se ía votar a municipalización do servizo da ORA e guindastre.

Aclara o señor Reyes, que para poder tomar unha decisión con respecto a esa mudanza da xestión, é necesario ter o estudo, a memoria que ten que elaborar a Comisión técnica, polo tanto, primeiro aprobar a Comisión técnica e por outra banda, o que hai que facer é aprobar esa memoria que é a que vai determinar cal é o servizo, ou maneira de xestionar o servizo máis eficiente e máis sostible.

Cada grupo deste pleno, pode ter a súa presunción sobre cal pode ser o resultado do estudo e da memoria, pero o certo é que hai que esperar a ter ese estudo, e esa memoria que se ten que facer como marca a lei e, por certo, lembra o informe da interventora, segundo indica o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Engade, que o grupo Socialista non vai entrar na controversia, ou na cuestión da sentenza, entre outras cousas, porque unha cousa é avaliar cal se entende que é a mellor maneira de xestionar o servizo, e outra cousa, é cando se tome unha decisión, se determinadas sentenzas o van permitir ou non.

Entenden que efectivamente este era un estudo que se tiña que facer, entre outras cousas, porque era unha promesa electoral de Compostela Aberta, que farían unha auditoría sobre todos os servizos públicos que estaban externalizados, e que farían un calendario e comunicarían a cidadanía un plan de retorno progresivo a xestión pública directa daqueles servizos públicos municipais privatizados e entregados a xestión privada, cousa que non aconteceu ata o día de hoxe, e por outra banda, tamén teñen que dicir, que houbo varias oportunidades de varios servizos públicos externalizados e que ben simplemente o que se fixo foi dar unha prórroga ás concesións ou ben se volveron a licitar esas concesións.

Cren que non se está a cumprir esa promesa electoral de Compostela Aberta.

Consideran que é necesario facer o estudo, entre outras cousas, porque existe un informe do Tribunal de Contas sobre o sector público local, concretamente, no exercicio de 2011, que no análise que fan das condicións da prestación de servizos públicos municipais, é certo que en municipios de menos vinte mil habitantes, conclúe que a xestión directa de determinados servizos analizados é máis eficiente a xestión directa que a externalización, e polo contrario, tamén di que outros servizos como alumeadado público a xestión indirecta é máis eficiente. Efectivamente, cren que hai que facer este estudo e apoian que se faga o mesmo.

Pensan, así mesmo, que se perdeu algo de tempo, porque se comezou polo final, comezouse porque TUSSA fixera un estudo, ao que eles votaron en contra, porque entendían que non cubría todo o que acaba de nomear o voceiro do BNG, para satisfacer que a empresa podería asumir a encomenda de xestión, para poder tomar a decisión dunha xestión directa, dunha municipalización, o primeiro que hai que facer é isto, eles avisaron fai meses, Compostela Aberta agora dálles a razón traendo isto a pleno, están satisfeitos de que se lles dea a razón finalmente, de que se comece polo principio, pero uns meses máis tarde.

O grupo municipal Socialista quere plantexar unha cuestión, que entenden e aí difiren co que dixo o tenente de alcalde, concelleiro de urbanismo, sobre a seguridade xurídica, pon en evidencia que a decisión que se vai tomar despois deste estudo, desta memoria, vai xerar toda unha serie de efectos e influencias nun sector e nos seus axentes económicos e iso pode levar a que estes axentes económicos, decidan presentar recursos, concretamente, sobre o procedemento que se ten seguido para chegar a toma de decisión.

Entende o seu grupo, que en aras de que se poida chegar ao final a unha municipalización é necesario blindar todo ese procedemento, e para blindar ese procedemento, eles cren que o que hai que facer é tentar de cumprir ao máximo a normativa, e eles xa amosaron as súas dúbidas a respecto da configuración e conformación da Comisión que hoxe se trae.

Eles foron tamén os que plantexaron que tiñan que incorporarse uns técnicos, neste caso, técnicos de tráfico, de persoal, de contratación e servizos, pero entendían tamén que se tiña que cumprir o que di claramente o artigo 56 do Regulamento de servizos públicos.

Nese artigo o que se di que teñen que estar non soamente os concelleiros ou técnicos da corporación, senón tamén técnicos que teñen que ser nomeados, neste caso, polos colexios oficiais, ou un avogado de estado nomeado pola xefatura provincial da avogacía do estado e dous representantes dos usuarios.

Aclara o concelleiro que na Comisión se lles dixo que todo isto non era necesario, porque non estaban diante dun proceso de municipalización, isto é importante, porque di, que hai no expediente un informe do secretario xeral do pleno, no que el di claramente que o que hoxe vai comezar é un proceso que non vai dar lugar á municipalización do servizo, que é o que ten anunciado o goberno de Compostela Aberta.

Entón vai ter que explicar Compostela Aberta a onde se vai chegar, porque segundo o secretario xeral non vai ser á municipalización do servizo.

Quere facer algunhas consideracións, non precisamente para entrar nunha controversia co secretario xeral deste pleno, porque el entende que se alguén pode demostrar, ou ten demostrado o recoñecemento da capacidade profesional do secretario xeral ten sido o Partido Socialista, que ten mesmo chegado a defender en sede xudicial presentando un recurso contencioso administrativo, defendendo e ganando para defender os dereitos profesionais de quen hoxe é o secretario xeral deste pleno. Polo tanto, non vai por aí, pero si que quere, é simplificar as dificultades coas que se atopan cando están nun ámbito como é o da interpretación normativa.

Coméntase que non é un servizo que poida chamarse municipalizado, porque se ven a prestar dende fai vinte e cinco anos, pero alguén podería dicir que existe unha sentenza do TSXG, 1724/2005, na que fala de dous supostos de municipalización, a orixinaria e a sucesiva, e estaría-se neste caso nunha situación sucesiva.

Tamén se di no informe, que é necesario que concorran, entre outras, as circunstancias do servizo que teña a natureza mercantil, industrial extractiva e se afirma que non a ten, pero se o que se fai é acudir neste caso á Sentenza do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas de 16 de outubro de 2003, vai dicir que iso vai depender de se falta competencia no mercado, de se falta ánimo de lucro como obxectivo principal ou senón hai asunción de riscos, se iso fose así, no caso de TUSA estaría-se diante dunha fuxida do control orzamentario, polo tanto, dunha privatización encuberta.

Continúa a dicir, que tamén se di que neste caso se emprega a taxa, pero nese sentido, tamén se podería acudir á sentenza do Tribunal Constitucional 185/1995, onde fala que os prezos públicos non as taxas poden ser esixidos en réxime de monopolio de feito, e ese monopolio de feito é a xestión do dominio público a cargo das administracións públicas.

Con isto, queren dicir, que se abren toda unha serie de posibilidades, para que determinados axentes económicos do sector poidan dicir se ven afectados os seus intereses e que existe causa para presentar un recurso, e polo tanto, poñer en dúbida todo o proceso de elaboración ata chegar ao momento que non se pode dicir municipalización senón xa se verá que tipo.

Tamén di, que resulta curioso que se fala de que é un monopolio o que é o servizo da ORA, pero o servizo de guindastre se di que non sería monopolio, polo tanto, que estaría aberto á actividade privada, polo tanto, non saben se isto quere dicir que o goberno de Compostela Aberta, quere deixar aberta a posibilidade de privatización do

servizo do guindastre, e polo tanto, cal do persoal que esta a traballar neste momento na concesión van pasar a TUSSA e cales non. Pensan que iso tamén é importante.

O seu grupo quere que neste caso e diante desta situación, o que é necesario é aplicar un principio mínimo de prudencia, e polo tanto, polo principio mínimo de prudencia, e polo que dixeron na comisión informativa e o volven a dicir agora no pleno, que o lóxico sería conformar esta comisión técnica en base ao artigo 56 do Regulamento de servizos públicos locais, precisamente, para evitar problemas nun futuro, porque é certo que a lei non obriga, pero non prohibe facelo, e como non prohibe facelo o que tamén habería que explicar e porque non se da entrada aos usuarios nesta comisión, ou porque non se da entrada a un avogado do estado, que o que faría é dar maior seguridade xurídica, e viría a sumar e non a restar.

En nome do grupo municipal do Partido Popular intervén a seguir, **Don Manuel Martínez Varela**, di que vai ser breve na intervención, non porque o tema non sexa importante, que para eles é moi importante, senón polo acordo que se trae a pleno, o que é o contido do acordo.

En primeiro lugar, pídese que se aprobe o inicio de procedemento de asunción directa da xestión do servizo da ORA e guindastre, pero do exame do expediente de todo o que se ten feito ata agora, e que el xa ven dicindo continuamente, atópase sempre unha falta de planificación e de previsión, pídese isto, case un ano despois de que TUSSA aprobara en xunta xeral a modificación dos seus estatutos para coller a ORA e o guindastre, e despois de catro prórrogas da concesión existente na actualidade, en outubro de 2015, en xaneiro de 2016, en xullo de 2016, e outubro de 2016.

Tendo en conta que esta última prórroga acaba en xaneiro de 2017, e que a comisión hai que nomeala agora e aínda ten que constituírse, tendo en conta as vacacións de nadal e todo o que sucede en calquera administración pública, ata mediados ou finais de xaneiro non se constituirá co cal non empezará a traballar, e haberá que acabar facendo outra prórroga, e volve a repetir, aquí moita planificación non se ve, a pesar de que se falou do tema da seguridade xurídica, isto non é seguridade xurídica, porque hai outra cousa tamén moi clara nun expediente administrativo e en ningún dos informes que existen de todo o que se levou ata o de agora, nin en TUSSA, nin no concello existe informe inicial sobre o procedemento. O informe sobre o procedemento a seguir é de decembro de 2016.

Empézanse a levar a cabo actuacións en outubro de 2015, e o informe sobre o procedemento a seguir faise en decembro de 2016, non hai ningún informe tampouco, sobre cales serían máis ou menos os prazos para ter en conta, para poder facer unha previsión no tema das prórrogas, porque para o grupo municipal Popular, non lles parece que sexa cuestión de estar prorrogando cada tres meses un contrato.

Quere lembrarllles xa unha cuestión máis xurídica, que están a prorrogar contratos en base a un artigo da lei de contratos do sector público de 2007, que di textualmente: “que cando se produce un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse no mesmo acordo a continuación dos efectos de aquel, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo”.

O concepto de urxencia, e o concepto de doce meses, el cre que non casan, e non é o que está a recoñecer a xurisprudencia, advirte o señor Martínez, que hai que ter moito coidado co que se está a facer.

Lémbbralles, así mesmo o concelleiro, que en outubro de 2015, acordaron a continuidade da empresa por un período de tres meses, prazo na que o concello deberá adoptar a decisión máis acorde coa garantía do interese ao que responde o contrato, en relación coa xestión do servizo público da ORA.

Outro aspecto que se lles pide é que aproben a creación dunha comisión de estudo, aquí hai algún tema que xa foi adiantado por parte dos outros voceiros dos grupos municipais.

Unha comisión que a propia lei configura como unha comisión que debe elaborar e ditaminar sobre aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros, é dicir, unha comisión puramente técnica, tal cal a configura tanto o Texto Refundido de Réxime Local como a Lei de Administración Local de Galicia, e como xa adiantou moi ben antes o voceiro do BNG, o grupo de goberno este luns traían unha proposta de comisión puramente política, e con todos os seus respectos para todos os que están a exercer a política, el considera, que a función dun político non é a de elaborar unha memoria técnica.

Así mesmo di, que na propia comisión informativa se puxo isto de manifesto, e non se puxo obxección ningunha a que estiveran representados técnicos na propia comisión, pero o que se está a indicar é que despois de máis dun ano sobre este tema, leva o grupo de goberno unha proposta que non estaba traballada para nada, isto cunha simple lectura do texto para darse conta.

Pregunta, como ían elaborar políticos unha memoria onde hai que analizar todos os aspectos que marca a Lei de bases de réxime local, xurídicos, técnicos e financeiros, do que supón unha asunción directa dun servizo público como é o da ORA e guindastre.

Segue a dicir o señor Martínez, que hai que ter en contra outra cousa, como manifesta o secretario no seu informe, legalmente non era preciso para nada traer isto a este pleno, o decidiron traer, perfecto.

Se TUSSA xa modificou os estatutos en xaneiro, a propia sociedade informou en setembro, e as catro prorrogas do contrato que se levan, esta comisión podía estar nomeada perfectamente e funcionando e tendo o traballo perfectamente rematado dende fai tempo, non está a falar dun mes nin de quince días, dende fai meses.

Repíte, que isto non é planificación, nin previsión, ata o de agora isto non parece un traballo serio.

Pídelles o concelleiro ao grupo de goberno, que planifique as cousas, xa non é a primeira vez que o di no pleno.

Por último, comenta que hai un tema que lle gustaría salientar, en todos os ámbitos estase a dar por feito, tanto en roldas de prensa, como nas actuacións e incluso na propia proposta que se traía o luns á comisión, o tema de que TUSSA será a que asumira o servizo de ORA e guindastre, el cre que aquí ninguén traballou este tema, porque se un le a Lei de Bases de Réxime Local ou o Texto Refundido, aquí como xa se comentou, váise crear unha comisión que a que ten que determinar o inicio do procedemento da asunción directa, é dicir, se se vai pasar dun sistema de concesión privado a unha xestión pública, nada máis, e que agora non se vai facer unha aprobación inicial.

O expediente que ven hoxe a pleno, o que hai é un informe de secretaría sobre o procedemento e un informe de intervención que di, vale que poden crear unha comisión, con independencia dos informes que se levaron no seu día a TUSSA, que hai dous que son informes totalmente privados.

Outro aspecto que a eles lles chama moito a atención, e que a lei de bases de réxime local no artigo 85 non recolle só como mecanismo de xestión pública directa o da sociedade mercantil como é TUSSA, recolle outras tres formas a maiores, e a propia lei sinala expresamente que a comisión, se sae creada deste pleno, é a que debe determinar a forma de xestión e os casos nos que debe cesar a prestación da actividade.

Entón, pregunta, qué pasa se na propia comisión se determina que o modo máis correcto de prestar este servizo non é a través da sociedade mercantil, hai algo previsto, repíte que nun primeiro momento a comisión era política e con só dous técnicos, agora xa está moito máis equiparada, porque hai máis persoal técnico, de persoal, tráfico, departamento de contratación, intervención e asesoría xurídica.

Di, que o grupo Popular, o que veñen mantendo ao longo de toda esta lexislatura é unha posición responsable, entón como agora mesmo, aquí simplemente se vai votar o que é establecer unha comisión, eles non se opoñen a que se estableza este tipo de comisión, pero hai que ver que é o que determina a comisión e cal é o traballo que se vai

desenvolver nesa comisión, para poder emitir unha opinión sobre cal será o modo de xestión.

Remata o señor Martínez a súa intervención, preguntándolle ao grupo de goberno, se ten algo previsto no caso de que a propia comisión determine que a forma de xestión é a través dunha sociedade mercantil, diga que non é posible, porque se todo isto non está previsto, aquí hai un problema bastante gordo.

Pasa a intervir en segunda quenda o concelleiro **Don Jorge Duarte Vázquez**, e di que escoitando ao discurso do señor Reyes, pode existir máis confusión da que había antes, pero el vai ler claramente, o que hoxe se trae ao pleno é iniciar o procedemento da asunción directa da xestión do servizo da ORA e guindastre.

O grupo de goberno entende, como tamén aclarou o señor Cela, que o camiño máis viable é a través da sociedade mercantil TUSSA, e polo tanto, todo o procedemento que fixo coa maior garantía e seguridade xurídica ata este momento, repite, que hai cinco informes neste procedemento para ter toda esa garantía, e ademais para ter clara a posible viabilidade do procedemento e asunción por TUSSA.

Continúa a dicir, que no mes de maio houbo un primeiro informe acerca dos análises dos custes económicos e financeiros a través dunha auditora externa, outro feito pola director da área de persoal sobre as cuestións de persoal derivadas da posible asunción directa do servizo de ora e guindastre, outro de TUSSA acerca da viabilidade da encomenda da xestión directa, e posteriormente, emitíuse un informe sobre a viabilidade por parte de TUSSA, e sobre o alcance e a relevancia que a conseguinte liquidación do contrato de SETEX podería ter sobre esta reversión por parte da asesoría xurídica.

Eses cinco informes, segue a dicir, que foron emitidos antes de que a Xunta de Goberno Local na sesión do 7 de outubro remitiu este expediente a intervención e a secretaría, e froito de todo iso, o traen hoxe aquí.

Insiste o señor concelleiro, que o fixeron con toda a garantía xurídica, que eles consideran que é o máis importante nun proceso desta complexidade.

Por outra banda, di o Sr. Duarte, que teñen moi claro que vai ter este proceso participación cidadá, por parte do goberno municipal dende fai un ano xa houbo tres reunións do pacto pola mobilidade, para falar de todos aqueles criterios que afectan á mobilidade nesta cidade, e de feito o día 20 no Auditorio de Galicia, convócase de novo, o pacto pola mobilidade para dar participación a toda a cidadanía, porque o que entenden eles que é a asunción directa dun servizo o que ten que facer é que primen os intereses da cidadanía sobre os intereses das empresas privadas, e iso é o que queren,

por iso abriron un pacto pola mobilidade dende fai un ano, para poder ter en conta todos estes criterios.

Sabendo que son eses os puntos fundamentais, ter toda a seguridade xurídica, facer ese estudo con todo coñecemento para poder asumir a xestión directa da forma que sexa máis beneficiosa, é o que ten que facer ese informe.

Entende o grupo de goberno, que debería ser a través da empresa TUSSA, que para iso se modificaron os seus estatutos para traballar con todo o que ten que ver coa mobilidade nesta cidade.

Polo tanto, continúa a dicir, que inician este proceso, con toda a tranquilidade e a seguridade de estar cumprindo co programa electoral co que se presentaron, e de devolverlle a voz e a participación na xestión dos servizos municipais á cidadanía.

Don Rubén Cela Díaz, intervéen en segunda quenda.

Quere facer un par de comentarios breves.

O primeiro é reafirmarse no que xa comentou antes, da separación dos procesos.

Comenta, que antes o portavoz do Partido Popular, facía referencia a reiteradas prórrogas dese contrato, é unha opción lexítima, o goberno municipal de Santiago optou por facer diferentes prórrogas dese contrato, mentres non soluciona este proceso de asunción directa, e di así mesmo, que non era a única posibilidade, pon por exemplo o Concello de Lugo cunha sentenza xudicial, decidiu entender que o servizo da ORA non é un servizo esencial e prescindiu del, esa é unha posibilidade, máis correcta ou menos.

O que di o señor Cela, é desligar o tema da sentenza, dun proceso que el considera que se debería de facer con independencia desta sentenza xudicial, e cre que ia na alternativa programática do grupo que sustenta o goberno e, por exemplo, no caso do seu grupo igualmente, no sentido que esta no fondo deste debate.

Segue a dicir, que o guindastre consiste nun servizo municipal que retira coches que están mal estacionados ou que provocan algún tipo de prexuízo a veciños e veciñas, por estar mal estacionados nun vado, nun paso de peóns ou enriba dunha beirarrúa, e por iso, cobran unha taxa a parte de que hai que pagar a respectiva sanción.

A pregunta que se fai con respecto a iso é, pódese prestar ese servizo en vez de a través dunha empresa privada directamente por este concello?, o señor Cela considera que si.

Pódese prestar igual ou mellor que o presta unha empresa privada?, cre que tamén.

Ten algunha vantaxe a maiores?, di que tamén, algunha xa adiantou o concelleiro, señor Duarte, pero poderíase afondar moito máis niso, sempre e cando se faga correctamente.

Di que comentaba, D. Manuel Martínez algo que non é menor, esta comisión o que ten que determinar é cómo se pode facer esa asunción directa, e o que di a lei, é que a asunción directa inicialmente debería de ir a cargo do propio concello, iso é o que di a lei, se se quere facer a través dunha empresa ou dalgún organismo interposto demostren que é mellor, entón iso será o primeiro que hai que facer.

Subliña o señor Cela, que el defende que sexa a través de TUSSA, porque senón non tería votado a favor da ampliación do obxecto social da empresa e non tería votado a favor dos informes técnicos e económicos no seu día no Consello de Administración.

Cre que é lóxico que se faga a través de TUSSA, pero aínda esta por ver, que non haxa informes económicos que demostren que non se vai comprometer a viabilidade da empresa, esta por ver, as repercusións en termos laborais que pode ter a asunción do servizo, están por ver moitas cousas, nas que el persoalmente está convencido de que si se fan as cousas ben, poderase traer a este pleno unha proposta co visto e prace dos habilitados nacionais deste concello e con todos os informes favorables para proceder a súa xestión directa.

Aclara que hoxe o que se vota é simplemente, non é pouca cousa, pero é simplemente a creación dunha comisión técnico-política, que terá que analizar estas cuestións para traer aquí unha proposta concreta ao pleno municipal.

Para rematar di, o Bloque Nacionalista Galego é favorable á xestión directa do servizo da ORA e guindastre. Cren que se pode e se debe facer, pero considera, que todo isto débese facer ben, e polo tanto, cre que esa comisión técnica ten un traballo importante por diante, e eles agardan que se demore o mínimo posible, porque como xa se adiantaba a última das catro prórrogas que se levan a facer do servizo rematan o 30 de xaneiro.

Polo tanto, cre que sería bo, non ter que volver a recorrer a unha nova prórroga cunha empresa sobre a que pesa unha sentenza xudicial, que di que non pode estar prestando ese servizo.

Don Francisco Reyes Santiás, parécelle que o único que entende que aquí se está a tratar un punto distinto é o concelleiro de mobilidade, porque volve a insistir, o punto na orde do día di: “aprobación da constitución da comisión técnica para o estudo da modificación da xestión do servizo da ORA e guindastre”, insiste que isto é o que se vai votar, porque se non é isto o que se vai votar, haberá que retirar o punto da orde do día.

Entende, que se vai votar a constitución dunha comisión técnica.

Segue a dicir o concelleiro, a xestión directa que poida ser a través de TUSSA, aclara que eles tamén votaron a favor da modificación do obxecto social da empresa, para que puidera facerse cargo é asumir potencialmente unha suposta encomenda de xestión.

Insiste, en que quen vai decidir verdadeiramente, se se pode ou non facer unha xestión directa vai ser o resultado deste estudo que é o que marca o artigo 97 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, esa é a realidade, senón é así, non vai ser posible tomar esa decisión, e continúa a dicir o señor Reyes, que como xa dixeron os outros portavoces nas súas intervencións, o artigo 85 da Lei de bases de réxime local di moi claramente que prioritariamente, a xestión dos servizos públicos haberá de xestionarse da forma máis sostible e eficiente, en primeiro lugar, marca a xestión directa a través de tráfico, a segunda a xestión por un organismo autónomo local, e a terceira por unha entidade pública e a cuarta, que é a proposta que esperan que saia do estudo o goberno de Compostela Aberta, pola sociedade mercantil local.

A lei di, sempre que quede acreditado e xustificado que resulta máis sostible e eficiente que a forma disposta, no que verdadeiramente é unha xestión directa e pública, sería a través do concello, do departamento de tráfico.

Di, que eles apostarían por un criterio de prudencia que brindará todo o proceso, iso foi o que o seu grupo dixo, porque non queren que os cidadáns estean presentes na comisión, que non estea presente a avogacía do estado, como marca a lei, porque non queren expertos independentes nomeados polos colexios profesionais, porque non queren incorporar ese nivel de participación, que ademais de técnico é experto e que vai dar máis seguridade ao desenvolvemento e ao traballo da propia comisión.

Dille ao grupo de Compostela Aberta que cando falan de que están a cumprir o seu programa electoral, el non pode evitar facerlles a pregunta, de cómo despois dun ano e medio de goberno de Compostela Aberta non fixeron polo menos o estudo para ver a posibilidade de xestión directa do centro xove, e o que fixeron foi convocar un concurso para a concesión privada, e tamén lles pregunta, por qué non se plantexaron a posibilidade de estudar a municipalización dos comedores escolares.

Segue a dicirlle ao grupo de goberno, que soamente despois de retrasos considerables traen aquí á aprobación dunha comisión, que dende logo, é o primeiro que hai que facer, porque así o marca a lei, pero eles insisten, entenden que seguen a cometer un erro non aplicar neste caso un criterio de prudencia para blindar todo o proceso, e esperan que

dentro dun tempo iso non pase factura ao propio proceso, e á posibilidade de tomar a decisión dunha xestión directa.

Don Manuel Martínez Varela, nesta última intervención soamente quere deixar clara a postura do seu grupo neste punto.

Insiste, no que xa puxo de manifesto na súa primeira intervención, que eles ven que en todo este tema, non existe unha planificación, cren que isto chega tarde, e que xa tiña que estar feito na súa maior parte, si que entenden que como dixo o concelleiro do BNG, é lexítimo prorrogar, pero volve a reiterar que hai que planificar, porque non se pode estar prorrogando cada tres meses, e outra mostra de falta de planificación é que se fixeron cinco informes, pero que foi en doce meses, cando a lei marca para un funcionario dez días para emitir un informe, entón si estes se emitiran por parte de funcionarios tardaríase como moito cincuenta días.

El, di que o seu grupo xa puxo de manifesto que tiñan dúbidas sobre o estudo e a viabilidade da xestión directa como xa dixeron nos consellos de administración de TUSSA e volve a repetir estase a falar de que TUSSA asumirá, e a propia TUSSA xa no informe que elaborou en setembro de 2016 sinala: “entendemos que xuridicamente a mellor opción é a que a reflicte o suposto no que TUSSA actuaría como órgano técnico-xurídico prestando o servizo encomendado en nome e por conta do concello”.

Volve a preguntar, que vai pasar se a comisión determina que non é posible este tipo de actuación, insiste en que é a comisión quen ten que determinalo.

O Sr. Alcalde fai uso da súa quenda e toma a palabra, porque quere clarificar determinadas cuestións, e preguntalle ao Sr. Reyes dende cando a proposta que se vota nos diferentes puntos ten que anunciarse literalmente na orde do día.

Insiste, en que a proposta é clara, punto un, iniciar o procedemento de asunción directa da xestión do servizo de ORA e guindastre.

Punto dous, constituír a comisión técnica á que se refiren os artigos 97 do TRRL e 309 da LALG, a fin de que elabore a memoria prevista nas citadas disposicións, coa composición que se establece.

Di que non entende o exercicio de querer desnaturalizar o proceso, compartan ou non compartan.

O Sr. Alcalde durante as intervencións no debate, estaba a pensar se a iniciativa privada tivera as reticencias que ten un proceso de recuperación dunha xestión directa do

público, o capitalismo tería fracasado na terra, sería inviable o capitalismo, e di que é unha pena que non tivera sido ao revés cando se privatizou.

E di que isto non só é unha decisión política, que estiveron asesorados permanentemente, hai un traballo de fondo no que a comisión que ten que levar a diante a xestión non comeza de cero, porque aquí da a impresión que empeza de cero, compartan ou non compartan, foi modificado o obxecto social de TUSSA en varios consellos de administración e se trouxo ao pleno, solicitouse a TUSSA que dera luz verde a viabilidade da prestación do servizo de ORA e guindastre, cun informe de persoal, cunha auditoría económico-financeira de Faura-Casas, emitíuse acordo do Consello de Administración de TUSSA dando luz verde cun informe a maiores xurídico sobre aspectos de liquidación e un informe sobre a viabilidade, e ven ao pleno con informe de secretaría e intervención, incorpórase a maiores, un estudo de Faura-Casas sobre a liquidación do contrato a favor do concello.

Di, que hai todo un traballo detrás, independentemente de que sexa compartido ou non sexa compartido.

Hai todo un traballo para recuperar a xestión do servizo para unha xestión directa vía TUSSA, polas cuestións coas que se traballou, porque tamén se falou da cuestión da subrogación do persoal, das características xurídicas da propia sociedade, porque se modificou o obxecto social para que prestase o servizo, e porque en moitos foros de recuperación de servizos dende o público, dise que a mellor fórmula e a máis garantista dado o marco legal que hai actualmente.

Polo tanto, esa é aposta, senón non terían feito todo isto, pero di que incluso dúbidas que poidan existir a futuro con respecto á liquidación, son favorables segundo os informes de Faura-Casas para o concello, e incluso, di que está bastante despexada a cuestión do persoal na xestión do servizo, incluso os terreos para acoller o almacén de vehículos, e tamén aclarada a cuestión das propias máquinas.

Hai detrás un ano de traballo, outra cousa é que a comisión hai que creala, que se podería ter empezado pola creación da comisión e despois facer todo este traballo, pero o traballo fíxose e utilizouse esta vía, e a comisión agora terá que ditaminar e por en marcha a prestación do servizo, e evidentemente terá que ser ratificado aquí.

Di que agradece ás intervencións e diferenza os tons, entende o ton máis técnico de D. Manuel Martínez, aínda que lle quere recordar que hoxe esta bastante desmemoriado a respecto de todo isto que ven dunha sentenza que xera unha situación e obriga a acelerar unha remunicipalización dun servizo.

Entende a posición do señor Rubén, pero sen embargo di que lle consta entender a posición do señor Reyes, porque lle da a sensación de que non teñen ningún interese en recuperar a prestación do servizo, iso é o que pensa, todos son problemas e cada vez que licitan contratos multimillonarios no concello nunca se piden tantas garantías.

E insiste, que cada un vote o considere, pero el entende que o texto está claro.

Rematado o debate, vista a proposta do Sr. Alcalde, e máis os informes que figuran no expediente, e o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos na súa sesión do día 12 de decembro de 2016, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG, (10 CA e 2 BNG), e 11 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 2 PSdeG-PSOE), acorda:

1. Iniciar o procedemento de asunción directa da xestión do servizo de ORA e guindastre.
2. Constituír a Comisión técnica á que se refiren os artigos 97 do TRRL e 309 da LALG, a fin de que elabore a memoria prevista nas citadas disposicións, e que quedará integrada polos seguintes membros:

O Alcalde- presidente do Concello de Santiago de Compostela.

O concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade.

O concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia.

Dous concelleiros designados polo grupo municipal do Partido Popular.

Un concelleiro designado polo grupo municipal do Partido Socialista.

Un concelleiro designado polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión contará coa participación e asesoramento especializado para cubrir o seu encargo legal, como mínimo cos seguintes técnicos:

O xerente da empresa municipal TUSSA.

Un representante do Servizo de Persoal.

Un representante do Servizo de Contratación-Servizos Comunitarios.

Un representante do Servizo de Policía Local-Tráfico.

Un representante do Servizo de Intervención.

Un representante do Servizo de Asesoría Xurídica.

3. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A RECUPERACIÓN EN 2017 DO BONO DE TEATRO GALEGO E PORTUGUÉS E A POSTA EN MARCHA DO BONO MUSEOS DE SANTIAGO.

O texto da proposición do epígrafe, presentada con data 2 de decembro de 2016 e núm. de rexistro 348, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dispoñer dunha axeitada planificación nas diferentes áreas debería ser un requisito indispensable para calquera Goberno, non só polo que significa de estratexia para orientar a súa acción, senón tamén como un referente claro para os diferentes sectores e o conxunto da cidadanía das previsións que en cada materia ten a Administración. Deste xeito combínase un recurso para a eficacia na xestión cun mecanismo de transparencia que achega certezas e seguridade ás persoas administradas.

O actual Goberno municipal vén dando mostras de que entre as súas prioridades non está esta forma de traballar, deixándose levar máis pola inercia e a improvisación das súas accións que implicándose de forma decidida na elaboración duns marcos que delimiten e definan as liñas de acción de cara ao futuro. Isto apréciase en diferentes áreas, pero dunha forma moi especial en materia cultural, onde as programacións estables e sostidas no tempo son unha excepción, sobre todo no tocante a aquelas froito da iniciativa do propio Goberno.

Desde o Grupo Municipal Popular somos conscientes da importancia que a planificación e as medidas de incentivo poden reportar para animar e programar a asistencia a determinadas actividades culturais, non só da veciñanza senón tamén de visitantes -de vilas e cidades próximas, pero tamén de lugares afastados- co que iso significa para o incremento do atractivo cultural e a posibilidade de contribuír a incrementar a estancia e a permanencia no noso Concello.

Por mor disto, a través desta iniciativa presentamos dúas propostas en materia cultural que van nesa dirección de planificar e incentivar actividades e posibles visitas.

Por unha parte, propoñemos a recuperación do denominado “Bono de teatro galego e portugués” posto en marcha, en colaboración coa Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC) , a inicios do ano 2014 e que se mantivo ata mediados de 2015, cando -logo da entrada do novo Goberno- non tivo continuidade esta medida.

A través deste bono teatral ofrecíase a posibilidade de asistir a cinco funcións, con desconto do 30% (aboábanse 35€ dun prezo total habitual de 50€) dentro de toda a oferta teatral programada para cada semestre no Teatro Principal, no Salón Teatro, na

Zona C de Belvís e mesmo algunha na Sala Agustín Magán de Santa Marta. No conxunto do ano 2014 houbo unhas 40 representacións (máis dun centenar de representacións), para as que se distribuíron máis de 9.000 entradas. E no primeiro semestre de 2015 programáronse outros 30 espectáculos.

As sucesivas programacións contaron coa participación de destacadas formacións da escena galega e portuguesa, e no seu último ano ofreceu, como complemento para as persoas asistentes as distintas funcións, a posibilidade de contar cun servizo de gardería para as crianzas, habilitado nas instalacións da Fundación Eugenio Granell. Unha iniciativa novidosa que coidamos que tamén debería tratar de recuperarse para favorecer as tan necesarias e desexables tarefas de conciliación.

Xunto coa recuperación deste “Bono de teatro galego e portugués”, o Grupo Popular propón o cumprimento do acordo aprobado no mes de febreiro pasado para a creación dun “Bono Museos de Santiago”, unha tarxeta única para acceder, tamén en condicións vantaxosas, ao conxunto de instalacións e centros de divulgación artística e cultural existentes na nosa cidade, sen renunciar a ampliar a súa efectividade a outras instalacións radicadas en concellos que compartan a súa pertenza á asociación “Área Santiago”, tal e como se recolle no texto da resolución aprobada.

Iniciando as xestións, o diálogo e a concertación coas distintas entidades implicadas, a partir deste mes de decembro poderían poñerse en práctica estas dúas medidas desde o inicio do ano vindeiro incorporando así dous novos alicientes culturais para dinamizar a vida cultural e tamén o potencial turístico do noso Concello. Un atractivo para a nosa veciñanza e tamén para posibles visitantes do contorno e mesmo doutras cidades e comunidades.

Tendo en conta todas estas consideracións, o Grupo Popular presenta no Pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

1. Iniciar xestións coa Axencia Galega de Iniciativas Culturais (AGADIC) da Xunta de Galicia de cara á recuperación do “Bono de teatro galego e portugués” no ano 2017.
2. Como complemento da programación teatral na que se enmarque o “Bono de teatro galego e portugués”, estudar a posibilidade de repetir a experiencia dun servizo de gardería que permita a conciliación das persoas que asistan ás distintas representacións.

3. Dar os pasos necesarios para o cumprimento do acordo plenario de febreiro de 2016 para a creación durante o ano 2017 dun “Bono Museos de Santiago”, que permita o acceso, en condicións vantaxosas, ao conxunto das instalacións e centros de divulgación artística e cultural existentes na nosa cidade, sen renunciar a ampliar a súa efectividade a outras instalacións radicadas en concellos que compartan a súa pertenza á asociación “Área Santiago”.

Toma a palabra para defender a devandita proposición en nome do grupo municipal do Partido Popular, **Dona María Antón Vilasánchez**.

Comeza dicindo, que a proposición ten como obxectivo a recuperación do bono de teatro galego.

No ano 2014 o Concello de Santiago poñía en marcha unha iniciativa para a difusión, promoción e consumo do teatro na nosa cidade.

Nacía así o bono do teatro galego e portugués, neste proxecto estaba implicada a Xunta de Galicia a través de AGADIC e polo tanto, este bono recollía a oferta xeral de teatro en Santiago.

Recordarán que este bono permitía acceder a cinco funcións a elixir do programa a un prezo moi atractivo, 35 euros que supoñía un desconto de máis de 30% sobre o prezo habitual da entrada.

O éxito do proxecto que acadou máis de 9000 entradas vendidas no ano 2014, fixo que este programa se repetise no ano 2015 co mesmo espírito e a mesma filosofía, engadindo novidades que entende a concelleira, que reforzaban a proposta.

Pon como exemplo que no ano 2015, a iniciativa dunha das compañías que participaban neste programa estableceuse un espazo céntrico de entretemento para os máis novos, mentres os seus pais estaban no teatro.

Fíxose deste xeito conciliación, porque entendían que a conciliación enténdese exclusivamente dentro do mercado laboral, pero esquecese de que para que os pais gocen do seu tempo de ocio hai que ter medidas de conciliación facilitadoras para aqueles que non teñen rede ou que non poden ou queren asumir o prezo dun coidador.

Di, que eles o seu grupo non son nostálxicos dos tempos pasados, cando denuncian que non hai unha política cultural neste concello dende xullo de 2015, o din porque ven que Santiago perdeu atractivo e tirón cultural.

Cunha simple ollada aos espectáculos de calquera tipo que tiveron lugar este ano en Compostela sustentan esta afirmación, di, así mesmo, que é curioso que o discurso vaia por unha banda e as actuacións por outra.

Pon como exemplo a inauguración de cine Europa, ou dos premios serenidade, onde o Sr. Alcalde agradeceu o traballo de todos, referíndose tamén aos responsables políticos públicos de cada corporación, por manter unha das sinais identitarias do acervo cultural desta cidade, como o festival de cine.

Imaxínense que o Partido Popular deixara de facer cine Europa, ou lle tivera cambiado de nome só porque foi algo inventado polos gobernos precedentes, pois isto acontece nesta cidade con Compostela Aberta.

O festival de músicas contemplativas, o festival “Via Stellaer”, o ciclo infantil e familiar, etc., e dilles que o grupo de goberno despreza os esforzos económicos, públicos e humanos que serviron para posicionar unha marca, non se está a falar de contidos en sentido estrito, xa o dixo noutras ocasións, senón de marcas, e Compostela Aberta tirou ao lixo dez anos do festival de músicas contemplativas, dez anos de Via Stellaer, máis sete do festival internacional de música de Galicia. Proxectos asentados e con público fiel.

Repíte a concelleira, que Compostela Aberta xa os ten afeitos a que di unha cousa ou fai outra, como o bono de museo Santiago que propuxo tamén o seu grupo no mes de febreiro pasado, como un pase conxunto para os museos da cidade e con condicións vantaxosas e co ánimo de contribuír a difusión e coñecemento da oferta museística desta cidade.

A devandita proposición que foi aprobada polo pleno, pois nada se fixo, nin sequera se intentou facer, crear e tecer redes colaborativas, como lles gusta dicir aos de Compostela Aberta, e o que permite por en marcha proxectos integrais de cidade, estas dúas propostas teñen esta base, e poderían encaixar, perfectamente, na súa liña de acción, están dentro das súas liñas vermellas.

Di, que eles non entenden a actitude de Compostela Aberta, estas dúas iniciativas entenden que redundan na oferta cultural da cidade, que posibilitan que a cidade teña un maior atractivo para aqueles que visitan a cidade e que pode servir para alargar a súa estadía, pero sobre todo, que serven para elevar a oferta a propia veciñanza de Santiago, non só por cuestión de prezo, é unha cuestión de difusión, de coñecemento, de traballo en rede, de programar conxuntamente con axentes públicos e privados que exercen nesta cidade.

Di por último, a señora concelleira, que Compostela Aberta está instalada na desidia.

Dona Goretti Sanmartín Rei, e di que o Bloque Nacionalista Galego está de acordo coa proposición, co que aparece no texto da mesma e co acordo, pensan que é unha boa iniciativa que xa se tivo no seu momento, e que agora se propón que se recupere.

Pensan que é boa, o único que consideran que se podería acrecentar, e que agora o fixo a señora concelleira María Antón, é que moitas veces se mira a política cultural fundamentalmente para as persoas de fora, e menos para as da casa, e hai unha cuestión que ela considera que se debería de incorporar como obxectivo claro, que iso non significa mudar os acordos, pero considera que se debe facer esa reflexión no pleno, é importante nunha iniciativa como esta, porque si se fai un bono para asistir varias funcións o que se fai é crear e consolidar públicos. Que a xente non vexa ir ao teatro como algo ocasional dun día, dunha ocasión, senón que se cre que esa afección necesaria, de continuidade, de coñecemento, de formación continúa.

Se lea máis ou menos está segura de que todas as persoas que aquí están pensan que en gran parte son as lecturas que fan, e que se empeza a ler cando se está vinculado a etapa educativa, ou senón cando se é maior, facer que iso suceda ao longo de todas as etapas da vida e nos públicos máis heteroxéneos, cre que debe ser un obxectivo da política cultural desta cidade, e nese sentido, unha iniciativa como esta do bono do teatro galego e portugués, pensa que é unha iniciativa importante, e importante tamén e así o valoran, tal e como aparece recollida na proposta, que se estude a posibilidade de que esa experiencia vaia xustamente ligado a un servizo de conciliación, que permita que se poida conciliar e que as persoas que teñen crianzas poidan asistir tamén a estas representacións.

E di que tamén lles parece ben, recuperar que se cumpra o acordo a respecto do bono museos de Santiago. Coinciden con esta proposta do Partido Popular, e anuncia o voto favorable do seu grupo.

Intervén a continuación o voceiro do grupo municipal Socialista, **Don Francisco Reyes Santiás**, en relación a proposta di, que o bono do teatro galego e portugués, parécelle acaído dado que en outubro deste ano, aprobouse a adhesión do Concello de Santiago a Unión das Cidades Capitais da Lingua Portuguesa, entre outras cousas, para difundir precisamente esa relación entre a lingua galega e portuguesa, polo tanto, plantexar un bono de teatro galego-portugués parécelle que iría na liña de cumprir con isto.

Eles entenden, que o Partido Popular está a facer unha achega, que é interesante, e anuncia que van votar a favor, pero di que é unha proposta puntual, pero que isto ten un problema ten raíz, pois di que el estivo mirando a xustificación do que era o plan estratéxico de turismo e cultural de 2010-2015, daquela falábase que o que se xustificaba era a carencia dun plan estratéxico cultural e de museos.

Polo tanto ese plan estratéxico e cultural non está neste momento, e eles entenden que iso debe ser o primeiro paso, exactamente cal é a política cultural que esta cidade precisa, merece, con qué obxectivos, con qué accións, con qué propostas.

Segue a dicir que a proposta que fai o Partido Popular, a verdade é que é adiantarse, porque en realidade non existe ese plan estratéxico cultural, que el considera que é o primeiro que se debe abordar.

E eles, polo tanto, esperan que Compostela Aberta aborde, porque figuraba no seu programa electoral, que aborde ese plan estratéxico cultural e consideran que é acaído incorporar esta proposta do Partido Popular.

Con respecto ao bono de museos, di que pasa exactamente o mesmo. Hai catro patoloxías no turismo desta cidade que son coñecidas por todos, a estacionalidade, unha baixa estadia media que vai baixando cada ano con respecto ao anterior, unha baixa porcentaxe de ocupación en fin de semana, polo tanto Santiago neste aspecto en turismo de fin de semana ocupa o último lugar dentro das cidades histórico monumentais, e un incremento cada vez maior da porcentaxe de visitantes sobre os turistas que pernoctan.

Entende, que o que hai que facer, é por en valor o que hai nesta cidade, para conseguir precisamente pois acadar unha solución a estas catro patoloxías, e polo tanto, dentro destas esta o plan estratéxico de museos, que eles entenden que debe referirse aos museos que dependen das diferentes administracións e máis probablemente incorporar a oferta museística privada que hai nesta cidade.

Cre o concelleiro, que ese é o punto de partida, pero como iso non se da, por iso aparecen propostas puntuais, como neste momento a do Partido Popular, a que o grupo municipal do PSdeG-PSOE se suman e votan a favor.

Intervén a continuación, **Dona Marta Lois González**, anuncia en primeiro lugar o voto do seu grupo que vai ser de abstención.

Quere xustificar o motivo da abstención, e di que o goberno de Compostela Aberta, planificou dende o inicio a apertura e a recuperación de numeroso público para as artes escénicas que o Partido Popular perdera en catro anos, entre outros motivos, pola súa pobre política de descontos e bonificacións cun baixo teito dun 25% para asistir aos espectáculos de danza e de promoción de cinco obras por 35 euros no teatro.

A área de acción de cultural en consenso coa área social, implantou dende o 1 de xaneiro deste ano un desconto do 50% no prezo das entradas, para un amplo abano de

persoas beneficiarias, desempregados, maiores de 65 anos, xubilados/as, menores de 25 anos, estudantes, perceptores de rendas sociais, familias numerosas e familias monoparentais.

Segue a dicir que entre o 1 de xaneiro e 15 de decembro de 2016, dous mil setenta e dous composteláns adquiriron a súa entrada acreditando ser beneficiarios/as desta importante política social da cultura.

Dille a concelleira, dona María Antón, que a política de acceso á cultura de Compostela Aberta é ben distinta da do Partido Popular, tamén lle di que eles gobernan pensando nas persoas que non poden pagar, ou non poden asumir o custe de entrada e queren que vaian ao teatro.

A política do bono do Partido Popular non tiña en conta a situación económica da veciñanza, e só acreditaba no seu interese por asistir a un determinado número de espectáculos.

Di, que dende a perspectiva do seu grupo, cando gobernou o Partido Popular non atendeu as diferenzas económicas dos composteláns e compostelás, e tampouco implementaron unha política social de acceso universal á cultura.

Continúa a dicir a concelleira que o grupo de goberno planifica a cultura municipal como un dereito de toda a veciñanza, ese é un dos piares da democracia cultural da que se esqueceu o Partido Popular.

A realidade é que se está a recuperar o espazo para as artes escénicas en Compostela, baseándose nunha planificación minuciosa, nunha escolla programática diversa e de calidade, que frutifica en feitos definitivos como a especialización en artes escénicas, da sala Agustín Magán que esta situada no centro sociocultural de Santa Marta, cunha convocatoria de residencias de creación e investigación xa resolta. Estase a falar de sete compañías galegas que traballarán e amosarán as súas novas producións escénicas, entre xaneiro e xullo de 2017 neste espazo escénico de titularidade municipal, que recuperaron para apoiar o traballo dos profesionais das artes escénicas da cidade.

Continúa a dicir que orientaron numerosa programación escénica nas rúas e nos centros socioculturais a través de programas como os: “doce doces de outono” e o “artellando nas festas”, proxectos culturais diferenciais, chegaron a todo o territorio do concello sen esquecer os barrios, nin as parroquias rurais.

Respecto do proceso de apoio á conciliación, estudaron tamén implantar un adianto nos horarios da programación para facilitar a asistencia de numerosos/as espectadores/as para o vindeiro mes de xaneiro.

Valorarán, así mesmo, a implantación doutros mecanismos como o servizo de ludoteca, que favorecerán, precisamente, a conciliación familiar.

Por último di, en materia de espazos museísticos traballan no eido da comunicación a través da axenda, revista turístico cultural “Compostelanea” que recolle mensualmente un directorio actualizado de todos os espazos de museos e espazos patrimoniais destacados da cidade.

Este directorio está a chegar a 10.000 veciños/as e visitantes de Compostela.

A entrada dos museos e dos espazos expositivos, nestes momentos, di, é simbólica ou en moitos casos de balde. A necesidade de orientar un traballo en rede pasa pola comunicación fluída entre as diferentes institucións que xestionan os numerosos espazos expositivos da cidade.

Remata a concelleira dicindo que un bono dende o punto de vista do seu grupo, non é unha solución a priori, cre a concelleira que é preciso establecer mecanismos de colaboración entre institucións que comparten o mesmo territorio.

O grupo de goberno comeza por facilitar a información actualizada mensualmente destes espazos museísticos, a meirande parte non son de titularidade municipal, con esa ambiciosa axenda mensual cultural e turística en papel “Compostelanea”, que non só recolle a programación municipal, xera un lugar de encontro para transmisión da acción cultural de todas as institucións e axentes culturais da cidade.

Intervén en segunda quenda, **Dona María Antón**, en primeiro lugar dálle as grazas á señora Lois e dille que descoñecía que asumira ela as competencias de acción cultural, pero dille que vai contestarlle.

Di que é evidente, que se todos os grupos municipais están a favor dun bono do teatro, o tema dos museos é un recordatorio do que xa estaba aprobado, dun bono de teatro, posiblemente non todos os grupos estarán equivocados, dille que posiblemente sexa a visión de Compostela Aberta a que esta errada.

E insiste en dicirlle que esta errada, porque dona Marta, sabe que o que dixo non é certo, porque boa parte desas medidas que vostede dixo que tomou Compostela Aberta pensando nas persoas, xa estaban dentro do que era a acción do Auditorio de Galicia.

Dille que engadiron algún colectivo máis, por exemplo as familias monoparentais, pero boa parte desas medidas e descontos xa funcionaban.

O bono do teatro museo é máis, e non vai dicir que nove mil persoas son máis que dous mil cincuenta e dúas, porque eu non mido a cantidade senón a calidade das persoas.

Entón partindo dunha concepción errónea e chea de prexuizos, dille Dona María Antón ao grupo de goberno, que loxicamente se chega á política que están a desenvolver vostedes.

E pídelle a señora Antón á señora Lois que na seguinte intervención, lles comente como chega Compostelanea a dez mil veciños/as de Santiago, cómo chega?, de que xeito chega?, fisicamente, porque ela é veciña de Santiago e nunca recibiu a Compostelanea.

Prosegue a dicir, que convén aclarar isto, porque non chega, tes que ir a buscala.

Agradece dona María Antón o apoio do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista.

Dona Goretti Sanmartín Rei, intervén en segunda quenda, e di que pensa que é unha mágoa e pídelle ao grupo de goberno que o pense, porque ela considera que son dúas cuestións distintas.

Aclara, por un lado os descontos que existen sobre o prezo das entradas, incluíndo diversos colectivos están moi pouco difundidos. Segue a dicir que ela mesma lle insiste a persoas que son menores de vinte e cinco que teñen un desconto, e observa que este público non é habitual, porque descoñece estes descontos, cre que hai que difundir moito máis eses descontos, e que hai un público de teatro que é case sempre o mesmo, excesivamente centrado en poboación escolar e en poboación moi maior, e que non existe esa diversidade, non se conseguiu aínda esa afección, excluindo algunhas obras ou espectáculos en momentos moi puntuais, pero considera que non se conseguiu aínda consolidar público.

Aclara que o tema de facer un bono, igualmente para cinco ou para dez, que para unha serie de representacións o que fai é que a xente teña que ir con certa frecuencia, e non é o mesmo que se teña o desconto para un espectáculo concreto que che interese, que a xente teña que comprar un bono e mirar a programación é decidir, iso conleva empaparse máis e a ir con certa frecuencia.

Considera, polo tanto, dona Goretti, que a idea do bono si que é positiva, e que complementa o tema dos descontos, e unha cousa non saca a outra, non cre, que sexan dúas políticas contraditorias.

Entón pensa que é unha mágoa non ir todos/as a este tema, polo que significa de consolidación e creación de públicos máis heteroxéneos.

Di, que ela é asidua do teatro, e non ve que se consolidase un público diverso, cre que é necesario traballar nesa liña e que todo o que se poida facer é bo, e pensa que isto non sería tan custoso, sempre que AGADIC con quen habería que facer esas xestións estivese disposta a esa colaboración.

Polo tanto, pediría que isto fose estudado.

Don Francisco Reyes Santiás, anuncia que vai ser moi breve, e confirma o seu voto favorable, pero entenden que neste caso o goberno de Compostela Aberta, o que ten que facer é elaborar e aprobar o máis axiña posible ese plan de turismo, que tiña que ter sido 2016-2020, agora terá que ser 2017-2021, e elaborar e aprobar ese plan estratéxico cultural e de museos que o seu grupo entende que é imprescindible para Santiago de Compostela.

Dona Marta Lois González, di que lle vai contestar á pregunta de Dona María Antón, dille que a axenda, revista cultural e de turismo de Santiago “Compostelanea” leva distribuíndose de maneira regular no conxunto dos centros socioculturais da cidade, polo que dende calquera lugar da cidade pódese acudir ao centro sociocultural máis próximo e recollela.

Así mesmo, tamén di que hai moitos espazos públicos, especialmente aqueles situados no casco histórico, que tamén reciben regularmente a revista “Compostelanea”, para que teñan acceso as persoas tanto veciños e veciñas, como visitantes nos seus momentos de lecer poidan ler e consultar a programación.

Polo, que di, hai que ter interese para coñecer as novas medidas que impulsa o goberno de Compostela Aberta nesta liña.

En relación á consideración que lle fixo a compañeira Goretti do Bloque Nacionalista Galego, dicirlle que efectivamente, non están a dicir que sexan incompatibles, pensa que si que se lle pode dar unha volta, pero tamén di que é certo, que é moi importante poñer sobre a mesa e situar que a aposta social polo acceso universal á cultura que fai o grupo de Compostela Aberta, é unha aposta que precisa ser sementada e que os retornos iniciais, sobre de todo daquelas persoas con menos recursos económicos que non teñen hábito do acceso regular á cultura se empecen a incorporar, complementando con outras medidas de difusión e comunicación deses descontos, e nesa medida avaliar a mediados deste vindeiro ano, cómo se produce esa incorporación necesaria deses novos públicos, que nestes momentos se sentiron por cuestións claramente económicas alleos a esas ofertas.

Con respecto ás consideracións sempre apocalípticas, demagóxicas do representante do Partido Socialista, señor Reyes, dicirlle que o turismo, que as políticas de turismo en Compostela, así como os seus bos resultados nos últimos tempos, considera a concelleira, que entran un pouco en colisión coas supostas patoloxías das que fala o señor Reyes.

Segue a dicir, que o turismo esta indo por bo camiño, cren que o vindeiro ano seguirán por ese bo camiño, e polo tanto, pídelles que deixe de facer unha fotografía, que simplemente delata o interese de non querer contar a verdade a respecto dos bos resultados de turismo na cidade.

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por 13 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PP, 2 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as de Compostela Aberta, acorda instar ao órgano de goberno municipal:

1. Iniciar xestións coa Axencia Galega de Iniciativas Culturais (AGADIC) da Xunta de Galicia de cara á recuperación do “Bono de teatro galego e portugués” no ano 2017.

2. Como complemento da programación teatral na que se enmarque o “Bono de teatro galego e portugués”, estudar a posibilidade de repetir a experiencia dun servizo de gardería que permita a conciliación das persoas que asistan ás distintas representacións.

3. Dar os pasos necesarios para o cumprimento do acordo plenario de febreiro de 2016 para a creación durante o ano 2017 dun “Bono Museos de Santiago”, que permita o acceso, en condicións vantaxosas, ao conxunto das instalacións e centros de divulgación artística e cultural existentes na nosa cidade, sen renunciar a ampliar a súa efectividade a outras instalacións radicadas en concellos que compartan a súa pertenza á asociación “Área Santiago”.

4. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN PLAN DIRECTOR DA ZONA ARQUEOLÓXICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O texto da proposición presentada polo grupo municipal Socialista, con rexistro de entrada do día 2 de decembro de 2016, núm. 349, ten o seguinte contido:

“No termo municipal de Compostela, en boa parte do seu territorio, particularmente nas parroquias do rural, a cultura de castros deixou como herdanza un valioso patrimonio arquitectónico e artístico que é necesario poñer en valor co obxectivo de que se

poidan admirar os numerosos xacementos que existen. Máis de 320 elementos pétreos pertencentes á cultura Celta foron catalogados no PXOM.

Un excelente exemplo do anterior é o futuro Parque Arqueolóxico do Castriño de Conxo, no que se localizan petroglifos que ocupan a totalidade dunha roca situada na parte do parapeto superior do Castriño de Conxo. Aparecen representadas espadas, puñais, escudos triangulares, alabardas... Algunhas das espadas e puñais representan armas de cobre emparentadas con modelos británicos datables na transición do terceiro ao segundo milenio antes de Cristo. As alabardas ofrecen unha cronoloxía do II milenio A.C. A investigación considera as armas como símbolo de poder e prestixio social, cun marcado carácter ideolóxico, reforzando a posición social das que as posuían.

Só unha acción sostida no tempo, cun Plan Director que abrangue o conxunto das accións e iniciativas a emprender nos máis variados campos: arqueolóxico, histórico, cultural, turístico e medioambiental, permitirá que o Parque Arqueolóxico e o Roteiro Arqueolóxico de Compostela se convertan nunha panca de desenvolvemento cultural e turístico das diferentes parroquias e de Compostela en xeral.

Así, a falta de itinerarios e elementos indicativos do existente, o deterioro duns valiosos restos sometidos aos rigores do clima, a escasa bibliografía divulgativa existente, e a escasa difusión do xacemento son razóns que avalan a necesidade de acometer un Plan Director que nos permita dispoñer dunha ferramenta imprescindible para as actuacións que puidesen levarse a cabo nas vindeiras décadas.

Á vista de todo isto, o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

1º.- Instar ás Administracións competentes a elaborar un Plan Director da zona arqueolóxica de Santiago de Compostela que contemple as liñas básicas do conxunto de actuacións susceptibles de ser postas en marcha para a conversión do castriño de Conxo nun Parque Arqueolóxico como recurso patrimonial que incida no desenvolvemento sostible da zona en que se asenta, e a posta en marcha dun roteiro arqueolóxico que cubra as diferentes zonas arqueolóxicas do termo municipal de Santiago de Compostela.

2º.- Este Plan Director deberá abordar de forma integrada as distintas partes que compoñen o conxunto arqueolóxico de Compostela e a súa vinculación coa contorna medioambiental que o rodea.

3º.- O Plan Director deberá conter, polo menos, as seguintes accións:

a.- Diagnose previa dos traballos realizados, as dotacións creadas e os resultados obtidos ata a data, nos diferentes xacementos.

b.- Definición dos obxectivos xerais do Plan.

c.- Planificación científica do xacemento. Perspectivas da investigación a medio prazo.

d.- Programa de protección, conservación, salvagarda, adecuación e mantemento dos distintos elementos estruturais que abranguen a zona arqueolóxica de Compostela.

e.- Proxecto interpretativo e acondicionamento intelixible do lugar como pedra angular para a súa rendabilización social, con atención específica aos seguintes elementos:

- Creación, sinalización e balizamento de itinerarios de visita didáctica.

- Instalación de puntos de información específica e dotación de áreas de descanso.

f.- Elaboración dun proxecto de paisaxismo xeral dos diferentes espazos engadidos no roteiro arqueolóxico.

g.- Proposta dun modelo de xestión integral do conxunto arqueolóxico e dos servizos culturais que ofrezca.

h.- Memoria valorada das actuacións que se programen.

i.- Calendario, prazos, posta en marcha e difusión do produto final.”

A esta proposición presentou emenda o grupo municipal de Compostela Aberta con data 14 de decembro de 2016, núm. 371, de modificación do primeiro parágrafo do texto resolutivo co seguinte contido:

“1º. Instar ás administracións competentes a elaborar un Plan Director de zona arqueolóxica de Santiago de Compostela que contemple as liñas básicas do conxunto de actuacións susceptibles para a posta en marcha dun parque arqueolóxico que inclúa o patrimonio arqueolóxico máis importante do Concello entre os que se atopan xacementos relevantes como o do Castriño de Conxo, os de Vilvestro, etc.”

O Sr. Alcalde, di que esta proposición do grupo municipal Socialista, ten unha emenda de Compostela Aberta, e ten que aclarar o grupo propoñente se acepta ou non.

Toma a palabra, o **Sr. Reyes Santiás**, para defender a proposición por eles presentada.

Comeza dicindo, que no termo municipal de Compostela, particularmente nas parroquias do rural, a cultura de castros deixou como herdanza un valioso patrimonio arquitectónico e artístico, que eles entenden que é necesario poñer en valor. Máis de 136 elementos pétreos pertencentes á cultura Celta están catalogados no PXOM.

Un excelente exemplo do anterior, é o futuro Parque Arqueolóxico do Castriño de Conxo, no que se localizan petróglifos que ocupan a totalidade dunha roca situada na parte do parapeto superior do Castriño de Conxo.

O grupo Socialista entende, que é precisa unha acción sostida no tempo e polo tanto, un Plan Director que abrangue o conxunto das actuacións e iniciativas a emprender nos máis variados campos: arqueolóxico, histórico, cultural, turístico e medioambiental, que permitirá que ese futuro parque arqueolóxico e o roteiro arqueolóxico de Compostela, entendido como unha rede de itinerarios arqueolóxicos, se convertan nunha panca de desenvolvemento cultural e turístico das diferentes parroquias e de Compostela en xeral.

Segue a dicir, que a falta de itinerarios e elementos indicativos do existente, o deterioro duns valiosos restos sometidos aos cambios do clima, a escasa bibliografía divulgativa existente, e a escasa difusión do xacemento, son razóns que avalan a necesidade de acometer un Plan Director que permita dispoñer dunha ferramenta imprescindible para as actuacións que puidesen levarse a cabo nas vindeiras décadas.

Os obxectivos deste plan director serían, dende o seu punto de vista son:

Conservar, recuperar e promocionar o patrimonio arqueolóxico do termo municipal de Compostela.

Aumentar a oferta cultural de Santiago.

Diversificar a oferta de actividades de lecer e turísticas.

Promocionar novas ofertas educativas e didácticas.

E potenciar o coñecemento histórico do termo municipal de Santiago, obxectivos habituais en todos os plans directores que se coñecen de arqueoloxía.

Estes cinco obxectivos, continúa dicindo, que teñen unhas liñas de actuación propias dos diferentes plans directores, que revisaron para a elaboración desta proposta, que serían a conservación e recuperación do patrimonio arqueolóxico, a conservación e recuperación do propio medio natural, a musealización dos xacementos arqueolóxicos, a creación dun centro de interpretación que xa foi solicitado, debatido e aprobado en pleno, por unha proposición do Partido Popular, a creación dun arqueodromo, a

creación dunha rede de itinerarios arqueolóxicos, a promoción turística cultural, a promoción didáctica e educativa, e a promoción dos traballos de investigación.

O grupo Socialista entende, que con respecto a conservación e recuperación do patrimonio arqueolóxico, Santiago é un espazo privilexiado, en canto á riqueza e concentración deste tipo de xacementos.

O espazo natural que engloba a rede de itinerarios arqueolóxicos, situados maioritariamente no rural de Santiago, a verdade que contan cun interesante atractivo a nivel paisaxístico.

Segue a dicir, que entende o seu grupo, que habería que desenvolver todas as actividades destinadas a conservar, recuperar, e potenciar estes espazos con cada un dos atractivos que xa citou.

A musealización dos xacementos arqueolóxicos, entenden que é unha necesidade para conseguir un bo nivel de comprensión destes xacementos, que integrarian o parque e a rede de itinerarios arqueolóxicos, conxuntamente cos traballos de limpeza, escavación e consolidación enmarcadas dentro da anterior liña de actuación, e consideran que é necesaria a adecuación dos xacementos á visita.

A creación do centro de interpretación, xa foi debatida no seu momento, e eles tamén a apoiaron.

A creación dun arcódromo entendido o mesmo como a reconstrución integral dun xacemento, o que se pretendería sería que mediante esa reconstrución se realizara un suposto viaxe no tempo.

A creación da rede, que para eles é importante, itinerarios arqueolóxicos, de maneira que a finalidade sería crear esa rede que posibilitara á visita aos diferentes xacementos máis importantes no termo municipal.

A promoción didáctico-educativa, eles entenden, que xunto coa potenciación do parque arqueolóxico como oferta turística, a promoción do parque e as súas instalacións como ferramenta educativa e pedagóxica, pode ser outro dos grandes obxectivos deste proxecto, e por todo isto, o seu grupo, somete á consideración do pleno esta proposición, que é instar ás Administracións competentes a elaborar un Plan Director da zona arqueolóxica de Santiago de Compostela, que contemple as liñas básicas para as actuacións susceptibles de ser postas en marcha para a conversión do castriño de Conxo nun Parque Arqueolóxico, como recurso patrimonial, que incida no desenvolvemento sostible da zona en que se asenta, e a posta en marcha dun roteiro arqueolóxico,

entendido como unha rede de itinerarios arqueolóxicos, que cubra as diferentes zonas arqueolóxicas do termo municipal de Santiago de Compostela.

Ese Plan Director deberá abordar de forma integrada as distintas partes, e fan unha relación do que eles entenden, que ten que ser o elemento básico de todos os plans directores.

En relación, á emenda de Compostela Aberta, di que non entende, porque na mesma desaparece esa posibilidade que eles plantexan de establecer unha rede de itinerarios arqueolóxicos, entende o concelleiro, que non soamente é a creación dun parque arqueolóxico, senón tamén aproveitar, precisamente, todos os emprazamentos arqueolóxicos que hai ao longo de todo o municipio, e moitos deles no rural, e que poderían ser aproveitados para a posta en valor de todo iso, e para incorporar eses elementos que nega a concelleira responsable de turismo, relativos á baixa estadia media, a estacionalidade, a que Santiago está na cola de todas as cidades histórico monumentais no que é a ocupación durante os fins de semana.

Insiste que non entende, porque desaparece da emenda de Compostela Aberta, esa proposta de xerar esa rede de itinerarios arqueolóxicos.

Toma a palabra don **Jorge Duarte Vázquez**, para aclarar a emenda presentada por eles á proposición do grupo Socialista.

Di o concelleiro, que esta mal redactada a emenda, que eles o que querían dicir é que non só se centrará no castriño de Conxo, porque eles están orientando todos os traballos de facer un parque arqueolóxico do Concello de Santiago, no cal o centro estará máis enfocado cara Vilvestro onde xa está proxecto un centro de interpretación do patrimonio arqueolóxico, e entendían que non debería quedar centralizado ao castriño de Conxo.

Di que hai un erro na emenda.

Don Francisco Reyes Santiás, di que agradece a explicación, pero aclara que non a van aceptar por un motivo, porque eles pensan que polo coñecemento que teñen e pola información que lles achegaron, o que é máis acaído é precisamente que ese parque arqueolóxico, sexa a zona do castriño de Conxo, e por iso van manter a proposta inicial.

Toma a palabra o portavoz do BNG, **Don Rubén Cela Díaz**, e di que no concello hai o reto colectivo de procurarlle solución á identificación, a conservación, a investigación e a difusión do legado patrimonial arqueolóxico que posúe o territorio, así como proporcionarlle a proxección cultural e social que merece, tanto en Santiago de Compostela como no resto de Galiza e do mundo.

E nese sentido, é certo que hai un valioso patrimonio por dar a coñecer en gran medida.

Para iso, cómpre estudar o noso pasado, de xeito coordinado e con procedementos como pode ser este Plan Director de Arqueoloxía que aquí se propón por parte do grupo municipal do Partido Socialista.

Para garantir a protección dos bens patrimoniais, dende o punto de vista do seu grupo cren que se debe ter en conta as vertentes legal e funcional.

Legalmente debese definir cales son as figuras xurídicas de protección óptimas para salvagardar a entidade física e os valores culturais de cada xacemento, ademais de dispor do necesario para acollerse a tales figuras.

Dende unha aproximación funcional, será esencial definir as tarefas e cautelas que son pertinentes para, en primeira instancia, recuperar a entidade física dos xacementos, e despois garantir que a súa adecuación non entre en colisión coa futura conservación e progresiva recuperación dos seus restos.

Deste xeito, favorecerase a consolidación e restauración, desenvolvendo un proxecto que facilite o seu mantemento futuro.

Isto tamén redundará na recuperación da contorna onde se atopan estes vestixios a protexer, o que permitiría favorecer o coñecemento da veciñanza, mediante un programa de divulgación específico.

Do mesmo xeito que se pode proxectar a súa difusión como recurso turístico, facilitando o acceso e visita dos mesmos, xunto coa información que sirva para explicar e dar a coñecer os xacementos arqueolóxicos.

No BNG consideran que, en colaboración con outras administracións e coa propia Universidade de Santiago de Compostela, cómpre desenvolver medidas para a recuperación, estudo e divulgación do patrimonio arqueolóxico.

Continúa dicindo, que é xeito máis de aproveitar as sinerxías de posuír unha Facultade de Historia, dotada con medios técnicos e persoais especializados, que poden colaborar na elaboración deste importante documento do Plan Director de Arqueoloxía, que logo deberá pórse en práctica para preservar e dar a coñecer o destacado legado patrimonial que posúe unha cidade como Compostela.

Por estes motivos, o BNG comparte esta iniciativa e votará a favor da mesma.

Dona María Antón Vilasánchez, dille en primeiro lugar ao señor Reyes que ten a capacidade de sorprendela en cada pleno, e que a proposición que presenta carece de rigor conceptual, que evidencia un absoluto descoñecemento da materia que trata.

Mestura elementos de diferentes épocas e culturas como se fosen unha única, fala da cultura dos castros e relaciona coa cultura celta, e así mesmo, propón revalorizar dentro dela os petróglifos que son da época do bronce, fronte aos castros que son da época do ferro.

Lémbralle a concelleira dona María Antón ao señor Reyes que el votou a favor dunha proposición do grupo popular, para o impulso do centro de interpretación de Villestro e a catalogación e promoción do patrimonio rupestre deste concello no pleno do pasado mes de setembro.

Segue a dicirlle a señora Antón ao señor Reyes, que aquela proposición do grupo Popular era máis modesta que a do grupo Socialista, e continúa dicindo que se o grupo de Compostela Aberta non é capaz de por en marcha algo pequeno, como cre que será capaz de abordar a proposición do seu grupo.

E di a concelleira que Compostela Aberta non puxo en marcha nada de nada sobre o aprobado no mes de setembro, porque de ser así, sabería o goberno e o grupo Socialista, que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural está a realizar neste intre diversas actuacións en prol do patrimonio arqueolóxico Compostelá, como a prospección intensiva dos petróglifos da comarca de Santiago, e previsiblemente unha das opcións que barallan para o ano 2017 é a limpeza e posta en valor do petróglifo do castriño de Conxo, dille ao señor Duarte que se o soubese non presentaría a emenda que presenta.

E continúa a dicir a concelleira, que aquí todo o que sexa instar a outros, ten unha acollida bárbara, xa que como o concello é incapaz, que o fagan outros, di que esa é a máxima coa que traballa Compostela Aberta.

Dilles ao Señor Reyes e aos señores do goberno de Compostela Aberta todo o que se suxire nesta proposición é de competencia municipal e resulta curioso que esta cidade que leva moito tempo solicitando unha maior autonomía na xestión do seu patrimonio, de aí as continuas cesións de competencias que ten a cidade, como no ámbito do perímetro morado, no deseño de plans especiais do Camiño de Santiago, nas delimitacións do Camiño de Santiago no termo municipal, etc., pida agora a tutela da Xunta de Galicia para redactar un plan arqueolóxico e un roteiro.

A concelleira pídelles que sexan un pouco serios.

Dille ao señor Reyes, que en todos os anos de goberno de progreso non fixeron nada do que agora piden, nada de nada, continúa a dicir, algo si, iniciaron a escavación do Castelo da Rocha, onde o goberno do Partido Popular investiu preto dun millón de euros, elaborou o Plan Especial encomendado ao Consorcio de Santiago, iniciou o expediente de expropiación e tiña en carteira a elaboración dos proxectos que converterían este espazo nun recurso turístico singular dentro do elenco patrimonial de Santiago.

Pregúntalle ao señor Reyes, se soubo algo nestes dezasete meses do Castelo da Rocha, e dille que ela tampouco.

Ao señor Duarte dille dona María Antón, que en xaneiro lle van preguntar por esta cuestión, o avisa, porque agora que ten máis tempo ao ver reducidas as súas competencias poden ir preparando a contestación.

En definitiva, dille ao Sr. Reyes, que a súa proposición non convece ao grupo municipal do Partido Popular.

Dille que pode traela dentro de tres meses reformulada, para que sexa o goberno local quen actúe na recuperación e posta en valor do patrimonio do Concello.

Don Jorge Duarte Vázquez, intervén en representación do grupo de goberno, e di que neste caso ten que estar de acordo con parte da intervención da señora Antón, porque si é certo que hai un traballo de colaboración entre a Consellería de Patrimonio e o Concello de Santiago de Compostela, para proceder por parte da Dirección Xeral de Patrimonio a catalogación dos 37 petróglifos que foron localizados por parte do colectivo A Rula, nos que se chegou dende o concello a un compromiso coa Dirección Xeral de Patrimonio para que pola súa parte se fagan os traballos de catalogación e publicación no DOGA deses petróglifos e poder chegar a un convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello, polo tanto sería un traballo conxunto, e polo que a catalogación dos petróglifos sería unha cuestión a asumir pola Dirección Xeral de Patrimonio, e a limpeza, mantemento e sinalización sería a parte a asumir por parte do Concello de Santiago de Compostela. Convenio similar ao que nestes momentos está en vigor no Concello de Teo, e que están a impulsar dende o Concello.

Entende o concelleiro e máis o seu grupo, que o valor do patrimonio arqueolóxico da cidade, non se circunscribe unicamente ao castriño de Conxo, si que posiblemente sexa un dos máis recoñecidos, cre o concelleiro que hai traballos previos que hai que ter en consideración, a creación do centro de interpretación do patrimonio de Vilvestro, para eles é prioritario e é a súa intención é centralizar dentro dese centro ese plan visibilización, difusión do patrimonio arqueolóxico do Concello de Santiago de Compostela.

Polo tanto, segue a dicir, que están a favor do plan director, cren que é o propio plan director o que ten que fixar cales son as pautas, e non que na proposta xa se diga os puntos que vai conter.

Entón o señor Duarte considera que é mellor facer primeiro plan e logo ver a onde os leva, o máis acaído é que o plan director centralice no val de Vilvestro, porque o seu valor patrimonial con xacementos de distintas épocas, quizás sexa o que máis recoñecemento ten das pegadas do home sobre o territorio nese val, e esa é a intención do goberno municipal, de feito parte desas ideas estaban na estratexia EDUSI cuxo financiamento foi aprobado pola Comisión Europea.

Por parte do goberno municipal hai unha aposta moi clara en recuperación dese patrimonio arqueolóxico que ao longo dos últimos anos tivo un certo abandono, cren que é moi importante como recurso educativo, de difusión cultural para os propios cidadáns e tamén como ese turismo alternativo que entenden que é necesario tanto para a desestacionalización como sobre todo para a descentralización e por en valor o territorio municipal, camiños, regatos e patrimonio natural.

Entón aclara o concelleiro, que eles a súa intención era votar a favor con esa emenda, porque non se pode xa dar por supostas cales van ser as solucións, absteranse porque o grupo de goberno non comparte, que o plan director teña que ser exclusivamente do castriño de Conxo, senón que consideran que se debe ter un plan director de todos os xacementos arqueolóxicos existentes neste concello.

Don Francisco Reyes Santiás, en primeiro lugar quere agradecer ao Bloque Nacionalista Galego o seu apoio a súa proposición.

Dicir, que efectivamente cando fala de toda a protección xurídica, todo ese tema nos plans directores que eles tiveron oportunidade de revisar incluían tamén esa busca, e quere confirmar que a Universidade de Santiago non só lle correspondería desenvolver o documento, senón tamén, participar nos traballos e dirixir os traballos de recuperación, de conservación, de estudo e posta en valor do mesmo.

Quere dicir o Sr. Reyes, que con respecto aos plantexamentos dona María Antón, e contéstalle dicindo que el estaba e que se lembra que votou a favor, e tamén se acorda que dixeron que presentarían unha proposta que falase precisamente da creación dun parque arqueolóxico e dunha rede de itinerarios arqueolóxicos dun roteiro, porque lles parecía que era interesante pero limitada a proposta do Partido Popular.

Con respecto ás diferentes administracións, di o concelleiro, que non soamente están pensando en quen vai participar na elaboración do documento, senón que tamén están

pensando no financiamento, e esperan que interveñan no mesmo a Xunta de Galicia, probablemente o Estado, e mesmo proxectos ou programas da Unión Europea, e di, que por iso falan de instar ás diferentes administracións.

Dille a señora Antón que dende que se ten sentado no Parlamento de Galicia parece que ten mudado a súa maneira pensar, e comeza a tentar de soltar toda unha serie de competencias, e do que entende cargas para Xunta de Galicia.

Por iso dille o señor Reyes á señora Antón que a pesares de que estea sentada no sillón do Parlamento de Galicia, pois sega a defender os intereses do concello.

E tamén lle di o concelleiro á señora Antón, a incompatibilidade de que existe unha rede de itinerarios arqueolóxicos que conxuntamente aos elementos pétreos tamén poñan en valor, conserve e preserve, os xacementos que hai da cultura calcolítica, da cultura do bronce e da cultura do ferro que existe no Concello de Santiago de Compostela, como ten feito na súa intervención o concelleiro de urbanismo.

Ten que dicirlle ao señor Duarte, que a súa segunda intervención ten convencido ao grupo Socialista dos motivos e o argumento de que a metodoloxía, de que sexa a propia conclusión despois da elaboración do plan director, e que determine cales teñen que ser eses parques arqueolóxicos que se desenvolvan e como se vai estruturar esa rede de itinerarios arqueolóxicos.

Entón asumimos e aceptamos a emenda porque lles ten convencido o argumento.

Faille o Sr. Reyes para rematar un comentario a señora María Antón sobre algo que el dicía ao principio, efectivamente, eles o grupo Socialista votou a favor da creación dese centro de interpretación, e tamén lle di, que tanto el mesmo como o señor Gonzalo Muíños estiveron no último ano e medio de goberno do Partido Popular na que a señora Antón dixo sentada nesas bancadas como concelleira deste concello, pero curiosamente naquel entón como concelleira non electa.

Dona María Antón Vilasánchez, toma a palabra e dille ao señor Reyes, que ela dende o seu sillón do Parlamento de Galicia defenderá os intereses desta cidade, como tamén os defendía o señor Bugallo, por certo.

Sobre o que dicía o señor Duarte do que debe conter un plan director ou non, está na lei de patrimonio, e é o que é.

Dille ao señor Reyes, que estaría máis a favor da súa proposición, se dixera que instaba ao goberno local a facer un plan arqueolóxico, e que redactará o goberno local, e que buscase as fórmulas de financiamento, os colaboradores necesarios para iso, pero non

instar a outras administracións a facelos. E dille, que xa o propio señor Duarte comentou que estaba dentro da estratexia EDUSI, entón aclara, que a ela lle parece que hai unha mala redacción de principio a fin da proposición.

Don Jorge Duarte Vázquez, quere agradecer que se tome en consideración desa emenda, e di, que o grupo de goberno cre que o Plan director debe ser o que marque cales deben ser os entornos, nos que centralizar ese parque arqueolóxico, e polo tanto están a favor de facer ese plan director, e tamén, que nese plan director se inste á colaboración con outras administracións, tal e como se está a facer na actualidade en Vilvestro, para a recuperación deses petróglifos.

Xa que logo, unha vez incorporada a emenda do grupo municipal de Compostela Aberta, o Pleno da Corporación, por 14 votosa favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 2 PSdeG-PSOE e 2 BNG), 9 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1º. Instar ás administracións competentes a elaborar un Plan Director de zona arqueolóxica de Santiago de Compostela que contemple as liñas básicas do conxunto de actuacións susceptibles para a posta en marcha dun parque arqueolóxico que inclúa o patrimonio arqueolóxico máis importante do Concello entre os que se atopan xacementos relevantes como o do Castriño de Conxo, os de Vilvestro, etc.

2º.- Este Plan Director deberá abordar de forma integrada as distintas partes que compoñen o conxunto arqueolóxico de Compostela e a súa vinculación coa contorna medioambiental que o rodea.

3º.- O Plan Director deberá conter, polo menos, as seguintes accións:

a.- Diagnose previa dos traballos realizados, as dotacións creadas e os resultados obtidos ata a data, nos diferentes xacementos.

b.- Definición dos obxectivos xerais do Plan.

c.- Planificación científica do xacemento. Perspectivas da investigación a medio prazo.

d.- Programa de protección, conservación, salvagarda, adecuación e mantemento dos distintos elementos estruturais que abranguen a zona arqueolóxica de Compostela.

e.- Proxecto interpretativo e acondicionamento intelixible do lugar como pedra angular para a súa rendabilización social, con atención específica aos seguintes elementos:

- Creación, sinalización e balizamento de itinerarios de visita didáctica.
- Instalación de puntos de información específica e dotación de áreas de descanso.
- f.- Elaboración dun proxecto de paisaxismo xeral dos diferentes espazos engadidos no roteiro arqueolóxico.
- g.- Proposta dun modelo de xestión integral do conxunto arqueolóxico e dos servizos culturais que ofrezca.
- h.- Memoria valorada das actuacións que se programen.
- i.- Calendario, prazos, posta en marcha e difusión do produto final.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA A CREACIÓN DE NOVAS INSTALACIÓNS DE SKATEBOARD E DE PATINAXE, ADEMAIS DO ACONDICIONAMENTO DAS EXISTENTES.

Con data de rexistro do día 2 de decembro de 2016, núm. 352, o texto presentado en relación ao asunto do epígrafe, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á creación de novas instalacións de skateboard e de patinaxe, ademais do acondicionamento das existentes, para fomentar a práctica deste deporte en colaboración coa Asociación Santiaguesa de Skaters.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Santiago de Compostela existen dúas instalacións de skateboard, unha no Restollal, do ano 2003, e outra na praza da Constitución, de 2007, que son insuficientes, perigosas, obsoletas nos materiais de construción e presentan deficiencias considerábeis. As ramplas son de plástico, fixéronse elementos con cemento puído que provoca máis danos nas caídas, teñen insuficiente iluminación e sofren o desgaste do paso do tempo e da chuvia. Ademais, segundo as queixas das persoas usuarias é un espazo moi reducido que non permite interactuar máis de 6 ou 7 persoas a un tempo, cando se xuntan máis de 20 para a práctica deste deporte.

Por outra banda, existe un problema de convivencia, porque historicamente facían skateboard na parte superior da praza que está mellor acondicionada, onde crearon un parque infantil e, ás veces, algunha xente patina alí cando as pistas de abaixo están saturadas.

Cunhas boas instalacións, Santiago de Compostela podería ser sede de probas e campionatos que atraen moitos visitantes, así como ter a posibilidade de crear unha escola deportiva.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela incluírá nos Orzamentos de 2017 a creación de novas instalacións para a práctica de skateboard e patinaxe, así como o acondicionamento das existentes na praza da Constitución e no Restollal.”

Sr. Alcalde di que se pasaría agora a proposición do grupo municipal do BNG e dálle a palabra ao Sr. Rubén.

Don Rubén Cela Díaz, di que antes de nada quere darlle a benvida aos membros da Asociación Santiaguesa de Skaters que están presentes aquí, e tamén lles agradece a paciencia para chegar a este punto.

Di o Sr. Cela que dentro das múltiples deficiencias que existen en materia de instalacións deportivas en Santiago, pois está tamén a de non contar cunhas instalacións minimamente aceptables para a práctica de skateboard na cidade.

En concreto en Santiago existen dúas instalacións, unha no Restollal dende o ano 2003, que non ten absolutamente ningún uso, e outra na praza da Constitución, Trás o Parlamento que data do ano 2007.

Esas dúas instalacións e nomeadamente a segunda son insuficientes, son perigosas e están obsoletas, e teñen unhas deficiencias moi considerables.

No caso concreto da existente na Praza da Constitución que é a única que se emprega na actualidade, o BNG entende que é un espazo moi reducido, que ten unha deficiencia evidente en canto a iluminación, chan de cemento puído en vez de granito puído ou outro tipo de material que provoca maiores danos ás persoas que alí practican este deporte ante as caída, e o material empregado nas ramplas non é o axeitado e ademais está moi deteriorado.

A maiores existe un problema de convivencia que non é novo, que ven de vello, e é que a policía local non en poucas ocasións ten que ir por alí a chamar a atención a unhas persoas que non están a cometer ningún delito senón que están a practicar un deporte e un estilo concreto de vida.

Despois de reunións do grupo do BNG con representantes da asociación, que aglutina a medio cento de skaters da cidade, decidiuse traer a este pleno esta proposición e tamén incluír a construción dunhas novas instalacións ou como mínimo o adecentamento das actuais como unha das propostas a incluír no orzamento para o ano 2017.

Cre o BNG que non é lóxico que na capital de Galiza, non haxa unhas instalacións minimamente decentes para a práctica deste deporte, e hai que ter en conta que as persoas desta asociación en inverno, están a pagar do seu peto o aluguer dun pavillón en Cacheiras para poder practicar este deporte.

Deporte, por certo, en breve vai ser olímpico, un deporte que a parte da práctica dos veciños e veciñas de Santiago pois podería supor unha atracción a nivel de campionatos e turismo e onde cren que existen diferentes posibilidades para novos emprazamentos.

Sinala o concelleiro como posibles emprazamentos, a propia praza da Constitución, no entorno do barrio de Santa Marta e incluso no barrio das Cancelas, do que xa se falou nalguna ocasión.

Cre o concelleiro que existen cidades que son moi referenciais no Estado Español neste tipo de instalacións, unha delas é Vitoria Gasteiz que ten actualmente catro skaters de grande calidade. Eles xa non piden que Santiago se poña a altura de Vitoria, pero si que é certo que o último que se fixo en Logroño ou en Badalona e incluso en Galiza, no Grove, en Ponteareas e na Coruña son unha referencia clara da insuficiencia que teñen actualmente ás instalacións en Santiago de Compostela.

Remata dicindo o concelleiro, Don Rubén Cela, que o BNG o que pide é que o goberno municipal tome cartas no asunto e que no exercicio de 2017 se poida iniciar a construción dunha instalación acaída, que non é especialmente custosa, que pode estar entre os 60.000-100.000 euros unha instalación aceptable. E quedaría a mesma para uso e disfrute da xente que o práctica actualmente e que permitiría algo, que actualmente non se pode facer, que incluso se poidan facer cursos de formación para iniciar ás persoas máis novas na práctica do mesmo, cousa que agora non se pode facer por non dispoñer dunhas instalacións mínimas.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, toma a palabra en representación do grupo municipal do Partido Socialista, agradécelle aos membros da asociación a asistencia a esta sesión e a paciencia.

Comeza dicindo que lle sorprende gratamente que neste caso o compañeiro Rubén Cela pois estea a falar tanto de infraestruturas deportivas, sobre de todo ultimamente.

Di que eles van votar favorablemente o que son as novas instalacións de infraestruturas deportivas.

Continúa a dicir que dende o ano 2011 nesta cidade non se puxo ningunha infraestrutura en marcha, única e exclusivamente, o céspede que se puxo no campo de fútbol de Conxo.

Di, que el descoñece e manifesta a súa ignorancia no deporte urbano, pero que vai ser recoñecido para as próximas olimpíadas como deporte olímpico, e esta a acadar grande cantidade de expectación.

Dille a Rubén que falou de diversas cidades pero que se esqueceu falar do Marisquiño en Vigo, estase a falar de que existen 130.000 persoas a ver as exhibicións que se fan.

Reitera o voto favorable do seu grupo, parécelle importante saber e resaltar a ubicación, e tamén se se fai e se constrúe unha instalación modélica

Entón parécelle importante que se se decide a súa construción, por parte da concelleira de deportes que se adquira o compromiso de que eses campionatos galegos e españois, etc., que se poidan facer na nosa cidade.

Dona Teresa Gutiérrez López, empeza dicindo que a existencia de espazos para a práctica desta actividade deportiva cultural parécelles absolutamente necesaria nesta cidade.

Ademais de favorecer a convivencia dos xoves entorno a algo que non sexa un ocio de compras, de uso abusivo de tecnoloxías ou de consumo de alcohol, pode converterse nun referente de cultura urbana e xuvenil, incluso como atractivo turístico merece pena, e di que ela tivo ocasión de ir varias veces a estes eventos e ver o que se monta entorno ao Marisquiño de Vigo.

O que Santiago se merece non é a colocación duns elementos nun espazo reducido, senón a execución dunhas instalacións para a práctica deste deporte e que en Galicia hai varios exemplos executados nos Rosales na Coruña, en Cee, Ponteareas, etc.

Espazos que permiten patinar e combinar con usos doutras prácticas deportivas.

Segundo o seu grupo estes espazos non deberían ser marxinal na cidade senón central, referencial, e nada disto cumpren as instalacións existentes nin no Paxonal nin na praza da Constitución, ademais de ter un deficiente mantemento.

Di, que durante a etapa de goberno do seu grupo, ela persoalmente reuniuse con algúns dos skaters que practican este deporte na praza de Constitución, e neses momentos o seu grupo tiña sobre a mesa a execución do parque das Cancelas, eles viron o proxecto e consideraron que non estaba ben plantexado e a raíz desas conversas, documentáronse e viron o que se estaba a facer noutras partes, e decidiu o seu grupo remodelar o proxecto.

Proxecto que quedou no informe de traspaso de poderes e non saben nada máis do que pasou con ese proxecto.

Independentemente desa actuación o seu grupo cre que debe revisarse a situación da Praza da Constitución, de feito xa o plantexaron en marzo deste ano, plantearon unha proposición que foi aprobada por unanimidade e na que se falaba tamén deste problema.

Esta praza dende que se construíu foi utilizada para patinar, os skaters o reivindican, e ela persoalmente pode confirmalo, porque os seus fillos empezaron alí. Tamén é utilizada para xogar ao fútbol.

No ano 2006, o goberno municipal naquel entón, preocupado polos parques infantís instalou na praza un parque infantil, e dende ese momento xerouse o conflito entre os pais dos nenos pequenos e o resto das actividades. Pais e avós que ven como unha ameaza a estes xoves ou aos que xogan ao fútbol para os máis pequenos, sen darse de conta que en menos de nada as súas pequenas criaturas, van a ser adolescentes e xoves.

Sinala, que nese conflito os que perderon foron os skaters, foron expulsados a un espazo desprazado, pequeno, e nun lugar non apropiado para patinar, e a partir de aí, identificacións da policía, xa a ela se lle queixaban disto, colocación de elementos que impedían a patinaxe, discusións, etc.

O seu grupo considera que este espazo é o suficientemente amplo para atender a todas as necesidades, e o que necesita é dunha remodelación, e así o plantearon na moción que presentaron en marzo. Na exposición de motivos falaban ter en conta todos os déficits, espazo para patinar, mellorar os accesos ao aparcamento, mellorar o acceso ao rexistro de propiedade, por un espazo para que os usuarios da gardería poidan acumular as sillas, o cal é conciliar a vida familiar e laboral, porque poden deixar as súas sillas e irse a traballar e non ter que volver a casa a deixar as sillas, redimensionar o espazo dos biosaúdaes, accesibilidade, mantemento, etc.

Finalmente o acordo que se adoptou, facer un tratamento integral, co cal entendo que debería estar, pero do cumprimento deste acordo non se sabe nada, nin sequera se se está a elaborar un proxecto.

Eles, por todo o exposto, di a concelleira que están de acordo, con que se reparen as instalacións do Paxonal, con que se execute unha área nova sexa en Cancelas, Castiñeiriño, ou onde haxa máis masa crítica, pero sobre todo, están de acordo en que se remodele todo o espazo de Trás Parlamento, entre Ramón Piñeiro e a Avda. de Lugo, para que se atendan todas as demandas e se poida crear unha instalación para este fin, e que este lugar sexa un espazo de convivencia, e non de clasificación de persoas por idades, porque o que agora existe é un sitio para os maiores separado dun sitio para os nenos e separado dun sitio para os skaters.

Para rematar di, que eles consideran que ese espazo debe ser remodelado, para que sexa un espazo único no que se poidan levar a cabo todas as actividades e sexa un lugar de convivencia.

Don Xan Duro Fernández, empeza saudando a todos/as os/as presentes, e dille a dona Teresa Gutiérrez, que oportunidade perdida para unha inauguración.

Dille aos restantes grupos que teñen toda a razón, e pensa que non houbo a suficiente reflexión e coñecemento sobre a realidade do mundo do skaters cando se deseñou o espazo, os materiais e os elementos que alí hai, non só o desgaste dos materiais, entende que o chan non é o mellor para a rodaduras dos propios skaters.

O deseño da praza da Constitución non é o máis acaído.

Di o concelleiro que coinciden todos e así de feito llo fixeron saber á asociación cando se reuniron con el mesmo, que isto non chega con parchear como se fixo ata o de agora, hai que afrontar unha remodelación global desa praza que está moi deteriorada e fundamentalmente en catro ou cinco liñas:

Primeira, movendo o parque infantil que é a fonte de conflito, di que entende e comparte que os espazos son para compartir franxas de idade, pero tamén é certo, que un parque infantil e skaters que poden saír disparados no momento dunha caída non é espazo para convivir hai que separalos.

O obxectivo é que ao longo de 2017 e trasladar a papel un proxecto que está máis ou menos esquematizado, no que se traslada o parque infantil á zona na que está actualmente a zona de skaters, ampliando elementos e incluso se estuda a posibilidade de instalar unha pequena pista deportiva alí; tamén inclúe reordenar o espazo de paseo canino que agora mesmo está a carón da pista skaters, para convertelo nun espazo de bancos e mesas para as familias e trasladar a outra zona desa praza o espazo para paseo canino; substituír todos os elementos de mobiliario deteriorado que son bastantes; crear ese parque skaters na parte superior da praza, onde agora mesmo está o parque infantil, que polos propios elementos do chan é o máis acaído para a situación, e ademais facelo

e xa estiveron en contacto cun profesor da escola de cantería de Porriño que xa fixo parques de skaters no Grove e Ponteareas, para facelo e deseñalo con elementos de granito.

Segue a dicir o señor Duro, todo iso será desenvolto segundo proxecto concreto, medido, planificado e presupostado no 2017, para que se poida facer en función das prioridades orzamentarias ao longo de 2017 e como moito tardar no 2018.

Remata dicindo que como están de acordo, votarán a favor.

Don Rubén Cela Díaz, toma a palabra e quere agradecer a todos os grupos o apoio, porque considera que esta é unha iniciativa que máis ala das diferenzas que haxa aquí entre os diferentes grupos, cre que é unha demanda xusta, necesaria e que no caso de que se faga e se faga ben, é positivo, e se se pode facer por unanimidade mellor que mellor.

Dille o Sr. Cela a Don Gonzalo Muíños do Partido Socialista, que hai preocupacións que poden ser comúns, as piscinas de Sar é unha, e que el é máis de Sta. Isabel, pero como pode comprobarse e máis cotizante que practicante, pero cotiza e supostamente vai a Sta. Isabel, en calquera caso dille que procurara algún día ir á piscina de Sar, sobre de todo cando estea a nova instalación.

Con respecto ao tema do proxecto, por parte dos mozos e mozas que forman parte da asociación, el considera que facían un plantexamento moi sensato, en ningún momento dicían si ou si ten que ser unha instalación nova, si ou si ten que ser unha instalación moi custosa, e incluso no último caso dicían, que con que lles deixarán patinar na parte de arriba pois lles valía, porque está feito dun material, mármore puído, que cando caen non se mancaban tanto.

Cre que a posición dos membros da asociación é absolutamente razoable, e el considera que o que plantexa o Sr. Duro pode ser unha das posibilidades, mover ese parque infantil, mover o espazo para o paseo de cans, e buscar esa ubicación.

En canto a esa cantería era un dos exemplos que poñían os da asociación, e o concelleiro pediría que para non cometer erros como os que se puideron ter cometido no pasado, que se faga o que se faga, que se intente consensuar o máximo posible cos usuarios e cos que realmente saben como teñen que ser unhas instalacións deste tipo.

Considera o señor Cela que é moi positivo, e cre que a colaboración a futuro ten que ser maior, eles poden cumprir un papel importante na formación, e tamén cre que poden cumprir un papel importante na captación dalgún tipo de proba estatal e incluso

internacional que sitúe a Santiago de Compostela no mapa de skaters a nivel internacional.

Por último agradece o apoio recibido, e agarda que este acordo se poida materializar o antes posible.

Don Gonzalo Muños Sánchez, di que vai facer unha intervención moi breve, para sinalar que a partir de agora están a pensar seriamente que as propostas en materia deportiva facelas a través de Rubén, porque as do Partido Popular segundo as intervencións e propostas son máis técnicas, as deles do seu grupo apocalípticas, e as do BNG son ás máis comprensibles e as conciliadoras, entón di que están a pensar seriamente que as de materia deportiva facelas a través do BNG.

Dona Teresa Gutiérrez López, quere dicir, que na súa vida foi a unha inauguración e que non se dedica a iso, e que non ten ningún interese.

Si lle tería gustado que as cousas que deixaron encamiñadas, e que quedaron por escrito, se tiveran levado a cabo, pero en calquera caso, alégrase que neste ano e medio, sexa a única iniciativa de deporte, que da a impresión que desapareceu nesta cidade, que saía adiante.

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acordaincluír nos orzamentos de 2017 a creación de novas instalacións para a práctica de skateboard e patinaxe, así como o acondicionamento das existentes na praza da Constitución e no Restollal.

6. DAR CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NO CONCELLEIRO, D. XAN XESÚS DURO FERNÁNDEZ.

Dáse conta do Decreto da Alcaldía, de data 2 de decembro do corrente ano, que ten o seguinte contido:

“Tendo en conta as competencias sinaladas no artigo 124.4.b) da Lei 7/19185, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Resolvo:

Primeiro.- Deixar sen efecto as competencias delegadas no seu momento por decreto desta alcaldía de 16 de xuño de 2015(BOP de 30 de xuño de 2015), no concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, Jorge Carlos Duarte Vázquez, relativas ao exercicio da potestade sancionadora, e concesión de licenzas que puideran corresponder a esta alcaldía.

Segundo.- Delegar no concelleiro de Medio Ambiente e Convivencia, Xan Xesús Duro Fernández, as competencias en exercicio da potestade sancionadora, así como a concesión de licenzas que estean atribuídas a esta alcaldía e que ata o momento, viña exercendo o concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, Jorge Carlos Duarte Vázquez.

Terceiro.- A delegación de competencias comprenderá as facultades de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

Esta resolución entrará en vigor no día de hoxe.”

7. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta de resolucións da Alcaldía e das concellaría delegadas no período que vai dende o 26 de outubro ao 21 de novembro de 2016 (núms. 6805 ao 7610).

Así mesmo, dáse conta das seguintes actas da Xunta de Goberno Local:

Acta sesión extraordinaria urxente do día 31 de outubro de 2016 (Núm. 73).
Acta sesión ordinaria do día 4 de novembro de 2016 (Núm. 74).
Acta sesión ordinaria do día 11 de novembro de 2016 (Núm. 75).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 14 de novembro de 2016 (Núm. 76).
Acta sesión ordinaria do día 18 de novembro de 2016 (Núm. 77).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 21 de novembro de 2016 (Núm. 78).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 24 de novembro de 2016 (Núm. 79).
Acta sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2016 (Núm. 80).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 29 de novembro de 2016 (Núm. 81).
Acta sesión extraordinaria urxente do día 30 de novembro de 2016 (Núm. 82).

8. SOLICITUDE DO BNG DE COMPARECENCIA DO CONCELEIRO DON XAN DURO FERNÁNDEZ.

Vista a solicitude presentada polo grupo municipal do BNG con data 2 de decembro de 2016, de comparecencia do concelleiro Don Xan Duro Fernández.

O Pleno da Corporación acepta a devandita comparecencia para a vindeira sesión plenaria ordinaria.

Antes de entrar no punto de rogos e preguntas faise un receso de dez minutos.

Dona Branca Novo Rey, auséntase do Salón de Plenos e xa non se reincorpora ao resto da sesión.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGO E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

ROGO:

1.- Rexistro de entrada do día 23 de novembro de 2016, núm. 345.

PREGUNTAS (Resposta escrito):

- 1.- Rexistro de entrada do día 23 de novembro de 2016, núm. 346.
- 2.- Rexistro de entrada do día 5 de decembro de 2016, núm. 353.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 5 de decembro de 2016, núm. 354.
- 2.- Rexistro de entrada do día 5 de decembro de 2016, núm. 355.
- 3.- Rexistro de entrada do día 5 de decembro de 2016, núm. 356.

PREGUNTAS (Resposta oral):

- 1.- Rexistro de entrada do día 5 de decembro de 2016, núm. 357.
- 2.- Rexistro de entrada do día 5 de decembro de 2016, núm. 358.
- 3.- Rexistro de entrada do día 5 de decembro de 2016, núm. 359.
- 4.- Rexistro de entrada do día 5 de decembro de 2016, núm. 360.

PREGUNTA (Resposta por escrito):

1.- Rexistro de entrada do día 23 de novembro de 2016, núm. 343.

PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 5 de decembro de 2016, núm. 361.
- 2.- Rexistro de entrada do día 5 de decembro de 2016, núm. 362.

PREGUNTA (Resposta oral):

1.- Rexistro de entrada do día 5 de decembro de 2016, núm. 363.

PREGUNTA (Resposta por escrito):

1.- Rexistro de entrada do día 23 de novembro de 2016, núm. 344.

O señor Alcalde, di que se van tratar agora o punto de rogos e preguntas.

O primeiro dos rogos é do BNG para a erradicación do carrizo da Pampa.

Don Rubén Cela Díaz, comeza a súa intervención dicindo, que o coñecido como carrizo da Pampa, pois é unha planta incluída no catálogo de especies exóticas invasoras, e está prohibida a súa introdución no medio natural, xa que provoca o desprazamento da flora autóctona, coa que compite polo espazo e o alimento, degrada os hábitats naturais, deteriora a paisaxe e provoca a perda de biodiversidade do territorio no que se introduce. Deste xeito, está a causar perdas económicas importantes no sector agrícola e forestal.

Trátase dunha especie moi agresiva orixinaria de zonas tépedas de Sudamérica e é recoñecible polo seu gran tamaño e as súas canas esbrancuxadas con forma de penacho, usadas como elementos ornamentais.

En Galiza foi introducida principalmente a través das medianas da autoestrada AP-9, e de aí foise propagando ás leiras e montes próximos á autoestrada.

Esta planta produce millóns de sementes que son desprazadas polo vento a unha distancia de até a 30 quilómetros, polo que se estende a gran velocidade e provoca un grave impacto ambiental nas áreas naturais.

Por ese motivo dende o grupo municipal do BNG, solicitan que o Concello de Santiago emprenda un plan para a erradicación do carrizo da Pampa en espazos públicos e parcelas municipais, e que difunda un bando para instar á veciñanza a eliminar esta planta exótica invasora de xardíns e terreos particulares, para contribuír a evitar a súa propagación co fin de que non se degrade máis o hábitat natural.

Don Xan Duro Fernández, manifesta o seu total acordo e dará traslado da demanda ao servizo de parques e xardíns, para que vexan cal é o método máis acaído, como xa coñecen os/as concelleiros/as dende que o grupo de Compostela Aberta ten o goberno, xa non se emprega o glifosato na eliminación de plantas, e que vexan cal é o mecanismo para poder erradicalas, xa que é unha planta moi resistente, e non é doada de eliminar.

Así mesmo, di que tamén lle parece correcta o seu anuncio aos/as veciños/as mediante un bando.

O Sr. Alcalde, di que o seguinte rogo é do Partido Popular, para solucionar o problema dos alcorques da rúa Quiroga Palacios.

Dona M^a José Corral López, comeza a súa intervención dicindo que o pasado mes de marzo o grupo Popular presentou un rogo, para que o goberno considérase dotar de grava ou dalgún material drenante aos alcorques da Avenida Quiroga Palacios, para evitar que cando chove se estenda a terra e enlame tanto a zona peonil como os vehículos.

Naquel momento a resposta foi que sentían non poder satisfacernos, simplemente dixeron que sería estudado.

Transcorrido bastante tempo, uns nove meses, a demanda veciñal mantense, porque permanece o problema, e o grupo Popular e ela mesma, quixeran saber se tras ese estudo hai algunha solución programada por parte do goberno.

Don Xan Duro Fernández, contesta que xa se mirou o tema, e non é tanto un problema de botarlles grava aos alcorques, senón o problema é que as rodas dos coches acceden a ese espazo e son os que acaban arrastrando.

Probáronse dous elementos distintos para bloquear o paso aos coches, pero non funcionaron, e hai un terceiro elemento que están pendentes de que chegue e será instalado para probar se funciona.

O Sr. Alcalde, di que toca a quenda ao seguinte rogo que tamén é do Partido Popular, para habilitar unha área de xogos tradicionais no parque de Galeras.

Dona M^a José Corral López, di que no mes de xullo o seu grupo presentou un rogo interesando a mellora de seguridade e mantemento do parque infantil de Galeras e o acondicionamento do campo de chave.

Ademais de estudar a posibilidade de instalar unha toma de auga para o lavado de bicicletas das persoas que baixen de practicar BTT no Pedroso.

Daquela, o concelleiro da área de medio ambiente, informou da existencia dun proxecto de renovación integral do parque e mostrou certas dúbidas sobre o tema da toma de auga.

Con posterioridade, representantes da ANPA do CEIP Raíña Fabiola nunha sesión do Consello Escolar, na que esta ela como representante do Concello, pois manifestaron o seu interese polo espazo do campo da chave.

Da lectura ao recollido na acta da sesión do Consello Escolar “acordouse solicitar ao concello a zona do campo da chave para habilitalo para xogos tradicionais, en horario lectivo e extraescolar, co apoio do Consello Escolar”, e cónstalle a señora Corral que falaron co concelleiro, e que tamén presentaron un escrito, polo que quixera saber, se é posible dentro da mellora do parque, asumir esta petición.

Don Xan Duro Fernández, di que efectivamente é posible, pero que teñen que solventar, parece ser que a xente xove accede pola parte traseira e fan botellón, entón van mirar a posibilidade de colocar un valado que dea pechado todo o perímetro e facilitarlle unha chave a ANPA para que poida utilizar iso.

Están a espera de que o departamento de parques e xardíns pasen o prezo do valado.

O Sr. Alcalde, di que o seguinte rogo, tamén é do Partido Popular, para a mellora da iluminación pública e da accesibilidade na rúa Montero Ríos.

Dona M^a José Castro Carballal, fai defensa do rogo presentado polo seu grupo.

Este nadal cúmprese un ano dende que o goberno local decidira iniciar a baixo ritmo as obras de humanización da rúa Montero Ríos, comezando polo tramo máis próximo a rúa Rosalía de Castro para ir avanzando cara a Praza de Galicia.

Aínda que as previsións iniciais eran que a rúa puidera estar operativa na súa integridade polo verán, as obras pasaron por distintas vicisitudes que foron pospoñendo o seu remate.

Ante a demora dos traballos e para non interferir na campaña de nadal do comercio local, o goberno ten acordado a paralización dos traballos dende os primeiros días de decembro ata despois da semana de Reis. Será algo máis dun mes sen obras, circunstancia que, a falta de dispoñer dunha rúa rematada, debería ser beneficiosa para a actividade comercial e, en xeral, para o conxunto da veciñanza.

Durante os últimos días as condicións de seguridade desta rúa se teñen reducido notablemente en dous aspectos fundamentais: por unha parte, a iluminación do espazo público que polas noites é totalmente deficiente, xa que as luminarias aparecen apagadas, probablemente debido a que como consecuencia das obras, o seu subministro eléctrico cortouse e aínda non foi restablecido e tampouco se incorporou unha iluminación provisional da obra; por outra parte, constátase a existencia de accesos

provisionais e o amoreamento de materiais no contorno das obras que se están a executar, co que, a suma destas circunstancias ofrece un escenario proclive para posibles caídas e lesións das moitas persoas que transitan pola rúa.

A preocupación do grupo municipal do Partido Popular, tense agravado máis cando comproban que na aprobación da paralización, acordada pola Xunta de Goberno o pasado 9 de decembro, atópase unha comunicación da empresa adxudicataria na que renuncia a calquera indemnización que lle puidera corresponder pola devandita paralización, e na que engade textualmente: “no haciéndose cargo de la guardia y custodia de dicha obra, durante el período de paralización, ni de los desperfectos que se puedan ser ocasionados por el mal uso de las zonas habilitadas y rematadas”.

Segue a dicir a señora Castro, que á vista desta renuncia do contratista, pregunta se vai ser o concello quen vai garantir esa garda e custodia da obra, para tamén así, garantir a seguridade e integridade dos cidadáns que pasen por esta rúa, en tanto por suposto, que non se retomen os traballos o día 9 de xaneiro.

Así mesmo, engade a señora Castro, que no acordo de aprobación nada se di, sobre este particular.

O grupo Popular entende que se trata dunha cuestión de gran importancia que o concelleiro debería aclarar, polo que fan o seguinte rogo:

Que canto antes, e dunha forma moi especial durante o tempo que dure a paralización e ata o remate definitivo das obras da rúa de Montero Ríos, se proceda a repoñer por completo a iluminación pública existente e se melloren as condicións de seguridade e accesibilidade ao longo da zona onde se desenvolven as obras.

E tamén, quere saber o grupo municipal Popular, quen garante a garda e custodia de dita obra, durante o período de paralización.

Don Jorge Duarte Vázquez, comeza dicindo que estivo na obra de Montero Ríos o pasado martes, e falou con representantes veciñais e con representantes dos empresarios de Santiago Centro, e outras asociacións de empresarios, e as luminarias están en funcionamento, aínda que parece que segundo lle aclara a señora Castro, non está resolto na súa totalidade, e entón vaise intentar solucionar o problema no punto concreto, no tramo superior entre Xeneral Pardiñas e Doutor Teixeiro.

E segue a dicir o señor Duarte, que ante a preocupación polo contrato, as conversas coa empresa son de non ter que asumir ningún custo polo mantemento da obra, sempre e cando non suceda algo extraordinario, no período de suspensión, que segue restrinxido

ao tráfico e soamente queda acondicionado para o paso peonil, e con servizo de paso e acceso dos vehículos aos garaxes.

Entende o grupo de goberno, que a empresa sempre que o mantemento sexa o correcto e adecuado en calquera tipo de obra, non habería ningunha responsabilidade, nin ningún gasto a maiores.

O Sr. Alcalde, di que toca agora o turno a un rogo do Partido Socialista relativo a limpeza e desbroce das beirarrúas do tramo do Camiño Portugués ao seu paso pola Volta do Castro e eliminación de fochancas.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, comeza a defensa do rogo dicindo, que as imaxes que enviaron xunto co rogo, corresponden cun tramo do Camiño Portugués ao seu paso pola rúa volta do Castro de Abaixo.

O Camiño Portugués é o máis demandado despois do Camiño Francés, dende o 2004 é a segunda ruta de peregrinación con maior afluencia, diante de itinerarios recoñecidos como o Camiño do Norte, a Vía de Prata e o Camiño Primitivo. Cada ano, aproximadamente, 40.000 peregrinos percorren os últimos cen quilómetros.

A maleza invade as beirarrúas e a calzada está chea de fochancas, e por todo iso, o grupo Socialista solicita, que o goberno municipal proceda á maior brevidade a limpar e desbrozar as beirarrúas do tramo do Camiño Portugués, ao seu paso pola rúa Volta do Castro de Abaixo e, tamén, se proceda á eliminación de todas as fochancas existentes.

Don Rafael Peña Vidal, contesta en relación ao rogo do grupo Socialista, que se dará conta do devandito rogo, e o desbroce procederase a vindeira semana, e no caso das fochancas á volta das vacacións de nadal.

O Sr. Alcalde sinala que o último dos rogos presentados é, tamén, do grupo municipal Socialista, sobre a posibilidade de trasladar a depuradora de Bornais a algún núcleo da zona norte do rural.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, explica que no lugar de Bornais, en Santa Lucía, hai unha pequena depuradora que está totalmente abandonada e cuberta de maleza.

Esta infraestrutura foi instalada no ano 2004 para que cincocentos veciños dispuxeran de rede de saneamento.

No ano 2011, coa posta en funcionamento da depuradora de Aríns, deixou de utilizarse e incomprensiblemente segue sen uso.

Trátase dunha depuradora compacta, autónoma e trasladable, denominada de barco, porque é utilizada en barcos, e que supuxo un investimento de case 225.000 euros.

Esta infraestrutura podería perfectamente ser trasladada a outro ámbito do municipio, que aínda careza deste servizo básico, tendo en conta que nalgúns casos é máis económica a instalación destas pequenas infraestruturas que a conexión á rede principal.

Por todos estes motivos, o grupo municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación, o rogo de que o goberno municipal estude a posibilidade de trasladar a depuradora de Bornais a algún núcleo da zona norte do rural, que a día de hoxe non dispón de saneamento como poden ser Grixoa, Nemenzo, Busto e Marantes, ou onde se considere máis oportuno.

Don Rafael Peña Vidal, comenta en relación ao devandito rogo, que xa teñen varias solicitudes en relación a esta depuradora, pero aínda non saben exactamente en que estado se atopa a mesma, e para seguir un criterio obxectivo por parte del mesmo solicitoulle a Viaqua, que estudasen o emprazamento onde se lle puidera dar servizo a maior número de vivendas, e se a infraestrutura está en bo estado, será trasladada para outra o antes posible.

O Sr. Alcalde, di que toca agora a quenda ás preguntas de resposta oral

A primeira é do Partido Popular sobre o sistema de rotación do aparcadoiro de Pontepedriña e a ordenación da contorna.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, con respecto a esta pregunta de resposta oral, considera que a súa resposta é moi sinxela, como entende o seu grupo que é sinxelo resolver a rotación de vehículos no aparcadoiro disuasorio de Pontepedriña.

A rotación da que fala o grupo municipal do Partido Popular, non é a que esta aplicar o goberno dando voltas a este asunto dende fai un ano, nin tampouco se refire ás voltas que da a cidadanía desesperada por atopar unha praza libre entre as duascenas que están habilitadas baixo o viaduto da liña férrea.

Todo iso, a pesares do acordo unánime, que se adoptou no pleno do mes de febreiro a raíz presentada polo seu grupo municipal.

Fai uns días e coincidindo cuns traballos de reparación realizados pola empresa que levou a cabo a obra no ámbito de superficie. Despois dunha semana de colocar a sinalización de prohibido aparcar, el mesmo puido comprobar que había vehículos que levaban estacionados alí unha semana, iso era previsible que puidera pasar dende o

primeiro día, pero o goberno estivo mareando esta cuestión, como tantas outras, e sen ofrecer unha solución.

En primeiro lugar, demorando a posta en marcha dun sistema en espera a como ia funcionando o aparcadoiro, e despois amparándose nos atrancos que lle poñía o ADIF para poñer un sistema de cobro simbólico nuns terreos cedidos para o estacionamento gratuíto.

E vai facer case un ano e a solución segue aparcada e sen resolver.

Engade o señor Hernández, que se hai problemas para instalar un sistema de cobro aínda que sexa simbólico, non se lle ocorreu pensar que poderían existir maneiras de facer rotacións sen ter que cobrarlles aos cidadáns.

Pon exemplos doutros lugares no que se resolveron problemas deste tipo, con máquinas expendedoras gratuítas que faciliten tickets para determinados períodos de tempo, obrigando a súa colocación nos vehículos e cun control periódico por parte da policía, é unha forma posible, pero hai outras solucións, soamente é cuestión de vontade, e de implicarse na solución dos problemas que lle preocupan e que complican a vida diaria aos veciños e veciñas.

Na zona de Pontepedriña a maior parte do día a ausencia de prazas é total, e por certo, non só a superficie habilitada baixo as vías, senón en todos os arredores incluídas as zonas verdes, espectáculo lamentable, ver as zonas verdes utilizadas como aparcadoiros, e por iso, o grupo Popular, formula a pregunta para saber se o goberno municipal ten outra alternativa posible na regulación do aparcadoiro de Pontepedriña, que non sexa o cobro, para cumprir de forma urxente o compromiso e a necesidade de garantir a rotación de vehículos e poñer fin a ese desorde e degradación ambiental ocasionada polos vehículos nesa zona da cidade.

Don Jorge Duarte Vázquez, di que quedou exposta a vontade do goberno en reiteradas ocasións, e que este tema leva vindo a pleno para darlle unha solución.

Di que están pendentes da contestación de ADIF, e decidiron que se ían instalar as máquinas aínda que non tiveran o conforme do ADIF.

Entende o señor Duarte, que o control debería de ser dende a empresa municipal TUSSA.

O plantexamento do grupo de goberno, segue a ser o mesmo, instalación das máquinas, e control por parte de TUSSA, e con ese sistema, establecer un cobro simbólico, que permitan integrar a xestión do aparcamento dentro do que sería a explotación do servizo

ORA con aparcamentos disuasorios, Santa Marta, Salgueiriños e Pontepedriña, dentro dunhas tarifas especiais e máis económicas.

Remata dicindo o señor Duarte, que a idea é implantar esas máquinas, e que por parte da empresa municipal TUSSA se faga o control dese servizo de aparcamentos disuasorios, complementariamente ao que sería o servizo da ORA.

O Sr. Alcalde, di que agora vai ser tratada outra pregunta do grupo Popular, sobre a non inclusión de medidas de accesibilidade na reposición de pavimentos.

Dona Teresa Gutiérrez López, en relación a esta pregunta di que este verán despois de non poucos percances procedeuse a iniciar a reparación dalgúns pavimentos peatonais, que se atopaban nun estado deficiente. Medida que reciben por parte do grupo Popular con alivio.

No cruce entre as rúas República do Salvador e Alfredo Brañas, levantáronse as catro esquinas para substituír o pavimento de lousas de pizarra existentes por lousas de formigón das que dan continuidade á República do Salvador, medida que tamén lles parece ao grupo Popular moi adecuada, porque o pavimento de pizarra é bastante perigoso, sobre todo, cando está húmido.

A sorpresa do Partido Popular ven cando rematan a actuación sen colocar a pavimentación táctil, prevista na Orde VIV/561/2010, que desenvolve as condicións de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización de espazos públicos urbanizados.

Na devandita Orde, no seu artigo 1, indícase que todos os espazos públicos se proxectarán, se construírán, se restaurarán e se reurbanizarán, de forma que cumpra as condicións da mesma.

Na disposición transitoria número dous, dise que todos os espazos existentes deberán adaptarse á normativa o 1 de xaneiro do ano 2019, é dicir, que se fixo unha obra na que non se colocou o pavimento táctil e que dentro dous anos, vaise ter que levantar parte da mesma para colocalo.

O pavimento táctil é especialmente necesario neste cruce para facilitar o xiro dos vehículos, este cruce ten dous chafláns, cousa que é bastante perigosa para as persoas invidentes. Estas persoas perden as referencias unha vez saen do abrigo dos edificios, e este pavimento permítelles manter as referencias para o cruce.

O incumprimento da normativa, parécelle ao grupo Popular máis grave, se se ten en conta que o goberno xa dispoñía do deseño correcto do cruce, posto que o mesmo xa

fora seleccionado por COGAMI, cando se elaborou o proxecto básico e de execución da mellora da accesibilidade de Santiago de Compostela, fase I.

Proxecto que quedou incluído no traspaso de poderes, e do que non saben nada.

E por iso formulan a seguinte pregunta:

Por qué non se executou esta renovación de acordo coa normativa, e se pensa seguir actuando así no futuro, en vez de optar por facer de Santiago unha cidade máis accesible?

Don Jorge Duarte Vázquez, manifesta que con respecto ao proxecto de COGAMI, eses proxectos está iniciada a súa licitación, pedíronse orzamentos, tres proxectos en concreto, para corenta e cinco medidas, de feito cofinanciados a través dunha axuda da Xunta de Galicia.

É dille a señora Gutiérrez, que unha cousa é un mantemento, e outra facer un proxecto de obra para mellorar as condicións de accesibilidade.

Aclara que o que se fixo, foi unicamente por parte do servizo de mantemento, a reposición das lousas que estaban en mal estado.

O Sr. Alcalde, di que toca a quenda á outra pregunta oral do Partido Popular sobre os actos celebrados en Santiago sobre o 150 aniversario do nacemento de Ramón María del Valle-Inclán.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela, comeza a súa intervención dicindo que este ano cumpríronse 150 anos do nacemento de Valle Inclán, un aniversario que merecería unha atención especial por parte do Concello de Santiago.

Non se fala unicamente dun escritor galego cunha proxección universal e susceptible de ser incluído en calquera canon da literatura universal, senón que se fala dun escritor universal moi vinculado a Santiago de Compostela.

En Santiago desenvólvese boa parte, do que se lle podería cualificar como educación sentimental ou educación literaria de Valle, en Santiago morre e en Santiago está enterrado. A Santiago dedícalle reflexións preciosas, e fai de Santiago escenario dalgunha obra, e a Santiago tamén lle dedica un topónimo precioso.

Estase a falar dun escritor moi proxectable, e ademais, dun escritor que lle pode dar un valor engadido ao atractivo da propia cidade.

Na sesión plenaria de febreiro deste ano, acordou que o goberno realizase unha programación cultural e conmemorativa de figuras como Valle ou como Cela, e mesmo o Alcalde, tamén anunciou a través dunha nota de prensa, que o goberno estaba avanzando e estaba a traballar na definición dunha serie de actividades, para celebrar 150 aniversario.

Sen embargo máis alá dunha foto e de algunha iniciativa menor, e de última hora, non coñece o grupo Popular que se tivera traballado, realizado e nin anunciado nada especialmente relevante para conmemorar o aniversario.

Tamén lle chama a atención ao grupo Popular, que ningún membro do goberno, acudirá o 28 de outubro aos actos conmemorativos, celebrouse ese día a parte dun acto no cemiterio de Boisaca, houbo un acto organizado pola Universidade, no que estaban presentes a Xunta de Galicia, a Universidade coa cátedra específica de estudos de Valle Inclán, alí estaba un concelleiro do goberno de Lugo, en realidade alí estaban todos os actores institucionais, políticos e culturais que tiñan que estar, agás o Concello de Santiago, evidentemente, había unha representación do grupo Popular, pero o grupo Popular non é o que formalmente representa ao Concello de Santiago.

Non é a primeira vez que isto pasa, xa non é a primeira vez que non acoden a determinado tipo de actos institucionais, e o señor Brunete, considera que isto é unha mágoa, que é unha perda de oportunidade, e que é unha descapitalización cultural, e unha descapitalización social non estar.

Por todo iso, o grupo municipal quere preguntar, por qué non acudiron, porque poden entender que a concelleira responsable teña un problema de axenda, ou un problema persoal e estea de baixa, pero o grupo de goberno ten dez concelleiros/as e no caso de non poder asistir un/unha pode ser substituído.

Polo tanto, queren preguntar por esa ausencia, e polo fondo da cuestión, para que nos expliquen que traballos e actividades desenvolveron este ano, máis alá, destas pequenas actividades de última hora, para conmemorar o 150 aniversario dun actor universal tan vinculado á cidade de Santiago.

Dona Marta Lois González, pasa a dar contestación á pregunta formulada polo grupo municipal do Partido Popular.

Numera as actuacións tanto no marco da área de acción cultural, como de turismo, non menores que se levaron a cabo e que se van levar a cabo nos vindeiros días.

As actuacións na área de acción cultural, para lembrar, que o domingo día 8 de maio ás 18 horas a escola de teatro Valle Innova da Fundación Valle Inclán, pois fixo unha

adaptación da novela “Visión estelar de un momento de guerra” e que é unha montaxe en clave de drama, que transcorre polos diferentes escenarios da guerra mundial que Valle Inclán visitou como corresponsal de prensa no bando francés durante a mesma.

Ademais, o día 18 de agosto, a escola de teatro Valle Innova, tivo lugar unha intervención artística que unía coreografía, teatro danza, teatro didáctico e teatro simbólico, e se realizou en clave de poesía virtual para todos os públicos e espazos, celebrado na praza da Quintana.

O día 22 de novembro, ás 19:00 horas, a escola de teatro Villa Innova, levou a cabo a representación a ruta das verbas, un espectáculo dramatizado pola ruta que percorre puntos significativos para o escritor nos cales se representaban distintas escenas e poesías, dando pinceladas sobre a súa vida.

Dende a área de turismo de Santiago, tamén se celebrou o 150 aniversario do nacemento de Valle Inclán e a súa vinculación con Santiago a través de tres accións, dúas delas organizadas en colaboración co Museo Valle Inclán e co Ateneo de Santiago.

A primeira delas é unha visita aos lugares da súa vida e obra, guiada polo seu neto e biógrafo, Xaquín del Valle Inclán e polo director do Museo, Antonio González, que terá lugar o día 28 de decembro e partirá as 17 horas da estatua do escritor no Paseo dos Leóns da Alameda, e a continuación as 19 hora no café Casino, o histórico recinto onde Valle Inclán recibía clases de esgrima, acollerá unha lectura pública comentada sobre fragmentos seus de Compostela.

A maiores, creouse a rúa Valle Inclán por Santiago de Compostela. Ruta cultural e turística que permite coñecer a cidade a través da vida e da obra de Valle Inclán, e ademais esta ruta vaise recoller nun folleto que se está a elaborar coa colaboración, tamén, do propio museo Valle Inclán e turismo de Santiago que é quen o subvenciona.

Por último, para aqueles que tamén pensan que Compostela Aberta, lles rouba o nadal a cidade, convidálles dona Marta a todos e todas, a que fagan o paseo pola Alameda para ver unha iluminación especial que tamén fai un guiño especial neste ano coa escultura de Valle.

Respecto a non asistencia aos actos que describe o señor Brunete, dona Marta, ten entendido que houbo un problema con respecto ao convite que chegou a alcaldía.

O Sr. Alcalde, tras a intervención de dona Marta, remata dicindo que foi un erro non ter asistido, a el resultáballe imposible, pero insiste, en que foi un erro non ter garantido a presenza dalgún membro do grupo de goberno.

A seguinte pregunta tamén é do Partido Popular, sobre os recortes resultantes do procedemento de licitación seguido para a instalación da pista de xeo na Alameda.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela, comeza dicindo que el vai procurar ser coherente coas súas convicións e coas do seu grupo, e indica que para eles, o nadal é un tempo de tregua, non sei especialmente duro.

Indica o señor Brunete, que a iniciativa da pista de xeo, é unha iniciativa do Partido Popular, é unha iniciativa pensada para aumentar a oferta de ocio dos máis pequenos, pero en xeral de toda a poboación, pero tamén, é unha iniciativa pensada para favorecer a dinamización comercial.

Segue a dicir o señor Brunete, que sorprende, ao ser unha iniciativa tan valorada polo conxunto da poboación, e especialmente polo sector comercial, na súa tramitación, na configuración do expediente, se comprobou a existencia dunha serie de recortes, no tempo de presentación de ofertas, é evidente que iso non é positivo, recortes nas posibilidades de contar con xornadas de portas abertas, e de recortes nos días de decembro nos que a pista tiña que estar instalada, e que eran uns días absolutamente decisivos para o obxectivo desta iniciativa, porque con independencia de que despois en xaneiro volvan a repuntar un pouco as compras, evidentemente, as grandes compras empezan a producirse a partir da ponte da Constitución.

Por todo iso, o grupo Popular quería coñecer o por qué dos recortes, a parte de que o seu grupo queira saber o que pasou, considera o concelleiro, así mesmo, que é bo darlle a concelleira a oportunidade de que faga exame de conciencia dun problema que esta aí.

Dona Marta Lois González, toma a palabra e pasa a explicar as consideracións que se fan na pregunta con respecto á pista de xeo.

A primeira, con respecto a acurtar a quince días, fronte aos trinta días, o prazo.

As ocupacións de vía pública, poden ser ocupacións privativas ou de usos comúns, e neste último caso, poden ser especiais, e precisamente, a pista de xeo é de uso común especial.

Os usos comúns especiais outórganse directamente, pero cando hai varias persoas ou empresas interesadas, sácase a licitación, como é o caso, polo tanto, o procedemento para outorgar esa autorización non está recollido no Regulamento de bens, que para estes usos comúns especiais non regula nada.

O criterio que se adoptou o ano pasado, foi o de acudir a Lei de Patrimonio Estatal, que nun artigo establece o prazo de presentación de solicitudes que é de 30 días hábiles.

Certamente, hai unha incongruencia entre a regulación dos usos privativos que son moito máis gravosos que os usos comúns, e este ano, debido a iso, acudiron a disposición final segunda da Lei de Patrimonio Estatal, que precisamente, di que ese artigo onde se establecen os 30 días hábiles non é de aplicación para as entidades locais, entón, de maneira análoga, enténdese que é correcto e legal acudir ao prazo previsto para as ocupacións privativas de quince días naturais.

A maiores desta explicación de carácter xurídico, entende o grupo de goberno, que é un prazo razoable, que se da a publicidade debida, e que non causa indefensión ás posibles licitadoras.

E continúa a sinalar a señora Lois, en relación aos outros dous aspectos, tanto o tema das xornadas de acceso gratuito e a diminución dos días, dicir, que no primeiro caso, houbo unha falta de dispoñibilidade de crédito para asumir o seu custe, un custe que ascendía a 16.000 euros, máis IVE, e que tradicionalmente se repartía entre dúas anualidades.

Completa a concelleira a información, dicindo, que moitas veces tamén nos servizos de intervención, ano tras ano teñen dúbidas a respecto do abono destas xornadas de portas abertas, en tanto, que ese importe fixo de 16.000 euros, se ten que realizar previa estimación dos posibles asistente e non asistentes exactos, e non o vían totalmente acertado.

Para rematar, indica a señora Lois, que con respecto a diminución dos días de instalación, dende o grupo de goberno, agardan que nos vindeiros días e no comezo das vacacións escolares esa pista de xeo poida estar instalada, a tardanza está relacionada con esa demora na falta de insuficiencia orzamentaria, que impediu ampliar o número de días.

E aclara, así mesmo dona Marta, que na ponte está previsto abrir un mercado de nadal.

O Sr. Alcalde di que toca agora a quenda a última das preguntas orais, que é do Partido Socialista, respecto á frecuencia de retirada das follas das árbores das rúas e beirarrúas da cidade.

Don Francisco Reyes Santiás, plantexa a pregunta presentada polo seu grupo.

Durante o último mes, o grupo municipal Socialista, ven recibindo da veciñanza moitas queixas pola falta de limpeza nas rúas e beirarrúas da cidade.

Estas queixas veñen motivadas pola cantidade de follas de árbores que se acumulan nos espazos públicos durante días, sen que se proceda á súa retirada, como exemplo claro desta denuncia adxuntan imaxes do estado actual das rúas de Fontiñas.

Así mesmo, é importante ter en conta que cando chove faise moi perigoso transitar por estas beirarrúas, xa que o chan está moi esvaradizo e por tanto son frecuentes as caídas con consecuencias serias para as persoas.

Estas queixas veñen sempre acompañadas dunha reclamación abordada en numerosas ocasións no Pleno, a poda frecuente das árbores, en moitos casos, non se está a realizar poda de mantemento, as especies cada ano son máis grandes e cun ramaxe excesivo.

Por todo iso, o grupo municipal Socialista presenta ao pleno para a súa contestación oral a seguinte pregunta:

Cal é a frecuencia coa que se está a retirar as follas das árbores das rúas e beirarrúas da cidade e con que frecuencia se realiza a poda de mantemento?

Don Xan Duro Fernández con relación á pregunta formulada, contesta que a campaña de recollida de folla comezou o día 15 de setembro, nesa campaña estanse a empregar como medios materiais, cinco sopladoras, dous vehículos eléctricos destinados, exclusivamente a folla no campus sur e na alameda, un camión aspirador dende finais de setembro que é cando se dispuxo del.

Hai tres brigadas traballando día e noite, dedicadas especialmente, máis un peón de reforzo por xornada diaria, e outro peón de xornada de noite.

É certo que este ano a temperatura alta ou fora do común para o tempo no que se está, alonga o tempo de secado dos pecíolos das follas, co cal caen durante un período máis longo de tempo, non cae toda xunta, como pasou por exemplo o ano pasado, e iso está a crear problemas, ou a sensación de que non se varre.

Engade, que hoxe pola mañá o inspector de servizos estivo no barrio de Fontiñas facendo unha revisión exhaustiva de como estaba a situación, e agás, no último tramo da rúa Madrid, que tiña unha acumulación de follas, e xa se lle comunicou a Urbaser, o resto do espazo, consideraba que estaba correctamente atendido.

En relación á poda, di o señor Duro, que podas frecuentes non se poden facer, porque se mataría as árbores, hai que podar en determinado momento do ano, e unha vez ou dúas, non se poden máis.

En Fontiñas, xa se iniciou o plan de poda, levan podadas duascentas unidades das setecentas que ten o barrio.

Remata dicindo que lamenta moito as molestias que causa, pero esta é unha das eivas que ten, o privilexio de vivir na cidade que ten máis zona verde de toda Galicia.

10. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Os textos das mocións presentadas polos grupos municipais, son as que a continuación se transcriben.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR:

1.Rexistro de entrada do día 28 de novembro de 2016, núm. 347, relativa a recuperación da Cabalgata de Reis e do Belén do Obradoiro consonte a súa escenografía típica.

Ao abeiro do artigo 85 do Regulamento Orgánico Municipal, O Grupo Municipal Popular presenta para a súa inclusión no Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Nadal constitúe o período máis sentido do calendario.

O Nadal é un tempo de humanidade que nos permite estreitar lazos e recoñecer aos outros, lembrar aos que xa non están, e revivir sensacións, sentimentos e o propio imaxinario da nosa infancia; infancia que, na suposta e tantas veces citada sentencia de Rilke, é “a patria de todo home” (e muller).

O tempo de Nadal é un tempo secularizado no que tal secularización e a liberdade relixiosa son perfectamente compatibles cunha iconografía, escenografía e ambientación que, máis alá da súa orixe relixiosa, constitúen elementos de identidade cultural transmitida de xeración en xeración. Neste senso, con independencia das crenzas ou da práctica relixiosas de cada quen, é vontade maioritaria da sociedade manter os perfís dun tempo de arraigo e, especialmente, é vontade maioritaria que as nenas e nenos poidan gozar da mesma ilusión, do mesmo ambiente, escenográfico e musical, que as persoas adultas gozamos na infancia.

Nada diso condiciona a liberdade relixiosa de ninguén; de feito, a sucesión de escenas e músicas do Nadal tradicionais non impediu nos últimos 38 anos de réxime constitucional a máis libre evolución socio-relixiosa da sociedade española. E o

compromiso co principio de aconfesionalidade do Estado non impediu que gobernos de todas as cores veñan respectando e aceptando a tradicional ambientación do Nadal.

Dentro de período de Nadal, especial atención se lle debe prestar á tradición da Cabalgata, vivida con especial ilusión polos máis cativos, e que o ano pasado adquiriu trazas carnavalescas nun intento contracultural de deturpar o acervo das tradicións máis sentidas. E, por suposto, un espazo central ten que ocupar un belén de escala humana, belén que o ano pasado foi substituído por un carrusel que, por si mesmo, non singulariza estas datas. Cabalgata e belén son as escenas principais dun tempo ambientado con vilancicos e panxoliñas.

Á vista do exposto o Grupo Municipal Popular propón para o seu debate e consideración no Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

O Grupo Municipal Popular insta ao correspondente órgano de goberno municipal a elaborar unha programación de Nadal que respecte o ambiente, a representación, a escenografía e a música típicas, especialmente no tocante á cabalgata de Reis e a instalación dun belén a escala humana na Praza do Obradoiro, conciliando a difusión de vilancicos e panxoliñas, procurando ou facilitando, especialmente, o protagonismo das corais compostelás.

2. Rexistro de entrada do día 12 de decembro de 2016, núm. 365, para a regulación da colocación de placas e monumentos conmemorativos e elementos análogos.

Ao abeiro do artigo 85 do Regulamento Orgánico Municipal, O Grupo Municipal Popular presenta para a súa inclusión no Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A colocación de elementos no dominio público está -con carácter xeral e para os casos de actividades, instalacións ou obras en vía pública- regulada a través dunha específica ordenanza municipal.

Porén, para os casos de solicitudes relacionadas coa colocación de placas, monumentos e outras instalacións conmemorativas análogas entendemos que non existe unha regulación concreta, a pesar do seu carácter de permanencia no tempo e da particularidade de que a súa instalación leve consigo o incremento de facto do patrimonio municipal, co que iso supón para a súa atención e mantemento por parte do Concello.

A colocación de calquera instalación conmemorativa, tanto no que atinxe ao seu motivo e texto, como no relativo ao seu material ou lugar de colocación, mesmo a participación e protocolo por parte do Concello, deberían ser obxecto dunha actuación o máis taxativa posible, máxime cando existe a posibilidade de que as propostas sexan de iniciativa privada ou de terceiros.

Recentemente, o concelleiro de Medio Ambiente e Convivencia autorizou a instalación dun monólito de pedra nos xardíns situados xunto á igrexa de San Caetano, unha instalación interesada formalmente por unha iniciativa privada.

O título habilitante para a instalación referida (conmemorativa dun campamento reivindicativo) constitúe un precedente que, de estenderse, pode comprometer o bo uso do dominio público e a prudente configuración da paisaxe urbana, así como tamén pode comprometer o xusto exercicio da potestade discrecional da Administración Local, en orde a conceder ou non a instalación de elementos semellantes, toda vez que resulta fundamental motivar por que se autorizan ou conceden unhas instalacións conmemorativas sobre o dominio público e non outras, entre as diversas solicitudes posibles.

Tendo en conta que, por acordo plenario de decembro de 2015, se ten aprobado o estudo, a redacción e o sometemento ao Pleno dun Regulamento para a concesión de honras e distincións outorgadas polo Concello de Santiago, consideramos que esta cuestión debería ser incluída e determinada no seu texto, pero, mentres tanto, os casos que vaian xurdindo terían que ser abordado na Comisión de Condecoracións constituída para este fin.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular propón para o seu debate no Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a que:

- 1.As iniciativas de ocupación do dominio público con fins conmemorativos ou semellantes -interesadas por particulares ou promovidas polo Concello- que impliquen obra ou instalacións fixas, ou que sendo instalacións desmontables se prolonguen no tempo, sexan sometidas ao ditame da Comisión de Condecoracións, sen prexuízo da obtención doutros ditames.
2. No Regulamento de Concesión de Honras e Distincións do Concello de Santiago que se aprobe no actual mandato se dedique un apartado específico para regular de forma taxativa todo tipo de instalacións conmemorativas.

EMENDA.-

1.Rexistro de entrada do día 15 de decembro de 2016, núm. 373, emenda á moción do grupo municipal Socialista sobre os medios da Policía Nacional de Santiago.

O grupo municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presente para o seu debate no pleno da corporación, a seguinte EMENDA Á MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE OS MEDIOS DA POLICÍA NACIONAL DE SANTIAGO, de data 7 de decembro de 2016.

Proponse a modificación do texto resolutivo, de forma que o texto resultante sería o seguinte:

Instar ao Ministerio do Interior a dotar dos medios humanos e materiais necesarios para o mellor funcionamento da Comisaria da Policía Nacional da Capital de Galicia.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

1.Rexistro de entrada do día 2 de decembro de 2016, núm. 351, para garantir o subministro eléctrico ás persoas sen recursos

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á necesidade de garantir o subministro eléctrico ás persoas sen recursos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza a taxa de risco de pobreza medrou nun só ano 4 puntos, situándose no 19,4% en 2015. Isto significa que máis de 700.000 persoas están en risco de exclusión social ou pobreza.

Aos recortes, ao copagamento nos servizos públicos ou á restrición no acceso a sanidade, hai que engadir a redución nas prestacións por desemprego, xunto coa futura eliminación de servizos que se prestan nos concellos, por causa da reforma local, ou as reformas que afectarán subsidios por desemprego ou as pensións. Estas medidas agrávanse coa permanente redución dos orzamentos do Estado español e da Xunta, e que, co encarecemento da enerxía, sexa o gas ou a electricidade, o desemprego ou a falta de recursos económicos, provocan cada vez máis vítimas da política de desamparo que desenvolven os gobernos do PP no Estado e na Xunta de Galiza contra a cidadanía en xeral. Cada vez máis persoas quedan sen prestacións ao esgotaren as axudas de

protección social, sen emprego, sen fogar ou sen poder afrontar o pagamento de hipotecas, alugueres ou servizos básicos como a luz, o gas... ou simplemente poder alimentarse.

O Goberno local non só debe garantir por medio da administración municipal e dos servizos sociais públicos o apoio as persoas que o precisaren, senón que tamén debe impulsar diante do Estado español e da Xunta de Galiza iniciativas para que a prestación de servizos básicos destinados aos grupos máis desfavorecidos e medidas específicas dirixidas a persoas en risco de exclusión social e con necesidades especiais permitan contribuír a garantir o benestar, a saúde e calidade de vida nesta situación dramática que padecen.

En consonancia con isto, hoxe, outro dos factores de vulnerabilidade para moitas familias galegas é a pobreza enerxética, e concretamente o subministro eléctrico as súas vivendas. Os datos referidos ao Estado español demostran que, antes de comezar a crise económica, o número de familias que sufrían un corte de luz polo impago do recibo da empresa subministradora era de 600.000 e, nos últimos anos incrementáronse.

Esta situación faise especialmente dramática pensando que se poidan producir cortes do subministro en fogares sen recursos, un feito que agudizará aínda máis as penosas condicións de vida das persoas que os habitan.

Países europeos, como Francia, limitan durante o tempo invernal os cortes de subministro eléctrico a familias sen recursos que non teñen cartos para pagar o recibo da luz. Alemaña paga a calefacción e o aluguer das persoas en paro de longa duración. Cataluña estuda prohibir os cortes de enerxía a familias na pobreza.

Os niveis e datos de pobreza en Galiza que enumeramos ao principio e as condicións climatolóxicas adversas do inverno, fan especialmente necesario que o goberno central e a Xunta de Galiza adopten medidas diante desta problemática para evitar as súas dramáticas consecuencias.

O Goberno do Estado español xustifica o fortísimo incremento do recibo da luz dos últimos anos nun suposto déficit tarifario. Así, argumenta que o prezo da electricidade non cobre os custos de produción. Porén, isto é falso. A trampa reside na metodoloxía utilizada para o cálculo do custo de produción a través de poxas no mercado maiorista, o coñecido como “pool” eléctrico. Antes da liberalización do sector, ligábase o prezo da enerxía ao custo real de produción de cada unha das tecnoloxías. Na actualidade, o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que, dada a existencia de tecnoloxías que producen a uns custos moi inferiores, este sistema xera uns beneficios exaxeradamente elevados aos propietarios desas instalacións de produción; son os coñecidos no sector como

“beneficios chovidos do ceo”, sobre todo no caso de enerxías case amortizadas como a hidroeléctrica e a nuclear. Cabe, por tanto, opoñerse con absoluta rotundidade a incrementos no recibo da luz eléctrica que só fan engordar as contas de resultados das grandes compañías eléctricas.

Cómpre avogar, pois, por unha reforma a fondo da normativa do sector eléctrico, tanto para corrixir os denominados inxustos e elevados beneficios que se xeran co formato actual de poxas de enerxía no mercado maiorista, co que se poría fin á escalada no incremento do déficit da tarifa, como para retornar a un modelo de maior intervención e control nun servizo esencial como o subministro eléctrico aos fogares, cuxa liberalización demostrou que beneficia exclusivamente ás grandes empresas enerxéticas a custo dunha política abusiva coa maioría das persoas abonadas.

Esta situación prodúcese nun contexto en que Galiza é excedentaria na produción de electricidade. Así, mentres padece os custos sociais e ambientais que supón a xeración eléctrica, non obtén ningún beneficio desta condición.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza ás seguintes cuestións:

- a) Realizar as modificacións lexislativas necesarias para garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos.
- b) Instar ao Goberno do Estado a regular a prohibición taxatativa de corte de suministro unilateral por parte das empresas subministradoras de servizos esenciais, particularmente os de enerxía, ás familias, precisándose en todo caso a autorización da administración competente para evitar os cortes a persoas e familias sen recursos.
- c) Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

2. Rexistro de entrada do día 13 de decembro de 2016, núm. 369, para abrir unha nova convocatoria da campaña de distribución de composteiros domiciliarios (moción de urxencia).

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, destinada a que o Concello de Santiago abra unha convocatoria de distribución de composteiros domiciliarios, enmarcada na campaña iniciada con ADEGA en 2003.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Santiago principiou en 2003 unha campaña, en colaboración con ADEGA, para a instalación de composteiros domiciliarios. Nas diversas convocatorias repartíronse máis de 550 composteiros, que daban lugar a unha bonificación na taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, a petición das persoas interesadas. O único requisito dos fogares era ter un pequeno espazo de horta ou xardín.

Estes recipientes, construídos en plástico reciclado e cunha capacidade para 320 litros, son idóneos para tratar a materia orgánica xerada no fogar, que supón o 50% do lixo. A compostaxe é un método sinxelo de transformar os residuos orgánicos en compost que se incorpora aos solos e mellora a súa estrutura física, as súas propiedades químicas e microbiolóxicas e, xa que logo, a súa fertilidade.

En cada unha destas campañas realizábase unha charla coas persoas adxudicatarias para lles explicar o funcionamento do composteiro e se lles entregaba un manual sobre a elaboración do fertilizante. Logo había unha segunda visita aos dous ou tres meses, e outra aos seis meses, cando o abono xa estaba formado e en condicións de ser usado.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela abrirá unha nova convocatoria da campaña de distribución de composteiros domiciliarios.

EMENDA.-

1.- Rexistro de entrada do día 15 de decembro de 2016, núm. 374, emenda á moción do grupo municipal do Partido Popular para a regulación de placas e monumentos conmemorativos e elementos análogos

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, segundo o disposto no artigo 86 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Santiago, presenta para o seu debate en

Pleno, a seguinte emenda de adición ao acordo da moción do grupo do PP para a regulación de placas e monumentos conmemorativos e elementos análogos.

Propón engadir un punto 3 co texto seguinte:

3. En casos de urxencia, a decisión de propor e autorizar este tipo de distincións deberá someterse ao criterio da Xunta de Portavoces.

MOCIÓNS DO MUNICIPAL SOCIALISTA DO PSdeG-PSOE.-

1.Rexistro de entrada do día 12 de decembro de 2016, núm. 366, sobre o estado da rúa do Home Santo.

A rúa do Home Santo, situada ao Este da cidade -nas proximidades da estación de autobuses, en Fontiñas-, arrastra unha serie de problemas dende hai tempo. Á falta de mantemento xeneralizado, que se pode apreciar na ausencia de limpeza na praza ou na presenza de manguoiras de regadío ao aire, engádense diversas deficiencias en materia de seguridade cidadá.

A primeira, a falta de iluminación. Esta rúa do Home Santo, con arredor de 500 metros de lonxitude, conta cunha máis que deficitaria iluminación –tal e como se pode constatar nas imaxes que se engaden á presente moción-, o que xera inseguridade na cidadanía polas noites. Durante os meses de inverno, a situación agrávase máis aínda, posto que as noites son moito máis longas.

En segundo lugar, as veciñas e veciños desta rúa levan tempo amosando o seu malestar e preocupación pola seguridade do tráfico, dun xeito específico polos badenes. A este respecto, teñen unha altura demasiado elevada –tamén se pode apreciar na imaxe- e, a maiores, non están sinalizados.

Este Grupo Municipal considera que se trata dunhas reclamacións xustas e que, ademais, son sinxelas de arranxar.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Compostela vimos a propoñer a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1.- Resolver o problema de falta de iluminación na rúa do Home Santo, instalando os puntos de luz que sexan necesarios ao longo de toda a rúa.

2.- Levar a cabo de forma urxente as pequenas actuacións que demanda a veciñanza, sobre todo aquelas que teñen impacto na seguridade viaria, e executar o mantemento da zona.

2.Rexistro de entrada do día 12 de decembro de 2016, núm. 367, sobre a Comisaria da Policía Nacional de Santiago.

A Comisaría de Policía Nacional de Santiago atópase cun déficit de persoal dun 28% - dez puntos por enriba do déficit medio en Galicia-, o que se traduce en 64 prazas de axentes sen cubrir -o catálogo de persoal establece 277 e na actualidade hai 213-, a isto hai que sumarlle toda unha serie de demandas realizadas pola Policía de Santiago e que o Ministerio do Interior non atende desde hai moito tempo.

Como exemplos do anterior podemos mencionar a solicitude de servizos extraordinarios para o aeroporto de Lavacolla; a eliminación da presenza policial permanente desde setembro; a existencia en verán dun único coche patrulla, cando tiñan que estar operativos na cidade un total de catro; ou o reforzo da Oficina de Denuncias con persoal de investigación, o que provoca un retraso nas investigacións que se levan a cabo; entre outras.

Estas deficiencia, sumadas ao feito de que, por exemplo, malia contar con galería de tiro, Santiago non ten praza de instrutor (Lugo, si ten praza e non conta con galería), non hai guías caninos, nin inspección de subsolo, nin Tedax (teñen que da Coruña), deixan á nosa cidade nunha situación moi grave.

Todo isto refléxase no incremento dun 40% en roubos con violencia e intimidación, de máis dun 20% en substracción de vehículos ou preto dun 30% máis en tráfico de drogas, destacando un importante incremento no tempo de asistencia ás chamadas, que chega a multiplicarse por catro. Así, por exemplo, nas denuncias por violencia de xénero o tempo establecido é de catro minutos; tempo que chega a ser de 16 pola falta de persoal e medios, é isto pode chegar a ter consecuencia tráxicas.

Hai uns días, anunciouse a decisión do Ministerio do Interior de centralizar as chamadas na Coruña a partires de marzo de 2017, decisión que terá consecuencias moi negativas para o conxunto da nosa cidadanía, xa que vai retrasar de forma considerable as actuacións policiais no ámbito do noso termo municipal.

Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

1.- Instar ao Ministerio do Interior a manter a centraliña na Comisaria de Policía Nacional de Santiago.

2.- Instar ao Ministerio do Interior a dotar dos medios humanos e materiais necesarios para o bo funcionamento da Comisaría de Policía Nacional da Capital de Galicia.

3. Rexistro de entrada do día 14 de decembro de 2016, de urxencia en relación a un informe dos técnicos municipais sobre a instalación da iluminación de nadal (moción de urxencia).

O grupo municipal socialista acaba de ter constancia da existencia dun informe dos técnicos municipais que alertan da inseguridade que existe en todo o alumeado de Nadal, instalado pola empresa Iluminacións Artísticas Salnés, SL.

O risco para a seguridade cidadá queda patente nun informe elaborado polos técnicos municipais do que acaba de ter constancia o grupo socialista; documento que, segundo as informacións coñecidas ata o momento, pon en entredito un alumeado instalado pola empresa adxudicataria.

Estamos ante uns feitos de gravidade, posto que se cuestiona a instalacións do alumeado por motivos de seguridade -de feito, existen denuncias sobre a existencia dun tubo con cableado eléctrico no interior da fonte de Praterías-, e descoñecemos, en primeiro lugar, as medidas que o goberno local ten previsto poñer en marcha e, en segundo, as razóns polas que non se levaron a cabo tarefas de supervisión da execución do contrato coa empresa dende o “minuto cero”.

Por todo o exposto, e ante a gravidade dos feitos, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Compostela vimos a propoñer pola VÍA DE URXENCIA a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1.- Que o goberno local adopte as medidas necesarias para garantir a seguridade na montaxe da iluminación de Nadal.

2.- Que o goberno local inicie a apertura dun expediente á empresa Iluminacións Artísticas Salnés, SL, concesionaria das instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos das rúas, prazas e espazos públicos do casco histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de Nadal 2016, co obxecto de verificar o cumprimento dos pregos do contrato.

EMENDA.-

1.- Rexistro de entrada do día 14 de decembro de 2016, núm. 370, á moción do grupo municipal do Partido Popular relativa á recuperación da Cabalgata de Reis e do Belén do Obradoiro consonte a súa escenografía típica.

O grupo municipal Socialista presenta a seguinte emenda á moción do grupo municipal do PP relativa á recuperación da Cabalgata de Reis e do Belén do Obradoiro consonte a súa escenografía típica.

ACORDO:

Instar ao correspondente órgano de goberno municipal a elaborar en tempo e forma unha programación de Nadal que estea á altura de Santiago, capital de Galicia e capital comercial do interland. Programación que debe ser publicitada no noso país co obxectivo de dinamizar o comercio e a hostalería, atraer o turismo nacional e internacional.

A programación debe ser suficientemente atractiva para as familias e para todos os nenos e nenas da nosa cidade, onde se fusionen cultura, arte, patrimonio e diversión e na que se inclúa a inauguración da iluminación de Nadal, do Belén, a animación nas rúas coa actuación das Corais Compostelás nas prazas, o mercadillo de Nadal, a pista de xeo, un parque infantil de Nadal, a Cabalgata de Reis, concertos en diferentes contenedores culturais da cidade. Unha programación atractiva e á altura dunha cidade cosmopolita e capital da cultura.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA.-

1.Rexistro de entrada do día 12 de decembro de 2016, núm. 368, diante da deportación dun veciño de Santiago a Paraguai (moción de urxencia).

Concepción Fernández Fernández, Concelleira de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte moción,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de novembro tivemos coñecemento da resolución de expulsión a Paraguai por un período de 5 anos dun veciño de Compostela. Un mozo de 19 anos que vivía en Santiago desde os 5 anos de idade. Un alumno do colexio Apóstolo Santiago e do Instituto Xelmírez II. Un xogador das equipas de cadetes e infantís de fútbol do Amio. Un usuario dos diferentes programas socioeducativos municipais. En definitiva, un cidadán máis da nosa cidade.

Dous meses antes, o 22 de setembro, contra este veciño, iniciouse un expediente sancionador por estancia irregular no noso país e impúxoselle a medida cautelar de comparecencia periódica en comisaría. Media que o mozo cumpriu. Ademais realizou as alegacións pertinentes explicando a súa condición de veciño de Santiago xunto co arraigo familiar e social en Galicia.

A pesar de ter realizadas as alegacións e do coñecemento, por parte da Administración pública, de que durante anos tiña recibido protección e apoio socioeducativo dos servizos comunitarios e que tiña estado baixo garda e custodia da Xunta de Galicia, o 22 de novembro comunícaselle a resolución de expulsión. Unha comunicación que recibe xusto cando acude voluntariamente a comisaría en cumprimento das citacións do mencionado expediente iniciado en setembro. Non volve saír en liberdade, automaticamente foi trasladado ao calabozo para iniciar a súa deportación polo procedemento preferente.

Consideramos que a expulsión deste mozo de Compostela, coa súa nai gravemente enferma, coa que convive xunto co seu irmán, é un exemplo da aplicación inhumana e inxusta da lei de estranxeiría. Unha lei que permite que unha vez perdida a condición de menor tutelado, e ao non conseguir (como tantos outros mozos e mozas da súa idade) unha oferta de traballo estable para poder regularizar a súa situación, perde todos os dereitos, de residencia e cidadanía (sanitarios e sociais) e pasa á clandestinidade, ao non se lle ter regularizado a súa situación administrativa.

O proceso de expulsión podería terse evitado, se tivese existido vontade por parte da Administración, pola vía de arraigo social. Esta vía abriría o camiño para arranxar a súa situación legal en España, tal e como recolle a lei de estranxeiría no artigo 31. Fronte a isto aplicouse o procedemento preferente, agravado cunha detención que superou o prazo legal máximo de 72 horas, que podería considerarse un trato cruel conforme ao art. 3 da CEDH.

O caso deste mozo alerta da inhumana política migratoria que impera nos países europeos e tamén das deficiencias do sistema de protección social. No caso deste veciño de Santiago este trato inhumano mestúrase con problemáticas de exclusión social, de desemprego e graves problemas socioeconómicos e de saúde que sofre a súa familia.

Diante desta situación consideramos que é necesario reivindicar unha mudanza radical das políticas migratorias e da lexislación de estranxeiría que ten claros acenos racistas, que atenta contra os principios democráticos elementais e contra os Dereitos Humanos. Unha lexislación que condiciona o recoñecemento dos dereitos humanos fundamentais á posesión de determinada documentación. Así, atopámonos con que unha mera falta administrativa (non ter os papeis en regra) resólvese coa expulsión do país ou a privación de liberdade nos CIEs, en definitiva, deportación e/ou cárcere, como temos denunciado noutras mocións aprobadas neste mesmo Pleno no pasado mes de novembro.

Ante esta situación, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para a súa aprobación os seguintes ACORDOS:

1. Manifestar o compromiso de emprender medidas municipais en base á legalidade e competencias existentes co obxectivo de garantir que ningunha persoa sexa identificada e detida por cuestións raciais e privada de liberdade polo feito de atoparse en situación irregular. En base a iso, comunicárase aos diferentes corpos policiais que actúan na cidade de forma escrita e mediante os organismos de coordinación existente, a oposición deste Concello á identificación baseada no perfil racial e á detención e traslado aos CIE de ningún veciño ou veciña do municipio (acordo adoptado no Pleno de novembro de 2015).

2. Instar á Valedora do Pobo a que abra un expediente e interveña ante as administracións correspondentes coa finalidade de obter información clara e precisa sobre as circunstancias que acompañaron a expulsión deste mozo e se o estima emitir un informe coas recomendacións pertinentes para garantir os dereitos deste mozo e corrixir as actuacións administrativas contrarias a CEDH, inxustas ou improcedentes.

3. Instar á Xunta de Galicia a elaboración dun plan de atención específico que garanta os dereitos das persoas migrantes, refuxiadas e asiladas para promover a súa autonomía, a través de alugueres de vivendas, mediación lingüística, acceso ó sistema sanitario, educativo e social. Aportando os recursos necesarios tanto sanitarios, de reforzo escolar, de educación inclusiva plena, de tradución, de integración e mediación, de xeito que se combata realmente a súa exclusión social reducindo os atrancos burocráticos que moitas veces atopan.

4. Instar á Xunta de Galicia a Derrogar a Orde do 10 de novembro de 2015 “pola que se regula o procedemento para a emisión do informe sobre o esforzo de integración da persoa estranxeira no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia”, establecendo, en cooperación cos axentes sociais implicados e coas restantes administracións públicas, un regulamento unificado e claro sobre os procedementos a cumprimentar e os trámites que sexan precisos na integración e convivencia das persoas estranxeiras.

5. Instar á Xunta de Galicia para que garanta que as e os menores nados en países extracomunitarios que nalgún momento da súa vida esteñan baixo a protección da Subdirección Xeral de Familia e Menores, sexa como tutela ou garda e custodia, poidan asegurar o seu arraigo, o apoio no proceso de inserción socio laboral e a documentación administrativa necesaria para a tramitación da residencia permanente.

6. Instar ao Goberno de España para que cesen as deportacións exprés, mediante as cales a policía deporta a veciños e veciñas do municipio baixo un réxime de detención de 72 horas, sen previo aviso e sen que medie ningún tipo de asistencia letrada (acordo adoptado no Pleno de novembro de 2015).

O Sr. Alcalde indica que se pasa agora ao debate das mocións, que son sete, das que é aprobada a súa urxencia.

A primeira das mocións é do Partido Popular, para a recuperación da Cabalgata de Reis e do Belén do Obradoiro, consonte a escenografía típica.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela, fai defensa da moción.

Comeza a súa intervención dicindo que coa chegada de Compostela Aberta ao goberno municipal desapareceu o belén da Praza do Obradoiro e a Cabalgata de Reis tradicional, foi deformada e reconvertida nunha carnavalada.

Carnavalada animada por regueifas e cancións pop, que desprazaron as composicións musicais típicas deste tempo.

Se a supresión do belén causou contrariedade cidadá, polo que supoñía de empobrecemento da paisaxe, ou do ambiente urbano, a conversión da cabalgata nunha carnavalada xerou a indignación de moitas persoas, sobre todo, por afectar ao imaxinario dos/as nenos/as.

O concelleiro, pregúntase por qué fan isto, e non digan, como xa fixeron o ano pasado, dicindo que recortan as representacións tradicionais do nadal, para asegurar a neutralidade confesional da administración pública, considera o señor Brunete, que tal propósito é innecesario.

Insiste o señor Brunete, que o tempo de nadal é un tempo secularizado, un tempo secularizado no que a neutralidade relixiosa do estado é perfectamente compatible cunha iconografía, cunha escenografía, cunha representación e cunhas ambientacións navideñas, que máis alá do seu remoto orixe relixioso, constitúen hoxe en día, elementos de entidade cultural secularizada e transmitida de xeración en xeración.

Un belén, unha cabalgata de reis, unha panxoliña, son expresións ou significantes orixinariamente confesionais, pero séculos máis tarde non implican un significado, unha función ou un estímulo confesional.

Falar dun belén, falar dunha cabalgata tradicional, non é falar de ningunha práctica relixiosa, é falar dunha vivencia cultural.

Considera o señor Brunete, deixar claro o erro no que incorren algúns/unhas, e no que incorre fundamentalmente o goberno de Compostela Aberta, e é que ver nunha expresión ou nun significado orixinariamente relixioso, un significado confesional, séculos máis tarde, é un despropósito.

Segue a dicir o concelleiro, que isto sitúa ao grupo de Compostela Aberta ante unha contradición biográfica moi dura, e pon como exemplo o nome dalgúns membros do grupo, e indica que os mesmos chegaron por tradición cristiá, grazas ao Concilio do Trento.

No Concilio do Trento determinouse que as persoas para adquirir unha filiación tiñan que asumir nomes que recordarán o martirio cristiá.

E insiste que unha referencia cristiá, non da lugar a un acto de confesión ou de fé, pero parece ser que o grupo de goberno non o entenden así, para o grupo de goberno calquera elemento orixinariamente relixioso da lugar a unha función relixiosa.

Continúa o señor Brunete a dicir, que máis alá das contradicións persoais do grupo de goberno, dilles que son contraditorios no manexo do dominio público, porque retiran o belén e manteñen a cabalgata, porque manteñen a cabalgata para deformala.

O grupo municipal do Partido Popular, entende que as representacións de nadal están secularizadas, e que por iso non teñen que ser nin deformadas, nin vetadas, manter os elementos básicos do ambiente e das representacións tradicionais non condiciona a liberdade relixiosa.

A sucesión de escenas e músicas de nadal, non impediron ao longo dos últimos trinta e oitos últimos anos de réxime constitucional, a máis libre evolución socio-relixiosa da sociedade española.

Remata a intervención o señor Brunete dicindo, que non ten xustificación que recorten expresións típicas e secularizadas do nadal, como pode ser o Belén, ou a deformación da Cabalgata de Reis.

O verdadeiramente grave para o grupo Popular, é que convertan a Cabalgata nunha carnavalada, ou como parece ser que vai ser este ano, unha especie de circo aéreo.

Respecten o tempo dos/as nenos/as, e que deixen os seus experimentos contraculturais para outra ocasión, e que non segan a facer destrozos na ambientación de nadal.

Dona Goretti Sanmartín Rei comeza a súa intervención dicindo que escoitando a intervención do señor Brunete, lembraba cando unha persoa lle intentaba convencer de que se había persoas que defendían elementos laicistas, pois igual había que retirarlle todo tipo de axuda e de subvención a Santiago de Compostela, por se denominar co nome de santo.

Considera a señora Sanmartín que hai doses que teñen que ser do razoable, porque claro se un se pon a analizar, igual os beléns e algunhas das cuestións que teñen que ver con toda escenografía de nadal, ao final nin cultura nin relixión, ao final mercado na inmensa maioría das ocasións, hai beléns que son relixiosos e outros antirrelixiosos, hai uns civís, etc.

Non se esta nos tempos en que as emisoras nacionais de Lisboa, nos tempos de Salazar, para contraponerse a radio Moscovo, comezaba a súas emisións dicindo só hai unha verdade: “Radio Moscova nos dis verdade”. A verdade non é absoluta, é relativa. Historicamente representábanse catro reis magos e non tres, entón claro, hai que ter en conta que as cousas mudan, e as veces mudan para ben.

Considera a concelleira do BNG, con respecto á moción presentada polo grupo Popular, que algunhas das cuestións reflectidas na exposición de motivos que son excesivas no ton, e están un pouco fora da lóxica e da racionalidade.

En todo caso, di a concelleira, que o Belén non esta claro que sexa na Praza do Obradoiro onde teña que estar representado, en todo caso, habería que ir a Conxo onde se segue a celebrar e é o sitio de máis tradición.

O feito de que teña que ser na Praza do Obradoiro a escala humana, parece unha cousa excesiva.

Non é cuestión de poñerse a decidir no que significa e no que representan os beléns, porque claro, San Francisco de Asís o facía para falar da pobreza, outras persoas, dende logo, cando o puxeron en práctica intentaban levar adiante unha misión evanxelizadora, entón, depende quen o faga e como o faga.

Cre dona Goretti, que o razoable é que exista unha planificación de actividades relacionadas con esas datas, onde sexan múltiples e variadas, e dentro diso que haxa posibilidades para o goce, espaxamento, para que todo o mundo o poida pasar ben, e que todo iso estea apoiado e referendado para que haxa bo ambiente nas rúas, e para que poida, ao final todo o mundo gozar das festas.

Remata dicindo a concelleira do BNG, o acordo que se presenta na moción, é que hai que instalar un belén a escala humana na Praza do Obradoiro, que esa sexa a forma de celebrar o nadal, considera, que hai que buscar diversidade de posibilidades e hai moitas maneiras de celebrar no nadal.

O Sr. Alcalde, recórdalle ao señor Brunete que hai unha emenda presentada polo grupo municipal Socialista a moción que se está a debater.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, en primeiro lugar di que esta moción chega tarde para o nadal de 2016.

O grupo Socialista lamenta que o acordo desta moción sexa colocar ou non o Belén na Praza do Obradoiro, ou se a Cabalgata de Reis é tradicional ou moderna, e a eles isto non lles parece suficiente, para que o Nadal en Santiago de Compostela sexa un referente como capital de Galicia.

Considera o señor Muíños, que non se debe establecer unha comparación en clave negativa entre tradición e modernidade, sería cuestión de traballar cara a unha programación elaborada e presentada en tempo e forma, se o investimento que decidiu o goberno é o acaído, a iluminación de nadal que é desfasada, escasa e inapropiada, a pista de xeo está aínda sen licitar, etc.

Por todo isto o grupo municipal Socialista presenta unha emenda á moción do Partido Popular, co acordo que figura transcrito na mesma, dando lectura do mesmo o señor Muíños.

O Sr. Alcalde, toma a palabra e con respecto á moción e di, en primeiro lugar, que isto non debería ser unha moción, en todo caso, un rogo.

Indica que o programa de nadal xa esta presentado e xa se está a actuar, polo tanto, a moción non busca para nada, primeiro nin abrir un debate, nin condicionar a planificación de cara a esta nadal, non ten ningunha utilidade a ese respecto, e sen entrar xa na cuestión competencial, que o debate ten que ser para dar opinións, e a corporación ten que dar as súas, e todas son benvidas, pero considera o señor alcalde, que tamén hai que blindar a cuestión competencial.

Considera que á hora de redactar mocións e proposicións, máis alá, de alimentar determinados relatos interesados, estaría ben, tamén, ter un pouco de seriedade.

O alcalde opina que o programa de nadal dunha cidade é importante, pero realmente ao seu goberno preocúpanlle máis outro tipo de cuestións que afectan a cidade.

Opina o señor alcalde que o señor Brunete nas consideracións que fai sobre o programa de nadal, é un pouco irrespectuoso, e as valoracións que fai carecen dun mínimo de respecto.

O programa ten un formato que pode gustar máis ou menos, pero ten a vontade de estar a favor dos que di defender o señor Brunete, que son os/as nenos/as.

Trasladan unha demanda para a cidade que o grupo Popular, non aplicou cando tiña a responsabilidade do goberno.

A fórmula do nadal tradicional, foi vendo ao señor Conde Roa bailando con dúas mamás Noeles e ao señor Currás.

Como debate buscan eco mediático, que se instale que o grupo de goberno é carnavalesco, contraculturais, rouban nadal.

Insiste o señor alcalde que hai que facer debate cos problemas importantes da cidade, e cos que causan preocupacións para a maior parte dos/as veciños/as.

O grupo de goberno trata de traballar coa maior honestidade, faise unha programación. Incluso o grupo Popular xa cataloga a cabalgata deste ano por anticipado, e dille ao señor Brunete que lle parece todo isto moi pouco serio.

Remata o señor alcalde dicindo que van votar en contra da moción do Partido Popular, sabendo que non é competencia deste pleno, e non queren botar ningún pulso a que non se debata, e sabendo que a programación xa está plantexada, por unha cuestión de posicionamento simbólico da acción de goberno, e de respecto tamén ao traballo de moita xente na programación.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela, di que toma nota de todo o dito polo señor alcalde.

Aclara que trae o seu grupo a moción a pleno un pouco apurados de tempo, pero dille, así mesmo, que tiveron coñecemento do contido da moción fai algunhas semanas.

Trouxeron a moción seguindo un mandato político dos cidadáns, porque os cidadáns queren que haxa un respecto á identidade, é unha moción suxerida por moita xente.

O adxectivo carnavalesco ou o substantivo carnaval, non foi creado pola súa persoa, nin polo grupo Popular, era o adxectivo que se escoitaba o cinco de xaneiro nas rúas de Santiago de Compostela, era o que pensaba a xente.

Con respecto ao que sucedeu o último nadal o grupo popular non se inventou nada, e con respecto a este que ven, témeno todo.

En relación ao Belén, consideran que debería existir un belén que enriqueza a paisaxe urbana, pero preocúpalles máis a cabalgata porque afecta aos nenos/as.

Dille, así mesmo, a señora Sanmartín que apuntou ao belén na Praza do Obradoiro, porque cando gobernaba o BNG, instalaron un belén a escala humana na mesma.

Con respecto á emenda do PSOE non terían inconveniente en agregala a súa moción, pero o que non están dispostos é a asumir os puntos que plantexa o PSOE e eliminar o seu.

Remata a súa intervención o señor Brunete dicíndolle ao alcalde, que esta cuestión foi sempre unha cuestión pacífica gobernase quen gobernase. Gobernando o Bloque non se desvirtuaban, non se desnaturalizaban os perfís simbólicos e esceneográficos ou identitarios do nadal, e chegou este grupo de goberno e montouse o carnaval, e o de carnaval non é unha expresión do Partido Popular.

O Sr. Alcalde manifesta que van votar en contra da moción do grupo municipal do Partido Popular.

Así mesmo, quere dicir varias cuestións en relación á programación, e di que este reduccionismo e esta caricaturización levan, por exemplo, a non valorar que nunha actuación do Consorcio en San Fiz, e cunha actuación municipal de instalación dun belén, o ano pasado pasaron trinta e cinco mil persoas, pero este tipo de cuestións non interesan.

Rematado o debate da moción do grupo municipal Popular, para a recuperación da Cabalgata de Reis e do Belén do Obradoiro consonte a escenografía típica o Pleno da Corporación por 9 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo Popular e 13 en contra dos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 2 PSdeG-PSOE e 2 BNG), polo que queda rexeitada a mesma.

O Sr. Alcalde, indica que a seguinte moción é do grupo municipal do BNG, para garantir o subministro eléctrico ás persoas sen recursos, que defende Don Rubén Cela Díaz.

Don Rubén Cela Díaz, comeza a intervención de defensa da moción presentada polo seu grupo, dicindo que para o Bloque Nacionalista Galego, a pobreza enerxética é unha faciana máis dun problema estrutural que e o empobrecemento global sufrido, sobre de todo, ao longo dos últimos anos do conxunto da sociedade galega, e do que Santiago, por desgraza, non é unha excepción.

En Galiza a taxa de risco de pobreza medrou nun só ano 4 puntos, situándose no 19,4% en 2015. Isto significa que máis de 700.000 persoas están en risco de exclusión social ou pobreza nun país que non chega aos tres millóns de habitantes.

No caso de Santiago fálase de entorno ao 20% da poboación, dos cales, case 4000 persoas estarían nunha situación de pobreza extrema segundo Cáritas.

A situación vese agravada, tanto por recortes, por copagos ou repagos en servizos básicos, encarecementos de servizos como a electricidade, gas, e como o mantemento dun IVE do 21% en produtos de primeira necesidade.

Isto provoca que cada vez haxa máis persoas que non poidan facer fronte a gastos básicos, como o do alugueiro, hipoteca, luz ou calefacción.

Ante da crise no estado español, o número de familias que sufría cortes de luz por impago, superaba ás seiscentas mil familias, que nos últimos anos se viron incrementados substancialmente en Galiza, pois entorno a un 20%, estase a falar de máis de 190.000.

Hoxe máis do 10% dos/as galegos/as dedican máis do 10% do seu salario a manter a temperatura do fogar entre 18 e 20 graos.

A todos estes datos, continúa a sinalar o señor Cela, tampouco escapa Santiago.

Cáritas facía públicos hai uns días, datos do primeiro semestre deste ano, onde comentaban como se tiveran que facer cargo das facturas de luz, auga e gas de cento oito familias de Compostela por importe de máis de dez mil euros.

Esta situación faise especialmente grave ás portas do inverno, é o certo, é a que as portas do inverno hai moitos fogares, sobre todo, fogares con menores ou persoas maiores, cunha especial problemática.

Moitas veces o estado español adoita mirar para a Unión Europea, en concreto, para Alemania e outros países nas cuestións nas que non ten que mirar, e sen embargo, non mira nas que debería mirar.

No caso de Francia está prohibido por lei o corte de subministros básicos en época invernal, e no caso de Alemania procedese ao pago desas facturas a parados e paradas de longa duración.

Polo tanto, o BNG o que pide con esta moción, son basicamente dúas cousas:

Por unha parte, pedir celeridade ao concello á hora de conceder este tipo de axudas, e nese sentido, o seu grupo xa teñen demandado información sobre o estado cuestión, en calquera caso, á maior celeridade posible.

E, por outra banda, pide o BNG que como concello se inste ao goberno central a tres cuestións:

A primeira, a modificación no plano normativo, para poder garantir estándares doutros estados da Unión Europea.

En segundo lugar, que non se produzan nunca, e iso que quede prohibido por lei, un corte de subministros básicos sen autorización previa da administración competente.

En terceiro lugar, que se posibilite legalmente, algo que tamén pasa noutros estados da Unión Europea, que a Galiza poida ter unha tarifa eléctrica propia, porque iso permitiría ter unha factura de luz significativamente máis barata do que está agora, e do que se beneficiarían especialmente as rendas máis baixas e tamén a industria.

Don Rubén di para rematar, quere facer mención a un dato que debería dar lugar á reflexión, a luz no estado español é a máis cara de toda a Unión Europea, agás Irlanda e Chipre, e a ninguén se lle pode escapar que Irlanda e Chipre son illas.

Nese sentido, e ademais tendo en conta que no caso galego, que é un país excedentario e produtor neto de enerxía, estas medidas que acaba de comentar, cre que serían beneficiosas para a parte da sociedade máis feble, e que peor o está pasando, e que máis pratos rotos ten pagado nesta crise que non provocaron.

Don Francisco Reyes Santiás, comeza a intervención dicindo que desgrazadamente con mágoa e dor toca tratar no pleno un tema relacionado coa pobreza.

Trátase hoxe, a pobreza enerxética, que lamentablemente non fixo máis que medrar nestes últimos anos, e que a marxe de cuestións ideolóxicas e partidistas, cre o señor Santiás, que todos e todas teñen que manifestarse a favor dos/as que están a sufrila.

A normativa do Parlamento Europeo sinala o mandato de garantir unha protección adecuada aos consumidores máis vulnerables en canto á enerxía eléctrica, e nese sentido o compromiso do Partido Socialista é claro dende fai tempo.

No ano 2014 o PSOE presentou no Congreso dos Deputados unha proposición de lei que pretendía crear unha nova tarifa social, para os consumidores máis vulnerables que garantira o dereito a un servizo básico para toda a cidadanía. Concepto que ía máis alá do bono social, xa que se recoñecía como un dereito.

Proposición que non saíu adiante polo voto en contra do Partido Popular.

Segue a dicir o señor Reyes, que hoxe no pleno estase a falar outra vez da mesma problemática. O número de fogares con dificultades para pagar o subministro eléctrico, incrementouse durante os últimos anos como consecuencia do aumento do desemprego e das propias tarifas eléctricas.

Segundo os datos do INE a porcentaxe de fogares con dificultades para pagar o subministro eléctrico sitúase por riba do 10%.

A pobreza enerxética é unha das novas formas de vulnerabilidade que aparece como consecuencia do aumento das desigualdades, e mentres isto ocorre, as grandes empresas enerxéticas aumentan as súas contas de beneficios.

Por todo o manifestado, o grupo municipal Socialista votará a favor da moción do BNG.

Remata o señor Santiás a súa intervención, expresando o seu desexo de que a situación dramática que se viviu fai días en Reus, non se volva a producir, e non teña que ser a espita que provoque a sensibilización e a toma de conciencia dos poderes públicos que poden transformar estas situacións.

Dona M^a Teresa Cancelo Márquez, comeza a súa intervención anunciando o voto en contra do grupo municipal do Partido Popular, á moción presentada polo BNG.

Considera a señora Cancelo que estas mocións deben ser interpostas nos órganos competenciais correspondentes.

Sinala, que onte mesmo, no Parlamento de Galicia se estivo a debater este tema, e podería ser perfectamente presentada alí, ao igual que no Congreso dos Deputados.

O voto en contra do grupo Popular, non é porque non lles ocupe, nin lles preocupen as cuestións plantexadas, senón todo o contrario, porque lembra que a primeira vez que neste concello unha prestación para axudar ás familias e ás persoas en situación de vulnerabilidade enerxética, foi precisamente, co goberno do Partido Popular, coa aprobación da ordenanza Compostela + de garantía básica cidadá, que incluía entre as prestacións para sufragar as débedas asociadas a pobreza enerxética, que por certo foi recollida polo actual goberno na ordenanza Santiago Suma.

Sinala a concelleira que en relación á moción do BNG, lembrar que están en funcionamento tres medidas que cobren todas as casuísticas de necesidades de fogares, como son o bono social do goberno central que foi posto en marcha polo goberno Socialista no ano 2009, e que foi mellorado polo goberno do Partido Popular no ano 2013, ao que teñen dereito as persoas que cumpran un serie de condicións.

En Galicia tamén esta ticket eléctrico social, posto en marcha pola Xunta de Galicia no ano 2014 dirixida a familias, persoas con discapacidade, que cumpren os requisitos do IPREM e que non son incompatibles co bono social do goberno central.

Tamén hai unhas axudas urxentes de tipo social, para evitar os cortes de subministro eléctrico ás persoas economicamente máis vulnerables, foi activado este ano polo goberno galego, e subvención ao 100% o importe das facturas.

Quere sinalar, a concelleira, que o custe do subministro non é unilateral, senón que no caso da falta de pagamento está permitido por un Real Decreto, e polo tanto autorizado.

Por último sinala, que en relación á creación dunha tarifa eléctrica galega, baseada na condición de Galicia como excedentaria na produción de enerxía eléctrica, engade que Galicia xa se está a beneficiar por ser unha potencia produtora de enerxía, xa que está a repercutir de forma positiva na economía, na xeración de emprego, na achega ao PIB, e nos impostos e taxas que se están a cobrar.

Considera, así mesmo, a señora Canelo que é unha proposta que rompe co principio de solidariedade entre autonomías, a pesares de que Galicia se beneficia desa solidariedade a través doutros instrumentos, e non ten en conta, aspectos clave como que para producir esa enerxía se consumen grandes cantidades de enerxía primaria das que carece Galicia, nin os custes por transporte e distribución eléctrica, que son máis altos en Galicia que noutras comunidades, polo que o prezo do produto non ten que ver co lugar de produción senón co seu mercado.

Continúa a dicir a señora Canelo, que foi un goberno de progreso, supostamente, o que creo o problema do custe de enerxía de España. Lembra que na última lexislatura socialista a tarifa eléctrica incrementouse nun 50%.

Engade a señora Canelo, que consideran que xa hai os instrumentos necesarios, que se poden mellorar efectivamente, pero que hai instrumentos para garantir o subministro ás persoas sen recursos.

Así mesmo, di que non quere o grupo Popular, illar a Galicia, senón integrarse como parte de España, nun mercado único da enerxía.

Engade que onte no Parlamento de Galicia, o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria anunciou que o goberno galego segue a traballar na mellora dos instrumentos para loitar contra a pobreza enerxética, dentro do marco do desenvolvemento da iniciativa lexislativa popular, presentada no Parlamento e que se está a desenvolver, e na ampliación inmediata da orde para evitar os cortes de subministro, e tamén no caso do gas natural.

Remata a súa intervención a señora Cancelo, anunciando que polas razóns expostas, votarán en contra da moción do BNG.

Dona Concepción Fernández Fernández, toma a palabra e en primeiro lugar, quere aclararlle a señora Cancelo, que a ordenanza Compostela Máis, ordenanza de garantía básica cidadá foi aprobada polo goberno de Compostela Aberta. Santiago Suma foi a que se aprobou polo Partido Popular.

Segue a dicir dona Concepción, que concordan coa exposición de motivos e análise da situación socio económica das familias galegas, e como as políticas de recortes que se aplicaron na crise, contribuíron a incrementar o sufrimento das familias, e a restrición de dereitos sociais básicos, para extensas capas da poboación e que van en incremento.

Considera o grupo de goberno, que as leis e o deseño normativo nestes anos, abondou na protección dos intereses e ingresos das subministradoras e distribuidoras de enerxía, pero non blindou a protección de dereitos e servizos básicos para a vida das persoas, como vivenda, emprego, enerxía, por iso é que milleiros de familias en situación de pobreza vense obrigadas a depender dun sinfín de prestacións e axudas precarias, que escasamente, cobren as necesidades básicas, prestacións de desemprego mínimas, rendas de inclusión insuficientes, bonos de alimentación, bonos de alugueiro, ticket eléctrico, prestacións diversas de rescate social, que non conseguen rachar o círculo da pobreza, e só incrementan os penosos itinerarios para conseguir restos de axudas e asistencias.

Segue a dicir, que mentres que todo o anterior sucede, as facturas dos recibos eléctricos das familias seguen a subir, e tamén, seguen incrementándose exponencialmente, o beneficio das provedoras e subministradoras eléctricas.

Considera o grupo de goberno, que por tratarse dun servizo esencial, a provisión de enerxía, que permite garantir dereitos básicos, non pode estar regulado, exclusivamente, polas regras de libre mercado.

Por todo iso, considera dona Concepción, que deben realizarse as modificacións lexislativas necesarias para garantir o subministro eléctrico ás familias máis pobres, e o goberno do Estado, é quen ten as competencias, e debe regular a prohibición de corte de subministro por parte das empresas provedoras de subministros esenciais. Esta é a mellor, máis rápida e máis garantista media que non ocorra o que desgrazadamente ocorreu en Reus.

Concordan dende o grupo de goberno, dado que en Galicia hai excedentes de produción de enerxía eléctrica, consideran que o goberno do Estado, pode transferir as

competencias para a creación dunha tarifa galega, máis adecuada aos recursos económicos, e as necesidades das familias galegas.

Remata a concelleira a súa intervención, anunciando o voto favorable do grupo de goberno á moción do BNG.

Don Rubén Cela Díaz, anuncia que vai facer de maneira breve, un par de apuntamentos.

O primeiro, o da tarifa eléctrica, e como xa dixo na súa primeira intervención, hai diferentes países da Unión Europea, Estados consolidados que teñen tarifas diferenciadas no seu ámbito territorial.

Di o señor Cela, que lle pode asegurar ao Partido Popular, que ter unha tarifa eléctrica galega, nin racha coa lei de mercado, nin racha con España, é unha cuestión, de distribución eficaz e eficiente dos propios recursos.

Engade o señor Cela, que di isto, porque segundo o que dixo da representante do Partido Popular que Galicia xa se beneficia da súa condición de produtora de enerxía, aclara o señor Cela que se beneficia pero parcialmente.

Precisamente Galiza sofre os custos sociais, medioambientais, territoriais, de ter un sinfin de centrais hidroeléctricas e encoros nos ríos galegos, muíños de vento en espazos que deberían estar protexidos en termos medioambientais, ou en cuestións centrais, como pode ser Meirama, etc.

Segue a dicir o señor Cela, que o gran beneficiado disto, pois evidentemente, no caso concreto do estado español, a Comunidade de Madrid, entre outras, que non produce, pero si que se beneficia desa produción enerxética, por certo, que unha parte importante perdese no transvase e no transporte desa enerxía dende Galiza ao centro da meseta.

Polo tanto, unha tarifa eléctrica galega, non sabe o señor Cela a quen lle pode asustar, pero o que si que sabe é a quen lle pode beneficiar.

Beneficiáralle en primeiro lugar, a industria actual de Galiza e a que se puidera asentar, asegura que a Alcoa na mariña lucense non lle resultaría indiferente, a Citroen tampouco, e as parcelas que están baleiras no Polígono da Sionlla de cara a captar novas empresas, considera, que non resultaría indiferente.

Non lles resultaría indiferente ao conxunto dos/as galegos/as, e sobre todo, as rendas máis baixas de poder ter unha tarifa substancialmente máis barata, ente outras cousas, porque hai múltiples estudos que indican que esa tarifa eléctrica podería permitir reducir

ate máis dun 50% a tarifa media que paga unha persoa polo seu consumo de electricidade.

A segunda cuestión, comentaban por parte do grupo Popular, máis ou menos ,que non tiña sentido traer isto, porque falaba de ámbitos competenciais todos alleos. Indica o señor Cela que unha parte do que se está a falar ten que ver co Concello de Santiago, xa facía referencia a esa celeridade e a cuestións que se poden mellorar no ámbito de atención social. Hai cuestión que sen ser competencia municipal, cre que non é menor e que non está recollida, e é a prohibición por lei dos cortes, cando menos, en período invernol, cre o señor Cela que iso pódese facer como se fai noutros países, sen ningún tipo de problema, e acaban de facer os grupos municipais do Partido Socialista e Compostela Aberta referencia a un caso trágico, pero non hai que ir a casos trágicos para ver que o funcionamento de moitas das compañías eléctricas que operan no estado español, pois non só insensibles a determinadas casuísticas, senón que ten provocado moitísimos prexuízos.

Por último sinala o señor Cela, que no caso da pobreza enerxética como xa comentou na súa primeira intervención, non deixa de ser unha faciana máis, pois dun rostro bastante máis complexo, que é o resultado de determinado tipo de políticas económicas levadas a cabo no conxunto da Unión Europea, e a súa concreción práctica en Galiza, que se ven complementadas, por desgraza, con outro tipo de medidas.

Considera que a aprobación desta moción, no que ten que ver co concello, e no que ten que ver con instar a outras administracións públicas, dende logo non ten ningún problema e si podería ter múltiples beneficios para unha inmensa maioría da sociedade galega.

Don Francisco Reyes Santiás, di que lle sorprendeu escoitar algunhas cousas, aclara que os últimos catro anos con maioría absoluta do Partido Popular, rexeitaron absolutamente todas as iniciativas lexislativas que presentou a oposición no Congreso dos Deputados, absolutamente todas, aproveitando a maioría absoluta, que falaban, precisamente, de mellorar as condicións daquelas persoas máis vulnerables con respecto ao problema da pobreza enerxética.

O portavoz de enerxía do Partido Popular no Congreso, chegou a dicir que non se podía plantear que a pobreza enerxética era o mal que invadía o país, o que é unha clara mostra, de insensibilidade social.

Recorda o señor Santiás, que o Partido Popular afundiou coa súa normativa a un sector, como o da enerxía alternativa, sostible e verde, e que eliminara a posibilidade de xerar postos de traballo, e iso fixo o Partido Popular, tamén aproveitando a súa maioría absoluta.

Estase a falar non só de trescentas mil persoas en Galicia que teñen dificultades para abordar o pago da electricidade, senón que cada ano en España morren sete mil duascientas persoas por este motivo, o que é máis que as mortes por accidente de tráfico.

O Partido Socialista presentou fai pouco no Congreso unha iniciativa para reformar a lei do sector eléctrico, para que se asegure o subministro aos consumidores máis vulnerables.

Tamén, se presentou fai pouco no Parlamento de Galicia, a posibilidade de xerar unha liña de axudas sobre servizo mínimo de electricidade.

Polo tanto, poden votar as dúas iniciativas do Partido Socialista.

Remata o señor Santiás a súa intervención, dicindo que é necesario, amosar unha clara sensibilidade neste tema, e polo tanto, van votar a favor.

Quere facer un recordatorio, o señor Santiás, de que un conselleiro de industria do goberno Fraga, o señor Couceiro, planteou o mesmo que plantexa o BNG nesta moción, que se cobraran diferentes tarifas eléctricas partindo de que nesta Comunidade Autónoma se xeraba enerxía, e polo tanto, non existían custes de transporte.

Dona M^a Teresa Cancelo Márquez, quere dicirlle ao señor Cela que no acordo que propón ao pleno, non aparece nada do goberno local.

Quere, así mesmo, facer outra puntualización, que o gran problema da política enerxética española, é a instalación no ano 2008 da potencia de máis de tres mil megavatios en xardíns fotovoltaicos que tiñan un custe máis de sete veces superior ao que se plantexara, isto foi o que xerou a maior parte do deficit tarifario.

Unha cousa é facer unha política de instalación de enerxías renovables e outra cousa é facela ben ou mal, ese é o maior problema.

Remata dicindo que a Xunta de Galicia xa ten postas en marcha medidas e segue a traballar no tema.

Dona Concepción Fernández Fernández, soamente intervén para reiterar que a mellor, a máis rápida e eficaz forma de garantir dereitos e de protexerse da pobreza enerxética, é modificar a norma que existe sobre a distribución da mesma, e garantir que non poidan existir cortes unilaterais do subministro.

Rematado o debate da moción do grupo municipal do BNG, para garantir o subministro eléctrico as persoas sen recursos, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 2 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

Instar á Xunta de Galiza ás seguintes cuestións:

a) Realizar as modificacións lexislativas necesarias para garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos.

b) Instar ao Goberno do Estado a regular a prohibición taxativa de corte de suministro unilateral por parte das empresas subministradoras de servizos esenciais, particularmente os de enerxía, ás familias, precisándose en todo caso a autorización da administración competente para evitar os cortes a persoas e familias sen recursos.

c) Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilibite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

O Sr. Alcalde, indica que a seguinte moción en ser debatida é a do grupo municipal do Partido Popular, que defende a concelleira Dona María Antón, en relación á colocación de placas en monumentos conmemorativos e elementos análogos, e é aceptada a emenda presentada polo BNG.

Dona María Antón Vilasánchez, comeza a defensa da moción por eles presentada, dicindo que ten unha sinxela finalidade que é a valoración da oportunidade da colocación e instalación de bens mobles no dominio público do concello, sexa por consenso dos grupos políticos que representan a veciñanza de Santiago.

Indica a señora Antón, que esta moción xurde ao fío da autorización para a colocación dun monólito nos xardíns situados xunto a igrexa de San Caetano.

Non van entrar no fin senón no fondo, o uso do dominio público, a pesar de que sexa feita por unha asociación sen fin de lucro, e os compromisos que adquire o concello ao permitir a colocación de calquera instalación no termo municipal.

A Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, determina no artigo 92.3: “as autorizacións deberán outorgarse por tempo determinado, o seu prazo máximo de duración e incluídas as prórrogas será como máximo de catro anos”, e no punto 7: “sen prexuízo dos demais extremos que poidan incluír as condicións xerais ou particulares, o acordo de autorización de usos de bens e dereitos demaniais incluírá, alomenos, a asunción dos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como o compromiso de utilizar o ben segundo a súa natureza e entregalo no estado no que se recibe”, e reitera no punto i): “o prazo e réxime de prórroga de subrogación que en todo caso requirirá a previa autorización”

Pregunta a señora Antón, qué tipo de autorización fixo o concello?, ten intención de que a asociación promotora da instalación do monólito o retire nun prazo máximo de catro anos, ou pola contra, ten vocación permanente, se fose así, estaríase a falar dunha concesión, ou estase a pensar noutra figura xurídica como a doazón, caso no que se estaría aceptando un incremento patrimonial do concello, que tería que ser aceptado polo Pleno.

En calquera das situacións, o grupo municipal do Partido Popular entende, que este tipo de cuestións deberían comentarse entre todos os grupos con representación plenaria, ao igual que as honras e distincións outorgadas polo concello, de xeito, que se evitaría colocar placa sobre placa, ou unha invasión de monólitos no espazo público.

Imaxinen que todas as manifestación de Santiago de Compostela, quixeran colocar un monólito en lembranza da súa estadía na cidade, onde estaría o límite?, na valoración de se gustaba ou non a súa reivindicación?, na valoración da entidade que o solicita?, qué criterios se manexaron ou que criterios manexou, neste caso, o concelleiro á hora de autorizar esta petición?

Sabe o grupo municipal Popular que hai unha marxe de discrecionalidade que pode ser utilizada polo responsable destas autorizacións, pero en todo caso, debe ser unha discrecionalidade motivada, non arbitraria.

O grupo popular propón que estas autorizacións se traten no ámbito da comisión de condecoracións, porque o esperado regulamento acordado no pleno de decembro de 2015, cre que non o van ver nesta lexislatura

Remata a señora Antón dicindo que a aceptan a emenda do Bloque Nacionalista Galego e queda incorporada na moción por eles presentada.

Don Rubén Cela Díaz, comeza a intervención dicindo que o BNG entende que este tipo de distincións, como acaba de comentar a concelleira do grupo popular, en relación á colocación dun monólito ou outras, pois efectivamente, deberán pasar pola comisión

de condecoracións e acadar un consenso de todos os grupos municipais como xa pediron en reiteradas ocasións, e como se fixo nesta corporación durante moito tempo.

Para a concesión de honras e distincións honoríficas que están establecidas ao concello, hai que instruír o oportuno expediente ao efecto e compartilo con todos os grupos municipais, que servirá para determinara os métodos e as circunstancias que aconsellen a concesión.

Ademais, dende o punto de vista do BNG, deberían ser propostas consensuadas e tamén o que suxiren é habilitar, como xa comentou a señora Antón, un mecanismo de urxencia que se poida efectuar a través da convocatoria, por exemplo, da xunta de portavoces, cando así, as circunstancias o requirirán, por cuestións de urxencia ou de oportunidade, con carácter excepcional e sempre que os méritos da persoa ou colectivo homenaxeado fosen notorios, ou o presidente da corporación municipal, por iniciativa propia, ou da solicitude de calquera dos grupos da corporación, pois puidera someter á xunta de portavoces, a proposta razoada do outorgamento do título, condecoración ou distinción correspondente.

O señor Cela quere aproveitar a ocasión deste debate, para reclamar que se cumpran acordos adoptados en pleno que fican no esquecemento, tamén nesta materia como noutras, e que moitas veces teñen un custo económico moi pequeno ou moitas veces un valor simbólico, como é o de poñer unha placa co nome de “Begoña Caamaño”, como se acordou en pleno nun parque das Fontiñas.

En definitiva, o BNG insta ao goberno municipal a instar a convocar a comisión de condecoracións co obxecto de normalizar a concesión das distincións honoríficas outorgadas por parte da corporación, para premiar os méritos específicos, os feitos sobresaíntes, calidades, circunstancias singulares ou servizos extraordinarios prestados ao Concello de Santiago por persoas ou institucións, e ademais, urxen e xa o teñen reiterado en pleno durante este mandato, e tamén en mandatos anteriores, a actualizar a listaxe de denominacións de espazos públicos, prazas, avenidas, rúas, edificios públicos, etc., como se viña facendo por tradición na corporación do Concello de Santiago e por consenso de todos os grupos.s

Don Francisco Reyes Santiás, di que entenden que unha cuestión como o recoñecemento dos méritos especiais de determinados veciños e veciñas do concello, efectivamente, require o consenso de todos os grupos, e polo tanto, o lugar axeitado para tratar estes temas é a comisión de condecoracións.

Considera o grupo socialista entende que probablemente non sexa o máis positivo, unha proliferación excesiva de recoñecementos, de placas e monólitos, porque é certo que hai moita xente moi singular e excepcional nesta cidade, pero pensan que o que hai que

facen é axustar eses recoñecementos, para que sexan verdadeiramente valorados na súa medida por todos e todas.

Están de acordo, tamén no manifestado polo señor Cela, que existe a posibilidade para casos de urxencia que se poidan presentar que se someta ao xuízo, votación e criterio da xunta de voceiros/as estas propostas.

Remata dicindo o señor Santiás, que o que é esencial a estas alturas, é presentar un calendario para aprobación do Regulamento, e anuncia o voto favorable do seu grupo á moción do Partido Popular.

O Sr. Alcalde, toma a palabra e en primeiro lugar di que vai ser breve, porque xa se vai con moito retraso na sesión plenaria, adianta que o voto do grupo de goberno vai ser negativo, aínda a sabendas de vai prosperar a iniciativa.

Cónstalle ao señor alcalde, os intentos do señor Díos en activar a comisión de condecoracións, falouse do tema na xunta de portavoces, e intentase coas placas e actos que se fan, falalo en xunta de portavoces.

Considera o señor alcalde, que o fondo que desencadena a iniciativa do Partido Popular, é a colocación dunha pequena peza de pedra da xente do cerco, a petición que fixo en agradecemento á cidade de Santiago, polo campamento reivindicativo que tivo enfronte da Xunta.

Non sabe o señor alcalde, se poñéndose formalista iso tería que ter ido a unha comisión de condecoracións, pero entende, o señor alcalde que un colectivo que lle quere agradecer a cidade, a súa solidariedade cunha reivindicación que era xusta, independentemente de que o conseguisen ou non, e que incluso ten a sensibilidade de encargar a peza e colocala, que iso desencadene nunha moción para intentar regular todo este tipo de cuestión dentro do regulamento.

Intentase falar das iniciativas que se levan, e de feito, cónstalle que o señor Díos quere activar a comisión de condecoracións, intentarase activala, intentarase actualizar o regulamento, pero máis alá diso, o voto negativo é un voto simbólico, porque entende que nesa discrecionalidade está a autorización.

Dona María Antón Vilasánchez, contéstalle ao señor alcalde, e cre que confundiu o sentido da moción, porque ela mesma aclarou na súa primeira intervención, que non entraban no fondo, porque non están a pedir que se revogue esa autorización, o grupo popular non se opón a autorización.

De todas maneiras espera a señora Antón, que maña non veñan os dos tractores que tamén estarán moi agradecidos á cidade de Santiago, e os de SEAGA, porque entón o que vai ter un problema, é a discrecionalidade do Alcalde.

Rematado o debate da moción do grupo municipal do Partido Popular, para a colocación de placas en monumentos conmemorativos e elementos análogos, á que incorporan a emenda de adición do BNG, polo que o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PP, 2 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta Partido Popular, acorda instar ao correspondente órgano do goberno municipal a que:

- 1. As iniciativas de ocupación do dominio público con fins conmemorativos ou semellantes -interesadas por particulares ou promovidas polo Concello- que impliquen obra ou instalacións fixas, ou que sendo instalacións desmontables se prolonguen no tempo, sexan sometidas ao ditame da Comisión de Condecoracións, sen prexuízo da obtención doutros ditames.**
- 2. No Regulamento de Concesión de Honras e Distincións do Concello de Santiago que se aprobe no actual mandato se dedique un apartado específico para regular de forma taxativa todo tipo de instalacións conmemorativas.**
- 3. En casos de urxencia, a decisión de propor e autorizar este tipo de distincións deberá someterse ao criterio da Xunta de Portavoces.**

O Sr. Alcalde, di que toca a quenda á moción do grupo municipal do Partido Socialista, sobre o estado da rúa do Home Santo.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, di que esta moción é froito dunha petición da veciñanza, é unha débeda histórica, xa foi presentado algún rogo por parte do BNG sobre o mesmo asunto.

A rúa do Home Santo, situada ao leste da cidade, nas proximidades da estación de autobuses, arrastra unha serie de problemas dende fai tempo. Á falta de mantemento xeneralizado que se aprecia na ausencia de limpeza na praza ou na presenza de mangueras de regadío, ao que se engaden diversas deficiencias en materia de seguridade cidadá.

A primeira, a falta de iluminación, a rúa con arredor de 500 metros de lonxitude, ten unha deficitaria iluminación, tal como se aprecia nas fotografías que engaden á presente

moción, o que está a xerar inseguridade na cidadanía polas noites. Durante os meses de inverno a situación agrávase máis aínda.

En segundo lugar, os/as veciños/as da rúa levan tempo amosando o seu malestar e preocupación pola seguridade do tráfico, dun xeito específico polos badéns, que teñen unha altura demasiado elevada e hai unha zona onde non están sinalizados.

O grupo municipal Socialista considera que se trata dunhas reclamacións xustas e sinxelas de arranxar.

Por todo, o grupo municipal propón a adopción dos acordos que aparecen recollidos no texto da moción.

Don Rubén Cela Díaz, simplemente toma a palabra para anunciar o voto positivo do BNG, e engade que comentaba o señor Muíños, ten moito que ver no seu contido con algo presentado polo seu grupo, a través da formulación dun rogo en novembro do ano pasado, sobre todo, no que tiña que ver coas deficiencias detectadas por parte da veciñanza do entorno, en materia de iluminación, así como, algunhas outras pequenas cousas facilmente mellorables.

Dona Teresa Gutiérrez López, indica que como se pode apreciar é un tema que xa se trouxo en forma de rogo ao pleno de decembro do ano pasado por parte do BNG, ao que o concelleiro contestou que se revisaría e corrixiría no preciso.

Un ano máis tarde volve vir a pleno, o mesmo contido en forma de moción, que se trae por parte do grupo Socialista.

A rúa do Home Santo é unha rúa recentemente remodelada, as obras remataron en setembro de 2011, pero como todas as vías da cidade necesitan de mantemento, e con isto refírome fundamentalmente á limpeza e ao mantemento das zonas verdes, que están totalmente abandonadas.

Ademais, require como calquera rúa das adecuadas condicións de seguridade vial, e se os veciños manifestan a súa preocupación pola seguridade vial, non debería esperarse un ano para que os técnicos do concello vaian a revisar, e se leven a cabo as correccións precisas, especialmente aquelas que son sinxelas, como a sinalización adecuada dos badéns, é algo que os técnicos deben valorar.

Con respecto á iluminación, indica a señora Gutiérrez, que os niveis de iluminación están definidos polo Real Decreto 1890/2008, de 14 de novembro, polo que se aproba o regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumeado exterior e instalacións complementarias.

Cando se percibe por parte dos cidadáns de que hai unha deficiencia na iluminación, o que debe facerse é ir á zona e medir, porque ás veces as percepcións non se corresponden coa realidade, engade a señora Gutiérrez, que a ela persoalmente parécelle que hai unha deficiencia, pero en todo caso, considera que hai que comprobalo.

Remata a súa intervención dicindo que van votar a favor da moción, e coas esperanzas postas de que en decembro do vindeiro ano non teña que traer o grupo Popular este tema a pleno.

Don Jorge Duarte Vázquez, indica que este proxecto, como xa indicou dona Teresa, é un proxecto do goberno bipartito, finalizouse fai cinco anos, e o problema da iluminación non é un problema deste último ano e un problema que xa ven de atrás do que hai queixas, pero que veñen de cinco anos atrás.

Estudouse o tema, e estase intentando buscar unha solución para aumentar a iluminación.

Con respecto ao temas dos badéns, a solución dos badéns é unha solución que no seu momento cumpría coa normativa, e a súa finalidade é a redución da velocidade.

O grupo de goberno, entende que neste tipo de propostas, que a veces son por falta de mantemento, e postura do goberno, é a da abstención, porque entende que son propostas que piden os veciños e que ten que ser resoltas función da capacidade orzamentaria en cada momento, e dos contratos de mantemento tal e como poden asumir.

Remata dicindo que a postura do grupo de goberno nestas cuestións, aquelas cuestións que son atender a melloras que reclaman os/as veciños/as toman nota e van facendo en función da capacidade de execución ou dos programas de mantemento.

En relación ao tema de iluminación, insiste, en que efectivamente se recibiron queixas e estase a buscar a mellor solución.

Con respecto aos badéns, o único problema é o exceso de velocidade, as outras pequenas cousas das que se fala, están na mente do goberno municipal e iranse resolvendo en función da capacidade orzamentaria.

Rematado o debate da moción do grupo Socialista, en relación ao estado da rúa do Home Santo, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do Partido Popular e do BNG (2 PSdeG-PSOE, 9 PP e 2 BNG), e 9 abstencións

correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda:

- 1. Resolver o problema de falta de iluminación na rúa do Home Santo, instalando os puntos de luz que sexan necesarios ao longo de toda a rúa.**
- 2. Levar a cabo de forma urxente as pequenas actuacións que demanda a veciñanza, sobre todo aquelas que teñen impacto na seguridade viaria e executar o mantemento da zona.**

O señor Alcalde, indica que a moción que toca defender é do grupo municipal Socialista relativa á Comisaría da Policía Nacional de Santiago.

Don Francisco Reyes Santiás, fai defensa da moción presentada polo seu grupo.

Comeza a súa intervención dándolles a benvida e agradecendo a presenza de D. Abel Lobato, representante do Sindicato Unificado da Policía e ao seu compañeiro do corpo, e así mesmo, pedirllas desculpas por todo o tempo que tiveron que esperar para chegar a defensa da moción.

A Comisaría de Policía Nacional de Santiago atópase cun déficit de persoal dun 28%, dez puntos por enriba do déficit medio en Galicia, o déficit máis elevado porcentualmente das sete grandes cidades en Galicia.

O que se traduce, concretamente, para Compostela en 64 prazas de axentes sen cubrir. O catálogo de persoal establece 277 e na actualidade hai 213, a isto hai que sumarlle toda unha serie de demandas realizadas pola Policía de Santiago e que o Ministerio do Interior non atende desde hai moito tempo.

Como exemplos do anterior poden mencionar a solicitude de servizos extraordinarios para o aeroporto de Lavacolla; a eliminación da presenza dunha unidade de intervención policial permanente desde setembro; a existencia en verán dun único coche patrulla, cando tiñan que estar operativos na cidade un total de catro; ou o reforzo da Oficina de Denuncias con persoal de investigación, o que provoca un retraso nas investigacións que se levan a cabo, entre outras.

Estas deficiencias, sumadas ao feito de que, por exemplo, malia contar con galería de tiro, Santiago non ten praza de instrutor (Lugo, si ten praza e non conta con galería), non hai guías caninos, nin inspección de subsolo, nin Tedax, teñen que vir da Coruña, deixan á nosa cidade nunha situación moi grave, sendo a capital de Galicia, e a sede das institucións autonómicas.

Todo isto reflíctese no incremento dun 40% en roubos con violencia e intimidación, de máis dun 20% en substracción de vehículos ou preto dun 30% máis en tráfico de drogas, destacando un importante incremento no tempo de asistencia ás chamadas, que chega a multiplicarse por catro, as anteriores cifras reflicten a comparativa do acumulado de xaneiro a novembro comparado co ano pasado.

Así, por exemplo, nas denuncias por violencia de xénero o tempo establecido é de catro minutos; tempo que chega a ser de 16 pola falta de persoal e medios, é isto pode chegar a ter consecuencia tráxicas.

Hai uns días, anunciouse a decisión do Ministerio do Interior de centralizar as chamadas na Coruña a partires de marzo de 2017, decisión que terá consecuencias moi negativas para o conxunto da cidadanía, xa que vai retrasar de forma considerable as actuacións policiais no ámbito do noso termo municipal.

En Santiago existían dous operadores por quenda; na Coruña dezaseis operadores que asistían as demandas e as chamadas da cidade da Coruña, e agora van ter que atender eses dezaseis operadores as chamadas de Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela, e por suposto, pode suceder que alguén que está recibindo unha chamada na Coruña e que pode non coñecer exactamente unha parte importante do Concello de Santiago de Compostela, vai dar instrucións aos axentes da policía de Santiago con respecto a un lugar calquera do termo municipal de Santiago.

Engade o señor Santiás, que recentemente nestes pasados vinte días, e despois de vinte anos, pola información da que dispón o seu grupo, de non terse operado a chamada do pánico, pois unha patrulla de dous axentes que estaban nun operativo, tiveron por primeira vez en vinte anos, que facer esa chamada, e indica que os dous axentes se atopan de baixa por mor de lesións na situación que atenderon.

Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte moción:

1.- Instar ao Ministerio do Interior a manter a centraliña na Comisaria de Policía Nacional de Santiago.

2.- Instar ao Ministerio do Interior a dotar dos medios humanos e materiais necesarios para o bo funcionamento da Comisaría de Policía Nacional da Capital de Galicia.

O Sr. Alcalde, recórdalle a o señor Santiás que hai unha emenda do Partido Popular.

O Sr. Santiás, di que non teñen inconveniente en modificar no punto 2, o bo funcionamento polo mellor funcionamento, non teñen ningún inconveniente, pero o de

manter a centralíña para o grupo Socialista é o esencial da moción, e queren unha votación conxunta dos puntos.

Dona Goretti Sanmartín Rei, comeza a súa intervención indicando que recoñecen os problemas que existen derivados da taxa para incorporar persoal na administración, con todo, queren afirmar como BNG, que hai ámbitos máis preferentes, para xustamente facer esas reposicións de efectivos, son máis preferentes para o BNG os ámbitos da educación, da sanidade, ou reforzo das figuras de mediadores e mediadoras sociais.

Indica dona Goretti, que non comparten o catastrofismo que aparecen na moción presentada polo grupo municipal Socialista, porque parte dun discurso de inseguridade, que moitas veces ao final contrasta con outro tipo de datos.

Por un lado, existe un discurso que intenta facer ver que fan falta moitos máis recursos, moitos máis efectivos policía, pensando que eses efectivos policía van ser os que van solucionar problemas que son sociais, que teñen que ver coas desigualdades, coas discriminacións, coa pobreza, cando aí é necesaria outro tipo de implementación e que non se solucionan desa maneira.

Por outro lado, o nivel delitos en Santiago é moi inferior que noutros lugares turísticos, e se se quere falar de cifras a nivel do Estado Español, o Estado Español é o segundo estado da Unión Europea con maior número de policía por habitante, entón ao BNG fállelle algún elemento importante que é, que modelo de policía se quere e que funcións, por iso o seu grupo pide que se poida facer unha votación por puntos da moción.

Considera dona Goretti, que o primeiro punto da moción, para o seu grupo é moi importante, o de que as chamadas poidan ser recibidas en Santiago de Compostela, e que ese tipo de cuestións se poidan efectuar con axilidade.

Pola contra o segundo punto, onde só se fala de incrementar o número de efectivos policiais, para o seu grupo iso debería de levar a unha reflexión máis profunda que a moción non aborda, e que se refire, ao modelo de policía que se quere, que funcións debería ter, etc.

Cre a señora Sanmartín, que a parte na moción, estanse a mesturar temas moi diversos, o tema da violencia de xénero debería de ir por outra vía, con iso non quere dicir que lles parezan suficientes, porque todo o que se invista en violencia de xénero é moi importante, non é que lles parezan suficientes os 91 efectivos que a Xunta anunciou da policía autonómica para protexer mulleres en situación de risco no país, e ademais tamén dicía que a Comisaría de Santiago era unha das que asumía esa competencia.

O BNG considera, sen embargo, que hai outras cuestións que se aprobaron en pleno, recollidas en mocións, que son:

Instar a revisar os protocolos e coordinar as actuacións dos corpos de seguranças, e investir nun plan que sexa multidisciplinar, e falando de cuestións que teñen que ver con formación dos corpos policiais, máis de todo o que ten que ver co tema xudicial, co tema educativo, co tema sanitario, hai uns elementos, que cre que non deberían ser mesturados.

Insiste, dona Goretti, que o BNG solicita a votación por puntos, porque a posición que manteñen non é mesma con respecto aos dous puntos.

Don Claudio Montiel Carracedo, comeza a súa intervención que cando leu esta moción, o primeiro que se atopou foi cunha visión case apocalíptica da seguridade en Santiago de Compostela, é como é lóxico, entroulle un certo desasosiego, pero pensa seguir facendo vida normal, porque a inseguridade cidadá en Santiago para nada está ata o punto no que aparece reflectido na moción.

Continúa a dicir que se son analizados os datos concretos de todas as tipoloxías delictivas publicadas do terceiro trimestre, vese que as subidas que poden existir nunhas compénsanse con baixadas noutras. Hai un descenso de furtos de 10,2%, un descenso de roubos con forza en domicilios do 23%, etc., en definitiva, as infraccións penais totais descendén nun 1%, e actualmente a taxa de criminalidade de Santiago, como dicía a señora Goretti, que son as infraccións penais, por cada 1000 habitantes é a máis baixa de toda a serie histórica dende o 2005 ata a actualidade.

Se se teñen en conta os datos que aparecen reflectidos no texto da moción do grupo municipal do Partido Socialista, tampouco serían malos, dende unha perspectiva de eficacia policial e de detencións, é dicir, aínda que só se acudirá a esas tipoloxías nas que se incrementaron os delitos, pódese dicir que hai unha resposta policial bastante importante. Unha eficacia policial do 84% en roubos con violencia, moi superior á do ano pasado, 36 detencións fronte as 9 de 2015, en roubos de vehículos un incremento de eficacia do 17%, etc.

Engade o señor Montiel, que o Partido Popular sempre amosou unha especial sensibilidade pola seguridade e polo apoio as forzas da orde, por iso, entenden que non se debe caer nin no catastrofismo, nin con iso provocar alarma social con este tipo de informacións que pensan que son sesgadas.

Con respecto ao primeiro punto da moción, con respecto a centralizar as chamadas a nivel provincial, pasa na Coruña en Pontevedra, e xa se implantou noutras comisarías do resto de España.

Trátase dunha medida de eficacia administrativa, de modernidade, e de progresiva tendencia na nova era dixital, sen que poida entenderse por iso, unha menor prestación do servizo de atención ao cidadán.

A centralización destes servizos vai garantir, segundo lle indicaron, unha maior operatividade do servizo e do sistema, e unha cobertura adecuada que agora mesmo se está vendo dificultada polo feito de dispor, en moitas ocasións, de varios centros locais de asistencia telefónica.

Respecto aos medios humanos e materiais, que se citan na moción no segundo punto, evidentemente, en canto aos medios humanos e materiais, sempre haberá que esixir unha adecuada dotación, e calquera incremento é para o grupo popular, desexable e benvido.

Non obstante, relacionar os medios actuais cunha deficiente prestación do servizo, pérecelle desproporcionado, xa que na actualidade entende que a dotación é considerada suficiente para un correcto funcionamento do servizo.

Engade o señor Montiel que os medios extraordinarios para a prestación do servizo guías caninos, helicópteros, etc., en Santiago convértense en ordinarios ao ser servizos que con respecto á cidade forman parte das plantillas habitualmente.

Don Xan Duro Fernández, anuncia que vai ser breve na súa intervención.

En primeiro lugar di que comparte algunhas das reflexións feitas polo BNG con respecto á moción, e considerando que hai outros modelos policiais a desenvolver, e que están sen desenvolver no país, si que quere recoñecer, as necesidades que ten o corpo nacional de policía, parellas e iguais as que ten a policía local no Concello, e de feito hai un traballo complementario que desenvolven os dous corpos, pois cubrindo eses ocos que presentan de efectivos, que é o que leva ao grupo de goberno, que responsablemente voten a favor da moción.

Comparte o señor Duro, co BNG e co Partido Popular que non hai lugar a unha visión tan apocalíptica pola situación da seguridade cidadá da cidade, que mesmo en palabras de distintos mandos, é das mellores de Galicia.

Con todo entenden que os efectivos, dado o actual modelo policial, son necesarios e tamén o son na policía local, e van votar a favor.

Don Francisco Reyes Santiás, agradece o voto favorable de Compostela Aberta cara a moción por eles presentada.

Gustaríalle dicir ao señor Reyes, que como foi cualificada a moción de apocalíptica, engade que a visión do Partido Socialista non é apocalíptica, serán apocalípticos os datos que presenta publicamente a Secretaria de Estado de Seguridade.

Reitera o señor Santiás, que eles non se inventaron os datos. E con respecto a eficacia policial, o grupo Socialista non ten ningunha dúbida, pero esa eficacia policial débese a vontade e ao compromiso dos axentes, a pesares, da falta de recursos e de efectivos.

Con respecto a central de atención telefónica, non lle falen de eficacia administrativa, porque ese é o gran eufemismo que ten empregado o Partido Popular, para xustificar os recortes, o fan na policía, na sanidade e na educación. Eufemismos non, solucións, efectivos e recursos.

E engade o señor Santiás que tamén lle sorprende cando din que a dotación en Santiago é suficiente, cando están dez puntos por riba, da media do déficit do resto da Comunidade Autónoma, e por riba das sete grandes cidades de Galicia.

Con respecto ao modelo de policía, non entran niso na súa moción, eles falan da capacidade de resposta, capacidade de resposta que permita que verdadeiramente se poida contestar neses catro minutos e non en catro veces ese tempo, e falan de capacidade de resposta que non supoña o que supuxo para estes dous axentes, que nunha intervención con lesións tiveron que coller baixa.

Entende o grupo municipal Socialista, que a presenza das forzas de seguridade do Estado, o que fan fundamentalmente, é previr precisamente, a comisión de delitos e faltas que é a parte máis importante do que están a realizar.

Polo tanto, o grupo municipal Socialista entende que os dous puntos da moción están vencellados os dous acordos e por iso manteñen a votación conxunta.

Rematado o debate da moción do grupo Socialista, relativa á Comisaria da Policía Nacional de Santiago, o Pleno da Corporación por 11 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e de Compostela Aberta (2 PSdeG-PSOE e 9 CA), 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular e 2 votos en contra correspondentes ao/a concelleiro/a do BNG, acorda:

1. Instar ao Ministerio de Interior a manter a centraliña na Comisaria de Policía Nacional de Santiago.

2. Instar ao Ministerio do Interior a dotar dos medios humanos e materiais necesarios para o bo ou mellor funcionamento da Comisaría de Policía Nacional da Capital de Galicia.

O Sr. Alcalde, indica que pásase agora a debater a moción do grupo municipal de Compostela Aberta, diante da deportación dun veciño de Santiago a Paraguai que pasa a defender dona Concepción Fernández Fernández.

Dona Concepción Fernández Fernández, comeza a defensa da moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, dicindo que o pasado 22 de novembro tívose coñecemento da resolución de expulsión a Paraguai dun veciño de Compostela, polo procedemento preferente.

Un mozo de dezanove anos que vivía en Santiago dende os cinco anos, que estivo escolarizado en colexios do concello, e xogou nos equipos de fútbol locais e participou dos programas socio-educativos municipais.

Dous meses antes iniciárase un expediente sancionador por estancia irregular, impúxoselle a medida cautelar de comparecencia periódica en comisaría. Medida que o mozo cumpriu, ademais, realizou as alegacións pertinentes explicando a súa condición de veciño de Santiago, xunto co arraigo familiar e social en Galicia.

A pesar de ter realizadas as alegacións e do coñecemento, por parte da administración pública, de que durante anos recibiu protección e apoio socioeducativo dos servizos sociais comunitarios, e que estivo baixo garda e custodia da Xunta varios anos, o 26 de novembro foi expulsado a Paraguai.

Considera o grupo de goberno, que a expulsión deste mozo de Compostela, que deixou aquí a súa nai gravemente enferma e ao seu irmán, é un exemplo da aplicación inhumana e inxusta da lei de estranxeiría.

Unha lei que permite que unha vez perdida a condición de menor tutelado e ao non conseguir unha oferta de traballo estable, como tantos mozos/as, desafortunadamente, neste país, que lle permitirá regularizar a súa situación, perdeu todos os dereitos sociais e sanitarios e pasa a clandestinidade.

Segue a dicir a señora Fernández, que o caso deste mozo compostelán, é un exemplo máis da inxusta e cruel política migratoria que impera nos países europeos, e tamén, é unha mostra das deficiencias do sistema de protección social, que non conseguiu amparar e garantir a saída da zona de exclusión social de moitas familias e persoas con graves problemáticas socio-económicas e de saúde.

Segundo o que recolle o Foro da Migración, no chamamento que fai esta semana de loita contra as fronteiras de bens e dereitos. A lei de estranxeiría é profundamente restritiva e discrecional, conducindo a millares de persoas con contrastable arraigo a situacións de irregularidade sobrevida e a deportacións sumarias.

Considera, polo tanto o grupo de goberno, que é necesario reivindicar mudanzas radicais na lei de estranxeiría e garantir os dereitos das persoas migrantes, en igualdade de condicións que os demais veciños e veciñas de Compostela.

Por todo iso, e en concordancia con mocións aprobadas en pleno en novembro de 2015 e en novembro de 2016, propoñen, a adopción dos acordos que aparecen reflectidos na moción.

Remata dicindo que os acordos primeiro e sexto xa foron aprobados nunha moción o 5 de novembro de 2015.

Dona Goretti Sanmartín Rei, di que cadra perfectamente a moción que se trae ao pleno co espírito de nadal, e así mesmo, coa anterior moción relativa ás forzas e corpos de seguridade.

Engade dona Goretti, que o BNG coincide por completo co contido da moción, é un drama absoluto e total que se expulse a un rapaz a un país que non coñece, a un país que non sabe o que se pode atopar alí, e que se faga dunha maneira, absolutamente, inhumana.

Remata anunciando, que como están completamente de acordo con todo o reflectido na moción, e co que significa a lei de estranxeiría e coa necesidade de facer as modificacións legais necesarias, o voto do BNG será favorable á moción.

Don Francisco Reyes Santiás, comeza dicindo que o grupo municipal Socialista nesta moción vaise abster, e vanse abster por unha cuestión formal, que vai tentar explicar.

Con todo o respecto, porque por parte do partido Socialista sempre son os primeiros que defenden que cada grupo ten o dereito para traer as cuestións a tratar e a debater no pleno, que entendan máis acaídas e por outra banda tamén a maneira de facelo.

Engade, que cando ven no primeiro dos acordos que o grupo de goberno trae ao pleno, que se inste ao grupo de goberno para emprender medidas municipais, entende o señor Santiás, que se o goberno entende que ten que por en prácticas esas medidas que as poña.

Instar á Valedora para que abra un expediente coa finalidade de obter información clara

e precisa sobre as circunstancias que acompañaron a expulsión, o señor Santiás está convencido de que a alcaldía ten capacidade para recadar esa información, sen ter necesidade que dende aquí se inste.

Segue a dicir o señor Santiás, que o resto dos puntos, son temas que xa viñeron a pleno, e se teñen debatido e se teñen votado, e xa se teñen establecidos os posicionamentos dos diferentes grupos, é dicir, en temas de acollida, de atención aos refuxiados, de acceso dos inmigrantes aos servizos sanitarios, o tema dos centros de internamento, etc.

Remata dicindo que por todo isto que acaba de expoñer eles vanse abster na votación da moción.

Dona M^a José Corral López, expresa o rexeitamento absoluto á aplicación arbitraria da lei e o máximo desprezo a calquera vulneración dos dereitos fundamentais.

Expón, que o contido da moción adoece de numerosas imprecisións. O relato de feitos, non responde con exactitude á realidade, e obvia datos, que determinaron ou polo menos precipitaron a acontecido, e inclúe erros competenciais e inexactitudes normativas que alteran notablemente o sucedido, ademais dalgunha acusación expresa ou velada, segundo como se mire, que cuestiona a actuación das forzas e corpos de seguridade do Estado.

Engade a señora Corral, que os sucesos son outros, e por fortuna vívese nun estado de dereito, no que como saben todos/as os/as cidadáns e cidadás, están suxeitos ao cumprimento da lei, e tamén esta, que determina o que cada unha das administración pode ou non facer.

A división de poderes, lexislativo, executivo e xudicial, todos eles, sometidos tamén a lei, veñen a garantir o estado de dereito, de tal xeito, que cada un deles debe respectar a independencia doutro e non invadir as súas competencias.

En verbas de Montesquieu: “no estado no que un home só, ou unha soa corporación de próceres, de nobles, ou de pobo, administrase os tres poderes e tivese a facultade de facer as leis, de executar as resolucións públicas e de xulgar os crimes e as disputas de particulares, todo se perdería por completo.”

Continúa a intervención a señora Corral, e manifesta que ao mellor o anterior que espuxo en relación ás verbas de Montesquieu, ao mellor non ten moito que ver, pero no marco político que se ocupa, hai que facer un exercicio de memoria e contextualización nunca sobra.

Engade a concelleira, que nun estado democrático contase con mecanismos e cauces

legais para instar á modificación das leis, pero mentres non se modifican e están vixentes as que rexen, todos e todas deben cumprilas como cidadáns e asumir as consecuencias do seu incumprimento.

Segue a dicir a señora Corral, e como institución hai que lembrar a separación de poderes e lembrar as resolucións do poder xudicial, que por certo, sempre teñen aberta a posibilidade de ser reconsideradas por vía dos oportunos recursos.

Xa noutras ocasións, tivo ocasión a señora Corral, de manifestar cal era a súa postura en relación a traer ao seo político situación persoais e familiares con procedementos xudiciais abertos, e que afectan moi especialmente, non se refire ao procedemento de estranxería, á esfera máis privada e íntima das persoas e das familias, e engade a señora M^a José, que estas cuestións por moito que beneficiasen ao seu discurso non as ía empregar nunca.

E segue a dicir que esta vez non vai ser diferente, e agradecería que aínda que xa saíu na prensa algún dato sobre conflitos familiares e outras cuestións que non son menores, considera a concelleira, que é mellor absterse de manter un relato manso e florido, ocultando feitos de grande transcendencia, algún deles que foron os que precipitaron á expulsión, porque non se estaría a contar a verdade, e sobre todo, estaría a xerar na poboación estranxeira que vive nesta cidade, un medio infundado e unha interpretación errada da normativa.

Continúa dicindo a señora Corral, que por outra banda, con responsabilidade e respecto se coñece a realidade, e ela pediría que se fose prudente, porque a vida é moi caprichosa, o é tanto, que as veces coloca as persoas, a todos, como vítimas e verdugos ao mesmo tempo, e as vítimas máis vulnerables son aquelas que suman dependencia, presión, e alineación a partes iguais, pensa a señora Corral, que todos/as deberían saber do que se está falar.

No caso particular que fundamenta a moción, e manexando con prudencia a información, cumpriuse a lei, respondeuse a un procedemento regulado, e desenvolveuse con todas as garantías procesuais do estado de dereito, incluíndo, a asistencia a letrado e autorización expresa dos xulgados onde o expulsado tiña causas pendentes.

A normativa de estranxeiría contempla diferentes tipos de autorizacións de residencia, que os estranxeiros en situación irregular poden solicitar para regularizar a súa situación administrativa, sen necesidade de aportar un contrato de traballo, entre estas autorizacións previstas no Real Decreto 557/2011, autorización de residencia aos fillos non nados en España de residente en España, e tamén, a autorización temporal por razón de arraigo, que non esixe aportar contratos de traballo, senón que pode ser

solicitada en relación a vínculos familiares residentes en España, e aportando un informe de arraigo que emitiría o concello no que estivesen empadroados.

Sabe a señora Corral, que a burocracia é engorrosa, tramitar papeleo non é doado, pero iso non exime de ter que facelo. Tamén, é consciente a concelleira que determinados colectivos, deberán ter máis información e axuda para o acceso á tramitación de documentos imprescindibles, e para iso, no concello está a Unidade de Atención ás Migracións (UAMI), cunha función fundamental, informar e asesorar na tramitación de permisos de residencia, de traballo, visados, adquisición de nacionalidade, reagrupación familiar e calquera outros trámites administrativos que o colectivo precise, e cre que se deberían desenvolver mellor as competencias que ten esta unidade, e estar realmente ao carón dos/as veciños/as estranxeiros/as na cidade, en vez de desviar responsabilidades a outras administración, porque asumir as propias fará que todos e todas sexan máis libres e responsables.

Lembra a señora Corral, que a posibilidade de que os/as estranxeiros/as en situación irregular estean suxeitos a imposición de sanción de expulsión do territorio nacional, pois responde a unha obriga como estado membro da Comunidade Europea, existe unha directiva coñecida como a directiva de retorno, que antes na lexislación española, existía a posibilidade de escoller entre unha sanción ou a expulsión do territorio, esta normativa tivo que ser modificada á vista das directivas europeas, e como estado membro España ten esa obriga, no sentido de que hai que ditar unha resolución de retorno contra calquera nacional dun terceiro país que se atope en situación irregular.

Continúa a dicir a señora concelleira, a resolución de expulsión é consecuencia dun procedemento administrativo reglado, previsto na normativa de estranxeiría, iniciado polo corpo nacional de policía, resolto pola Subdelegación do Goberno, no que como non pode ser doutro xeito, era parte o administrado, e podía facer valer os seus dereitos a través das alegacións oportunas.

Este procedemento non durou setenta dúas horas. O lugar da notificación de resolución é irrelevante en canto a súa eficacia, pero en todo caso, non se produce a expulsión por acudir o expulsado voluntariamente á comisaria, e a execución da orde da expulsión contaba coa autorización dos xulgados onde o expulsado tiña causas xudiciais pendentes.

A expulsión non se deriva de non conseguir unha oferta de traballo estable. Non existe constancia de que fíxese xestión algunha encamiñada a regularizar a situación de residencia no país, nin antes nin despois da maioría de idade.

Conclúe a concelleira, dicir que é unha mera falta administrativa de non ter os papeis en regra resólvese coa expulsión do país, non se axusta, en absoluto, á realidade e é

simplificar, con auténtica irresponsabilidade, un problema bastante máis complexo.

Ningunha persoa é detida, deter é privar de liberdade, por cuestión raciais, por moi diferentes que sexan as interpretacións, a práctica está prohibida pola lei de seguridade, e de ser incumplida debe ser denunciada nun xulgado.

Comunicar aos corpos policiais que actúan na cidade o que pretenden na moción, é un auténtico disparate, porque as fórmulas de colaboración das distintas forzas e corpos de seguridade do estado están previstas normativamente, e a aplicación da normativa de estranxeiría por parte dos corpos da policía é uniforme en todo o territorio español, en todo caso, habería que formular esta petición na Xunta Local de Seguridade.

Cando na moción fan relación á Valedora do Pobo, entende a señora Corral, que debe ser Defensora do Pobo, porque é a que ten as competencias, e finalmente a afirmación de que o expulsado estivo detido durante un prazo que superou o legal de setenta e dúas horas, non é baladí, iso é un delito de detención ilegal, e polo tanto, dille á concelleira defensora da moción, que se ela era coñecedora de que se estaba a cometer ese delito e non o denunciou, malo, pero se afirma isto sen sábelo, recórdalle que lle está a imputar un delito ao corpo nacional de policía, un delito de detención ilegal, que á súa vez é un delito de calumnia tipificado no artigo 205 do Código Penal.

Por outro lado, e segundo a información que tivo a señora Corral, houbo asistencia letrada, e non pode nin debe afondar máis. Son temas que requiren a máxima prudencia.

Remata a súa intervención a señora Corral, anunciando que non poden emitir un voto favorable, entre outros motivos, non menor, polos tempos que corren, porque ela non lle pode recomendar a ningún/unha compañeiro/a do seu grupo, nin do resto da corporación, que vote favorablemente a unha moción, a un texto, que subscribe varias acusacións.

Dona Concepción Fernández Fernández, intervén en segunda quenda e dille a señora Corral que en relación a traer esta moción a pleno, que o grupo de goberno pode exercer as accións que considere oportunas, como calquera concelleiro e concelleira.

Recórdalle, así mesmo, á señora Corral que son os do seu grupo, os quepiden que o pleno sexa máis partícipe das decisións do goberno, e que é no pleno onde hai que falar de cuestión que afectan as cidades.

Efectivamente, engade a señora Fernández, que en ningún momento no texto da moción se di que se incumplirá a lei, pero a lei pode ser inxusta e inhumana, e as dificultades para facer algún tipo de alegacións e achegas nun procedemento urxente e asistidos por letrados de oficio é complicado.

En calquera caso, despois da extensa e administrativa exposición de motivos que fixo a señora Corral, queda clarísimo que o seu grupo sempre blindo a quen ten as competencias, e tamén, polo tanto, responsabilidades sexa a Xunta ou Goberno do Estado. Sempre blindan e amparan o establecido, por inxusto e inhumano que poida ser.

Recoméndalle a señora Fernández a señora Corral, que non se deteña nalgún relato de feitos, lea máis versións, e escoite o sábado o Foro Galego da Migración, por exemplo, que traballa todos os días coas persoas que sofren as consecuencias dunha lei de estranxeiría como a que está en vigor.

Dona Goretti Sanmartín Rei, considera que todos e todas teñen que ser capaces de recoñecer que a sociedade avanzou en grande parte, porque se foi capaz de modificar leis inxustas, e porque os cidadáns se opuxeron a leis inxustas, grazas a todo isto, están aquí sentados e sentadas moitas persoas.

Engade, dona Goretti, que o que se fai na moción é instar a diferentes administracións a que muden as leis e as formas de comportamento, iso, non ten absolutamente ningún problema.

Di, así mesmo, que non coñece este caso con detalle, pero non é o caso en si, aínda que poida ser un exemplo máis da inxustiza cometida coa lei de estranxeiría, que é un absoluto despropósito, e cre dona Goretti, que absolutamente todas as persoas que forman parte da corporación, saben que é absolutamente inxusto, que unha persoa que vive aquí dende os cinco anos, que ao final acabe sendo trasladado a un lugar que non coñece, e que non é para nada o seu país.

Pensa, a concelleira do BNG, que ese recoñecemento é o mínimo, e o mínimo será, en todo caso, preocuparse, e se isto non é o que hai que facer, pregúntase que hai que facer para que iso non aconteza, e espera que isto se vexa como responsabilidade de todos e todas no espírito do nadal.

Dona M^a José Corral López, di que ela non ten ningún espírito de nadal.

A concelleira di que cando veu este tema, deuse conta de que se trataba dunha persoa usuaria dos servizos do concello, e ela o primeiro que pensou foi, que puido ter feito cando estivo ao fronte do departamento.

Pensou a señora Corral, que é o que podería ter feito, porque estivo nese departamento, aínda que pouco tempo.

Segue a dicir, que a moción non ten unhas solicitudes claras, pero sen embargo contén

unhas afirmacións, como que unha persoa estivo detida máis de 72 horas, e se fora ela concelleira de servizos sociais, e tendo a UAMI na concellaría, e sabe que un usuario de servizos sociais estivo detido máis de 72 horas, asegúralle que ela non estaría a falar da Valedora do Pobo.

Lembra, así mesmo, a señora Corral os minutos de silencio que se veñen practicando aos inicios de cada sesión plenaria.

Rematado o debate da moción do grupo municipal de Compostela Aberta, diante da deportación dun veciño de Santiago a Paraguai, o Pleno da Corporación por 11 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (9 CA e 2 BNG), 2 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 9 votos en contra correspondentes aos/as concelleiros/as do Partido Popular, acorda:

1. Manifestar o compromiso de emprender medidas municipais en base á legalidade e competencias existentes co obxectivo de garantir que ningunha persoa sexa identificada e detida por cuestións raciais e privada de liberdade polo feito de atoparse en situación irregular. En base a iso, comunicarase aos diferentes corpos policiais que actúan na cidade de forma escrita e mediante os organismos de coordinación existente, a oposición deste Concello á identificación baseada no perfil racial e á detención e traslado aos CIE de ningún veciño ou veciña do municipio (acordo adoptado no Pleno de novembro de 2015).

2. Instar á Valedora do Pobo a que abra un expediente e interveña ante as administracións correspondentes coa finalidade de obter información clara e precisa sobre as circunstancias que acompañaron a expulsión deste mozo e se o estima emitir un informe coas recomendacións pertinentes para garantir os dereitos deste mozo e corraxir as actuacións administrativas contrarias a CEDH, inxustas ou improcedentes.

3. Instar á Xunta de Galicia a elaboración dun plan de atención específico que garanta os dereitos das persoas migrantes, refuxiadas e asiladas para promover a súa autonomía, a través de alugueres de vivendas, mediación lingüística, acceso ó sistema sanitario, educativo e social. Aportando os recursos necesarios tanto sanitarios, de reforzo escolar, de educación inclusiva plena, de tradución, de integración e mediación, de xeito que se combata realmente a súa exclusión social reducindo os atrancos burocráticos que moitas veces atopan.

4. Instar á Xunta de Galicia a Derrogar a Orde do 10 de novembro de 2015 “pola que se regula o procedemento para a emisión do informe sobre o esforzo de

integración da persoa estranxeira no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia”, establecendo, en cooperación cos axentes sociais implicados e coas restantes administracións públicas, un regulamento unificado e claro sobre os procedementos a cumprimentar e os trámites que sexan precisos na integración e convivencia das persoas estranxeiras.

5. Instar á Xunta de Galicia para que garanta que as e os menores nados en países extracomunitarios que nalgún momento da súa vida estean baixo a protección da Subdirección Xeral de Familia e Menores, sexa como tutela ou garda e custodia, poidan asegurar o seu arraigo, o apoio no proceso de inserción socio laboral e a documentación administrativa necesaria para a tramitación da residencia permanente.

6. Instar ao Goberno de España para que cesen as deportacións exprés, mediante as cales a policía deporta a veciños e veciñas do municipio baixo un réxime de detención de 72 horas, sen previo aviso e sen que medie ningún tipo de asistencia letrada (acordo adoptado no Pleno de novembro de 2015).

O Sr. Alcalde, di que a seguinte moción que toca debater é unha moción do BNG relativa a abrir unha nova convocatoria da campaña de distribución de composteiros domiciliarios.

Don Rubén Cela Díaz, comeza a súa intervención dicindo que o Concello de Santiago principiaba en 2003 unha campaña en colaboración con Asociación en defensa ecolóxica de Galicia (ADEGA), para instalación de composteiros nos domicilios particulares.

Nas diversas convocatorias realizadas repartíronse máis 550 composteiros, e que daban lugar a unha bonificación na taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, a petición das persoas interesadas. O único requisito dos fogares era ter un pequeno espazo de horta ou xardín, a última destas convocatorias foi no ano 2011.

Estes recipientes construídos en plástico reciclado e cunha capacidade para 320 litros, son idóneos para tratar a materia orgánica xerada no fogar, o que supón o 50% do lixo.

A compostaxe é un método sinxelo de transformar os residuos orgánicos en compost que se incorpora aos solos e mellora a súa estrutura física, as súas propiedades químicas e microbiolóxicas, xa que logo, a súa fertilidade.

En cada unha destas campañas realizábase unha charla coas persoas adxudicatarias para lles explicar o funcionamento do composteiro e se lles entrega un manual sobre a elaboración do fertilizante.

Logo aos dous tres meses facíase unha segunda visita aos fogares, e logo outra aos seis meses, cando o abono xa estaba formado en condicións para ser usado.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG, solicita ao Pleno da Corporación e que se abra unha nova convocatoria da campaña para a distribución dos composteiros nos domicilios.

Don Francisco Reyes Santiás, di que de novo toca falar de compostaxe no pleno con esta moción que solicita o reparto de composteiros.

O grupo Socialista xa dixo no seu momento que case a metade de lixo que se xera nos fogares é materia orgánica, para este lixo hai dúas posibilidades, a tradicional nos contedores respectivos e a compostaxe.

A compostaxe individual ou autocompostaxe consiste na reutilización dos desperdicios orgánicos que xeran nun fogar a través da súa transformación en fertilizante nun composteiro.

As vantaxes do compostaxe foron tratadas con anterioridade, e así falábase das vantaxes ambientais, como a redución do volume de residuos e do uso de fertilizantes químicos, as económicas, redución da factura do lixo, sociais promovendo a educación ambiental das cidadáns e cidadás.

O primeiro programa de compostaxe domiciliaria realizouse no Concello no ano 2003, repartíronse 150 composteiros.

O segundo reparto fíxose en 2004 e no primeiro trimestre de 2005, repartíndose 93 composteiros.

En marzo de 2006, a Xunta de Goberno Local adxudicou 75 composteiros.

Ao grupo municipal por todas as razóns expostas parécelle axeitado poñer de novo esta medida en funcionamento, non sen antes apuntar e remarcar, que eles pedirían que esta medida non se limite só a distribución de composteiros, senón que consideran imprescindible, unha campaña de informacións aos/as veciños /as cunha axeitada labor educativa e, por suposto, unha tarefa de seguimento sobre os composteiros.

Recorda o señor Santiás, que nun pleno anterior o grupo Socialista advertiu que as claves para elaborar un bo compost, tarefa que ten as súas complicacións, como a temperatura correcta, o grao de humidade, e o proceso de maduración terá que ser vixiado por persoal especializado, que faga un seguimento para asegurar tanto o correcto funcionamento dos composteiros como, así mesmo, poder resolver as dúbidas dos/as veciños/as.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, comeza dicindo que esta iniciativa do BNG segue como é obvio a liña de potenciar a compostaxe a nivel local.

O grupo municipal Popular como xa indicou en anteriores ocasións, é un obxectivo que coincide nesta iniciativa co plan de xestión de residuos de Galicia, aprobado pola Xunta de Galicia, e con vixencia entre 2010 e o 2020, que se está a desenvolver, e que pode influír este incremento da compostaxe na desconxestión do complexo ambiental de SOGAMA en Cerceda.

Por outra parte, esta liña de fomento da compostaxe no concello en colaboración coa asociación ADEGA, como indica o BNG no texto da súa iniciativa ven de lonxe.

Iniciouse cun primeiro programa en 2003, despois outro entre 2004 e principios de 2005 cun segundo reparto, e outro reparto no ano 2006 e outro no ano 2007.

No ano 2011 fíxose unha nova convocatoria doutras 50 unidades, e a última fíxose en xaneiro de 2015 ofertando 100 composteiros.

Froito desa labor continuada no tempo, estímase que ata 2015 se puxeron a disposición da veciñanza arredor de 600 composteiros domésticos.

E dende o ano 2015, e coincidindo coa entrada do goberno actual, non houbo ningunha convocatoria.

Considera o señor Hernández, que é preciso continuar na liña de fomento da compostaxe a nivel individual, como se está a facer a nivel municipal, onde no ano 2012, estando o Partido Popular no goberno, iniciouse un programa para a creación de seis composteiros municipais destinados a obter abono cos restos dos labores de mantemento das zonas verdes do concello.

Remata dicindo o señor Hernández, que van apoiar á iniciativa do BNG, que segue a liña marcada polo acordo unánime do pasado mes de outubro, onde se contemplaba, a implantación dunha taxa diferenciada pola xestión dos residuos que inclúa a rebaixa fiscal por diminución dos mesmos, previa redución vinculada á utilización dos composteiros. Medida que foi posta en marcha fai varios anos e que compre revitalizar,

posto que sen dúbida, vai redundar tamén no progresivo incremento dos índices de compostaxe, e consecuentemente, nunha redución da fracción resto dos residuos xerados nos fogares, e o que tampouco é menor, unha diminución da tarifa que ten que pagar o Concello a SOGAMA.

Don Xan Duro Fernández, comeza dicindo que non acaba de entender esta reiteración dos composteiros, porque xa no pleno do día 20 de outubro aprobouse unha moción do BNG, onde se acordaba iniciar o proceso de implantación, compostaxe individual, comunitaria e quinto contedor.

Informouse naquel momento por parte do concelleiro que lles fala, de que había unha comisión técnica formada cos técnicos municipais preparando un novo prego de residuos, que contemplaba esas tres opcións.

No pleno de 17 de novembro pasado, aprobouse a adhesión á Rede pola compostaxe doméstica e comunitaria.

Di o señor Duro que a vontade do goberno é clara nese sentido, polo que non entende esa reiteración, el entende que é razoable, que si se está desenvolvendo unha proposta de xestión de residuos sólidos urbanos global, que inclúe tres modalidades de compostaxe, ou tres sistemas de compostaxe, a maiores da recollida normal, cre, que o que se debe facer por parte da oposición, é deixar desenvolver o programa, e implantarase a individual, a comunitaria e o quinto contedor, en función das necesidades.

Polo que non entende que haxa que aprobar cada mes unha moción polos composteiros, e anuncia o señor concelleiro, que se van abster, porque isto xa está aprobado dende o mes de outubro.

Don Rubén Cela Díaz, cre que a abstención é mellor que o que se fixo onte no Concello de Pontevedra, que é sumar votos do PSOE, Partido Popular, Ciudadanos e da Marea, para quitar unha partida de 400.000 euros, precisamente, para compostaxe nunha cidade que está ser modélica nese sentido.

Anuncia, o señor Cela, que o BNG deixará de traer propostas neste sentido, cando se vaian modificando as cousas, porque esta semana di que tiveron no local municipal da súa formación, as queixas de dous grupos de veciños diferentes, uns que querían composteiros e se lles dixo dende o propio concello que non había, e outros que se seguen queixando de que reiteradamente teñen posto queixas porque fan esa compostaxe e teñen dereito a bonificación no recibo do lixo e non se está a levar a cabo.

Polo tanto, o BNG, mentres sega a ter queixas dos/as veciños/as seguirán a traer propostas deste tipo.

No caso do plantexamento que se fai de colaboración con ADEGA, faise dende a perspectiva, de que entenden que no pasado deu bos resultados, e cren que os poden seguir a dar no futuro.

Con respecto ao tema dos composteiros, o señor Cela, faría unha distinción entre o que eran composteiros individuais e composteiros comunitarios.

Remata o señor Cela a súa intervención dicindo que para o Bloque Nacionalista Galego, isto seguirá a ser unha prioridade, e seguirán a insistir o tempo que consideren que o teñen que facer.

Rematado o debate da moción do grupo municipal do BNG, relativa a abrir unha nova convocatoria da campaña de distribución de composteiros domiciliarios, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PP, 2 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda abrir unha nova convocatoria da campaña de distribución de composteiros domiciliarios.

O Sr. Alcalde, di que se pasa a debater a última das mocións, e corresponde a unha moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, en relación ao informe dos técnicos municipais sobre a instalación da iluminación do Nadal, que pasa a defender don Francisco Reyes Santiás.

Don Francisco Reyes Santiás, comeza a defensa da moción presentada polo seu grupo, dicindo que o PSdeG-PSOE tivo onte preto das dúas da tarde, constancia da existencia dun informe dos técnicos municipais que poñen en entredito o alumeado instalado pola empresa adxudicataria do alumeado de nadal, Iluminacións Artísticas Salnés, SL.

Entende o señor Santiás, que están ante uns feitos de gravidade, posto que se cuestiona a instalación do alumeado por motivos de seguridade, de feito, existen denuncias sobre a existencia dun tubo con cableado eléctrico no interior da fonte de Praterías, e o seu grupo, descoñece, en primeiro lugar, as medidas que o goberno local ten previsto poñer en marcha e, en segundo lugar, as razóns polas que non se levaron a cabo as tarefas de supervisión da execución do contrato coa empresa dende o minuto cero.

Por todo iso, presentan esta moción de urxencia, e na mesma queren facer determinadas solicitudes ao goberno, que queren que consten en acta:

A primeira, é solicitar o informe dos técnicos, para ter coñecemento exacto do que dicían, e que se faga público o mesmo.

Segundo, é que atendendo a cláusula dezaseis do prego de cláusulas administrativas particulares, nas que se falaba do nomeamento dun técnico para facer o seguimento, a comprobación e o control da seguridade da instalación, preguntan, cando se nomeou o técnico?, e cando o avisaron para que fixera a devandita supervisión? e, por qué o técnico a fixo antonte?.

Qué se contratou, segundo a información xurdida a partir das dúas da tarde de onte, que lle contrataron á empresa Ferrovia, empresa concesionaria do alumado público do concello, a canto ascende o contrato do que lle contrataron?, cómo se vai pagar?.

E en vista de todo iso, plantexan os acordos que figuran no texto da moción.

Don Rubén Cela Díaz, anuncia que vai ser moi breve, e sobre este tema, o único que quere dicir, ou máis ben facer unha recomendación se pode valer para algo a futuro.

Cre o señor Cela, que atendendo a experiencia non só deste últimos, nin dos dous últimos anos, a experiencia dun período de tempo máis prolongado no concello, sería necesario facer unha reflexión ao respecto do tema do alumado público na época de nadal e cun pouco máis de perspectiva.

Considera que en primeiro lugar, sería bo ter un contrato para este tipo de cuestións, plurianual e que abarcase os diferentes momentos do ano, nos que hai que instalar iluminación específica, iso o téñeno outros concellos, o que garante ter todo con maior premura, e ter moitas menos dificultades.

O Sr. Cela non descartaría, que no futuro nos pregos da licitación do servizo de mantemento do alumado público, en xeral, se puidera incluír neses pregos.

Considera, así mesmo, que a futuro tamén sería bo, que neses pregos se puidera ponderar máis a respecto da oferta económica, criterios de tipo técnico, e incluso, estético, para iso a lei de contratos do sector público faculta para habilitar a posibilidade dunha comisión de expertos que poida avaliar os motivos das iluminacións, a integración no entorno, etc.

Polo tanto, cre o señor Cela que sería unha cousa razoable, e outra cousa tamén razoable e da que se leva moito tempo falando, pero que nunca se acaba de concretar, é unha maior integración e participación do tecido comercial de Santiago.

Pode entender o señor Cela, que se gaste diñeiro público na iluminación dende a perspectiva de colaborar co pequeno comercio, para ser máis competitivo en datas deste tipo que son moi importantes para o pequeno comercio con respecto ás grandes superficies comerciais, pero entende, así mesmo, que son os principais beneficiarios deses alumeados, polo que o Concello debería plantexar unha proposta formal a hostalería e ao pequeno comercio de Santiago para que no ano 2018 e nos anos futuros haxa unha participación económica directa do sector no alumeado público, que poida repercutir en mellor calidade e mellor programación de nadal, e que por suposto, sexa copartícipe do deseño a todos os efectos.

Cre don Rubén, que son medidas concretas que se poden habilitar para sucesivos anos, e que poden mellorar esta cuestión.

Non fai estas consideracións con afán de crítica a este ano, nin a fai dous dous anos, pero cre que pode ser mellorable a futuro.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela, manifesta que o Partido Popular expresou publicamente o seu parecer crítico con esta cuestión, non van seguir estendéndose nas mesmas, porque é obvia a irresponsabilidade do goberno, é obvio o descontrol na execución do contrato.

Pídelle, o señor Brunete ao señor Duarte que lle escoite, segue a dicir que é obvia a irresponsabilidade, e o descontrol na execución do contrato, porque na mesma de contratación pedíuselle concretamente ao señor Duarte, que asegurase a seguridade nas instalacións.

En segundo lugar, tampouco van estenderse nas críticas, porque bueno pese a todo o grupo Popular quere ter un detalle de nadal co alcalde, e por iso, non queren insistir nas críticas, porque entenden que a navidade tamén é conmiseración, saben que este ano foi duro para o alcalde, un ano no que a elección do señor Vilares como candidato á Xunta de Galicia, pois supuxo a toma de conciencia do alcalde como destronado príncipe das mareas, un ano no que veu o goberno imputado, un ano no que acabou patinando nas formas, e coas luces apagadas en canto ao fondo, e por iso, non van a insistir nas críticas.

Remata pedíndolle ao señor alcalde, é que manifeste unha maior responsabilidade á hora de garantir a seguridade dos cidadáns.

Don Xan Duro Fernández, di que con respecto a este tema, o Partido Socialista tiña constancia do informe ás dúas da tarde polo que manifestou o portavoz.

Segue a dicir, que el mesmo tiña constancia o luns tanto das irregularidades a nivel de

cumprimento de todas as medidas de seguridade, como da excesiva tardanza na instalacións dos elementos, por esa razón, ese mesmo día as cinco e media ou seis da tarde foi convocada á empresa e se lle ordenou a desconexión inmediata da praza de Praterías, praza do Toural e praza de Cervantes, ademais da fonte de leds que estaba instalada na praza Roxa, porque non cumpría todas as condicións que debera.

Instouse a empresa a que puxera solución a eses asuntos, e cónstalle ao señor Duro que xa están solucionadas as tres prazas e hoxe pola tarde debería quedar arranxada a fonte de leds, e mentres non se soluciona, mantense en pe a orde de non conectala.

Así mesmo, se lle informou a empresa que se lle abría un expediente, tanto por esas faltas de seguridade, como polo retraso na execución do contrato.

Esta mesma mañá o señor Duro volveuse a reunir coa empresa, para reiterar a esixencia, e poñer baixo os técnicos do concello a revisión de todas as instalacións, e iso é o que se está a facer.

Considera o señor Duro, que se actuou con dilixencia, con axilidade, tendo presente a seguridade e o ben do conxunto da cidadanía, que tinar montar un circo político, e réditos electorais dun asunto que como pode saber calquera persoal que xestionase un concello, pois ás veces as empresas cumpren e as veces non cumpren.

Don Francisco Reyes Santiás, quere saber cando se lle abriu ese expediente a empresa, porque non se dixo, e se tivo coñecemento o 12 de decembro, é dicir o luns, porque non se comunicou o feito, e porque se tivo que esperar a que o Partido Socialista denunciara publicamente a situación na existencia dese informe, e porque non se fixo público antes, incluso, o contido do informe.

Dille o señor Santiás ao señor Duro, que non é un circo cumprir a responsabilidade que a cidadanía lles encomendou para fiscalizar a acción do goberno, e neste caso, para tomar en serio a seguridade do patrimonio e moitísimo máis importante, a seguridade dos cidadáns e das cidadás.

Continúa a dicir o señor Santiás, que non é circo exercer a responsabilidade, cumprir co compromiso, o grupo Socialista o que espera, é que toda a batería de preguntas que fixeron se lles contestasen.

Remata o señor Santiás, solicitando ao grupo de goberno que se lles conteste as súas reclamacións de información.

O Sr. Alcalde, anuncia que o grupo de goberno vai votar a favor, porque entende que se foi dilixente, e non se actuou a consecuencia da denuncia o PSOE, e se preguntaran ao

señor Duro, xa lles tería entregada o inicio do expediente sancionador á empresa.

E se lle dará cumprida resposta a todo o que o señor Reyes pide.

Rematado o debate da moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, en relación ao informe dos técnicos municipais sobre a instalación da iluminación do Nadal, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda:

1. Adoptar as medidas necesarias para garantir a seguridade na montaxe da iluminación do Nadal.

2. Iniciar a apertura dun expediente á empresa Iluminacións Artísticas Salnés, SL, concesionaria das instalacións eléctricas temporais para alumeados festivos nas rúas, prazas e espazos públicos do casco histórico, do Ensanche e das parroquias durante as festas de Nadal 2016, co obxecto de verificar o cumprimento dos pregos do contrato.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 22:05 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente, O secretario xeral do Pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: Fco. Javier Castiñeira Izquierdo